


Daniel García Ramos

A reafirmación en nós mesmos





Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística



IRMANDADE
XURÍDICA GALEGA



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Xustiza

© dos textos: os autores

© da publicación: Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística

Edita: Pío García Edicións

Coordinación: Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero


Deseño e maquetación: Pío García

Deseño portada: Nerea Otazo

Imprime: Gráficas Pomba

Depósito Legal:

GALEGUIZAR GALICIA





PRÓLOGO

A Irmandade Xurídica Galega, amais de promover o fomento do uso da lingua galega nos procedementos procesuais, quere tamén reivindicar a memoria de todos aqueles xuristas que tiveron un compromiso con Galicia: a lingua, a idiosincrasia cultural dos galegos, a existencia dun dereito consuetudinario, foron referentes polos que demostraron respecto nas súas actividades profesionais.

Grazas ao compromiso que estes xuristas tiveron con Galicia, puidéronse superar vellos atavismos que actuaban como pexas no desenvolvemento social e económico dun pobo, por mor dun réxime xurídico que mantiña estruturas feudais. As loitas antiforais e os movementos agraristas foron promovidos e asistidos por moitos deses xuristas: Manuel Lezón, Lois Peña Novo, Lois Porteiro Garea, Roberto González, Arturo Noguerol Buján, Manuel Banet Fontenla, Roberto González Pastoriza, Valentín Paz-Andrade, Carballal Pernas, Sebastián Martínez-Risco, Fermín Bouza Brey, Manuel Casado Nieto... foron protagonistas de excepción no redencionismo agrario e tamén na reivindicación da lingua galega nos usos xurídicos. Forma parte desta nómina tamén o maxistrado Clau-

PRÓLOGO

dio Movilla Álvarez, xuíz progresista e autor da primeira sentenza en lingua galega (1985), despois de catro séculos de marxinación na Administración de Xustiza.

O pasado ano, a Irmandade Xurídica Galega reivindicou a figura de don Sebastián Martínez Risco, maxistrado e mestre dunha escola galega de xuristas, labor profesional que simultaneou coa presidencia da Real Academia Galega. O seu inxente labor intelectual deixou no ámbito do Dereito unha pegada inesquecible. En 1972 pronunciou unha conferencia en Vigo na que, malia as circunstancias políticas, expresou con rotundidade a necesidade de incorporar a lingua galega nos procedementos xudiciais, por considerar que deste xeito os xustizables e os cidadáns, en xeral, exercían un dereito que aínda que as leis non llelo recoñecían, si o facía a realidade social e cultural de Galicia. A don Sebastián Martínez Risco tributoulle a Irmandade Xurídica Galega a homenaxe póstuma merecida no acto celebrado no mosteiro de Celanova en 2008 coa publicación do “Sebastián Martínez Risco. Mestre de xuristas” no que se recollían traballos seus e dalgúns dos seus discípulos.

Este ano a Irmandade Xurídica Galega quere facer outro tanto co maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, don Daniel García Ramos, co gallo do décimo cabodano do seu falecemento. Porque foi don Daniel o inspirador dun movemento de regaleguización da xustiza tanto en canto era membro da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia.

Home dotado dunha espléndida intelixencia, que soubo utilizar coma ninguén para interpretar axeitadamente a norma xurídica, foi merecente de moitos recoñecementos públicos. Seu foi o mérito de celebrar a primeira vista oral do Tribunal Superior de Xustiza en lingua galega, sen descoidar a previsión legal de contar cun tradutor para non provocar indefensión xurídica das partes e testemuñas. Como teórico do dereito as súas achegas para a compilación do dereito civil galego, formando parte da comisión promovida polo Parlamento de Galicia, dan mostra dos moitos coñecementos que tiña das nosas institucións xurídicas. Foi un dinamizador brillante e eficaz do proceso de normalización lingüística, participando activamente en congresos e como conferencian-

te, sen esquecer os seus estudos xurídicos sobre o alcance da cooficialidade lingüística. García Ramos forma parte xa desa pléiade de xuristas galegos que alentaron a nosa identidade como pobo diferenciado, exercendo o seu maxisterio con fundamento científico e acendido verbo.

Irmandade Xurídica Galega



DATOS BIOGRÁFICOS



DATOS BIOGRÁFICOS

Daniel García Ramos nace na Baña en 1933. Os seus pais, mestres de escola, tres anos despois trasládanse a Mercende, a poucos kilómetros da capital do concello; unha parroquia como outras moitas de Galicia, onde a calidade de vida, os escasos recursos dos seus moradores dedicados á labranza e a falta de luz eléctrica, ensombrecían a vida.

Como tantos nenos da época, Daniel García Ramos acabaría ingresando no seminario de Santiago. Andrés Torres Queiruga, que fixo a súa louva cando a Fundación dos Premios da Crítica o nomeou “Galego



Universidad de Santiago

Facultad de Derecho

FICHA ESCOLAR

CURSO DE 1952 A 1953

Derecho Canónico

(Asignatura)

Daniel García Ramos - Algalia de Arriba, 31, 2º
(Nombre y domicilio del alumno)

Oficial
(Oficial o libre)

19 años
(Edad)

Juan García Amigo - La Baña (P. de La Coruña)
(Nombre y domicilio del padre o encargado)



ASIGNATURAS YA APROBADAS

ASIGNATURAS YA APROBADAS

Asignaturas

Universidad

Calificación


Asignaturas

Universidad

Calificación

| Asignaturas | Universidad | Calificación |
|--------------------------|-------------|--------------|
| Derecho Romano | Santiago | M. de H. |
| Derecho Natural | " | M. de H. |
| Historia del Derecho, 1º | " | M. de H. |
| Economía Política | " | sobresal. |
| Derecho Político | " | notable |
| Religión, 1º | " | M. de H. |
| Educación Política, 1º | " | M. de H. |
| Educación Física, 1º | " | aprobado |

(Vuelta)





Egrexio” en 1996, di que acabado o primeiro de Filosofía, Daniel sae do seminario, sen rupturas íntimas, pero decidido e aberto a unha nova andaina. “Se antes as notas eran meritissimus, case que sen excepcións, agora na reválida do Xelmírez serán matrículas e Premio Extraordinario”. Con tales calificacións licenciouse en Dereito, exercendo a docencia como profesor adxunto durante oito anos.

Durante estes anos sucederá o seu espertar á inquenda social, chegando a ser presidente das Xuventudes Universitarias de Acción Católica.





Emigra a Madrid, onde estuda Dereito Internacional como bolseiro e alí participa nas mobilizacións estudiantís propiciadas pola destitución do profesor Joaquín Ruíz Giménez, que convulsionan a universidade, coa morte dun estudante.

Axiña decide volver para Galicia. En Ourense traballa como avogado en Sanidade, pero ao pouco vai para Santiago como profesor adxunto á cátedra de Economía e Facenda, cando as fervedoiras revoltas do ano 1968. Estes anos marcárono para sempre. O contacto coa realidade cultural e política que se vive en Galicia producirá un cambio sustancial no seu pensamento.

En 1974 gaña a oposición á xudicatura e vai destinado a Bande, en Ourense. Alí permaneceu varios anos. Foi un tempo de madurez, de reflexión profunda sobre a identidade galega. Foi durante eses anos nos que xermolou no seu ser o propósito inquebrantable de traballar por Galicia e de o facer en galego. “Alí –deixou escrito–, naquel anaco da extrema Galicia ourensá, raiana por enteiro coa nación irmá, sintoniceí coa realidade rexa da Galicia rural, a que encarna unha xenuína autenticidade, e, quizais tamén, a desgarradora marxinación. A historia da nosa Terra estaba presente: nos castros celtas, na romana vía bracarense, na visigótica igrexa de Sta. Comba de Bande, na singular beleza da conformación xeográfica do Partido Xudicial: o alto do Vieiro, máis aló da Celanova de Curros; as serras do Xurés e de Sta. Eu-









femia, a placidez do río Limia ao seu paso polo Lindoso; as chairas de Lobeira e de Vereá; os bancais de Entrimo; as augas termais de Baños e de Riocaldo; o Couto Mixto en Calvos de Randín e Muiños, que evoca unha comunidade que perdurou en peculiar forma de enclave xeográfico, onde Galicia e Portugal coincidían e se delimitaban nas terras da Raia, como marabillosamente narra Méndez Ferrín na súa obra 'Arraianos'. Si, foi a vivencia profesional que máis me fixo sintonizar coa Galicia que eu chamaría das esenciais máis patrimoniais."

A Estrada, Ávila, Bilbao... foron algúns dos seus destinos profesionais. Foi precisamente en Bilbao onde constatou a realidade dun Pobo que se esforzaba en

manter os seus sinais de identidade, promocionando e impulsando o progresivo emprego –non sempre doado– da súa Lingua. “Lembro –cóntanos o propio Daniel– que o mesmo día que tomei posesión do cargo, un cualificado funcionario de Política Lingüística do Goberno Basco visitoume para expresar o desexo oficial de acadar de min a máxima sensibilidade ante o exercicio dos dereitos lingüísticos dos cidadáns de Euskadi, facilitándome nesta tarefa –ante as miñas obvias dificultades– a permanente presenza dun lingüísta que facilitase o cumprimento desta miña obriga; de certo que, nas illadas ocasións en que se usou o eusquera, facilitei ao máximo o trámite procesual; a iso obrígábanme as miñas propias convicións e o respecto á comunidade á que servía.”





Pero foi en Ourense (1984), no seu paso pola Audiencia Provincial, onde a súa alma, tinguida dese sentimento indefinido –e quizais indefinible– que é a morriña, aprexou a conciencia de galeguidade.

Constituído o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (1990), accedeu a súa Sala do Civil e Penal. Circunstancia que aproveitou porque “parecíame que isto me brindaba un abano de maiores posibilidades de vencellar a miña función xurisdiccional ao servizo dos meus concidadáns, de conxuntar os meus ideais coa realidade social galega, de procurar –desde a miña modesta posición– o achegamento da Xustiza ao Pobo, cronicamente del afastada e a el allea”.

Pertenceu á asociación profesional Xuíces para a Democracia, e foi un activo militante da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística. Participou no desenvolvemento dun corpus doutrinal inspirador da normalización lingüística que se recolle nalgunhas publicacións: “O status xurídico do galego” e “A normalización do galego na administración de xustiza”.



ESTUDO

O RÉXIME XURÍDICO DA LINGUA GALEGA

Daniel García Ramos

*Maxistrado do Tribunal Superior
de Xustiza de Galicia*

Tres son os apartados que conforman o meu esquema expositivo:

- I. Referencia histórica aos factores socio-políticos determinantes da realidade idiomática en Galicia.
- II. Actual “status” xurídico da lingua galega.
- III. Sucinta avaliación da asunción do proceso normalizador por parte das institucións galegas.

I. Factores socio-políticos conformantes da nosa realidade idiomática

Unha das grandes creacións do pobo galego é a lingua –a súa lingua– froito da loita do espírito por acadar a súa propia identidade colectiva, unha expresión verbal xenuina. Verbas que tomo –en lembranza emocionada– de D. Ramón Piñeiro.

Terra e lingua son as dúas raíces máis profundas da comunidade social galega; as que lle dan conciencia da súa identidade e da súa unidade, tanto para os que vivimos no propio País como para tantos e tantos que tiveron que abandonalo para ir vivir –e quizais, morrer– en terras alleas, e, moitas veces, de lonxe. É, por isto, polo que a lingua non soamente é un dereito individual, senón que tamén é –sobre todo–, a meirande e máis profunda expresión da realización histórica do Pobo Galego, ao constituir a cerna e a sabia da súa personalidade, da súa irrenunciable razón de ser como tal Pobo, fronte a todo e a todos, ante o seu propio destino, que con frecuencia se amosa, na nosa historia, como fado –non doado– de manter a nosa identidade cultural, social e, mesmo, territorial. Deste xeito e en tales momentos cingue-

se aquel destino á adversidade da incomprensión, do descoñecemento e –cantas veces– da aldraxe e da inxustiza ante a noxenta marxinação e opresión derivadas dunha dominación política, inmanente a unha secular concepción centralista.

Neste marco histórico e sociolóxico hase centrar a perspectiva xurídica da nosa realidade idiomática.

A primeira premisa –que corroboran os historiadores e os sociolingüistas– é que o galego foi lingua secularmente asoballada, que –pola súa constante e despectiva marxinação– xerou ese compoñente psicolóxico, non só a nivel individual senón tamén colectivo, dunha infraestimación cultural. A gravidade do constatado é tanto máis trascendente canto que afecta á nosa dignidade e orgullo como Pobo, que, aínda así e todo, reaccionou, nos seus niveis sociais menos privilexiados, acadando o que podemos calificar de “milagre idiomático”; a conservación e a supervivencia da nosa lingua fronte á descomunal agresión da que foi obxecto durante séculos. Aquel milagre concrétase nun significativo feito, estatisticamente demostrado: o 97% da poboación en Galicia fala ou entende o galego.

En canto ao seu status xurídico, unha ollada retrospectiva á nosa historia máis próxima móstranos que foi a Constitución republicana o primeiro paso legal, malia que tímido, no recoñecemento oficial da realidade multilingüística do Estado español.

Sen embargo, os séculos escuros –agás o lóstrego de esperanza subliñado– tórnase aínda máis tenebrosos –se isto fora posible (longa noite de pedra, que diría Celso Emilio)– no dilatado período autoritario, do que aínda hai apenas dous lustros logramos saír; e durante o cal, con sórdido e sistemático ataque ás linguas e ás culturas dos pobos con entidade histórica no territorio do Estado, pretendíase esnaquizar a súa personalidade e auto-conciencia dos seus respectivos cidadáns. Todo iso coa inxente máquina dun raseiro aniquilador e uniformizador do que Galicia foi cualificada vítima.

II. O idioma galego e o actual ordenamento xurídico

A. CONSTITUCIÓN ESPAÑOLA

No seu Preámbulo, como unha das ideas-forza que se asumen como inspiradoras do texto constitucional, proclámase a de PROTEXER a tódolos españois e pobos de España no exercicio dos dereitos humanos, das súas culturas e tradicións, cas súas linguas e institucións. En concordancia con tal proclama, dispón o art. 3:

1. O castelán é a lingua española oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Establece este precepto constitucional o modelo lingüístico do Estado español, consagrando un bilingüismo oficial; o do castelán en todo o ámbito territorial do Estado, e, simultaneamente –en plano de igualdade (segundo veremos)– o das diversas linguas españolas con respecto aos territorios das respectivas comunidades con idiomas de seu. Sen ánimo de esgotar as cuestións hermenéuticas que suscita o devandito precepto, cómpre salientar, como máis importantes, as seguintes:

No que atinxe ao parágrafo 1º, dous son os aspectos aos que nos imos referir:

a) “O castelán como idioma oficial do Estado español”. Segundo o T.C. (S.nº 82/1986) “aínda que a Constitución non define –senón que dá por suposto– o que sexa unha lingua oficial, a regulación que fai da materia permite afirmar que é oficial unha lingua –independentemente da súa realidade e peso como fenómeno social– cando é recoñecida polos poderes públicos como medio normal de comunicación en e entre eles e na súa relación cos suxeitos privados, con plena validez e efectos xurídicos (sen prexuízo de quen en ámbitos específicos, como o procesual, e

a efectos concretos, como o de evitar a indefensión, as leis e os tratados internacionais permitan tamén a utilización de linguas non oficiais para os que descoñezan as oficiais). Esto implica que o castelán é medio de comunicación normal dos poderes públicos –e antes eles– no conxunto do Estado español”. Deste pronunciamento do T.C. dedúcese:

1. Que este concepto de oficialidade (referido no caso concreto ao castelán) é aplicable, con tódalas consecuencias legais, ás restantes linguas oficiais do Estado no respectivo ámbito territorial da súa vixencia.

2. O criterio determinante da calificación dunha lingua como oficial vén dado por un dato xurídico, e non polo sociolóxico.

3. A nota esencial da oficialidade radica na plena validez e eficacia xurídicas dos actos expresados -oralmente ou na escrita- no tal idioma.

b) Significado da expresión “deber de coñecer” (o castelán). Con baseamento na propia tese do T.C. (S.

n.º 82/1986, reiterada na n.º 84/1986), tal deber de coñecemento quere dicir que só do castelán se establece constitucionalmente un deber individualizado de coñecemento, e, con el, a presunción de que tódolos españois o coñecen. Agora ben: que alcance ten tal presunción? Segundo a xeneralidade de tratadistas –así Puig Salellas, Cobreros Mendazona e outros– as consecuencias de tal obriga constitucional concrétanse:

1. No ámbito do ensino, comporta a necesidade de que o castelán figure nos plans de estudo das CC.AA. con lingua propia.

2. No ámbito xudicial e administrativo, implica:

- A imposibilidade de ignorar as disposicións ou resolucións publicadas soamente en castelán.

- A imposibilidade, en principio, de pedir a tradución ao galego dun texto redactado ou dunha manifestación feita en castelán.

Disto conclúese –en palabras de Puig Salellas, co que coincidimos plenamente– que “nin a condición do castelán como lingua oficial do Estado nin o seu coñecemento obrigatorio poden anteporse ao dereito de elección idiomática do cidadán, nos territorios con dobre oficialidade”. De modo que, sexa cal sexa a administración coa que se poña en contacto o cidadán, quen ten o dereito de elección de lingua é este. Dereito de elección que non pode ser conculcado, nin tan sequera erosionado, por unha eventual posición negativa do funcionario perante o que compareza, baseada naquel coñecemento obrigatorio, pois na relación administración/administrado, o único elemento individual relevante é o administrado (o cidadán), de xeito que o funcionario deberá ser visto sempre como diluído no concepto global de Administración; e esta (a Administración, sexa a autonómica sexa a periférica do Estado, e quero remarcar, a Administración periférica do Estado), ten o deber constitucional como tal Administración de coñecer ámbalas dúas linguas oficiais; no noso caso: o castelán e o galego. A teor do exposto é obvio que a obriga de coñecemento do castelán non se pode extralimitar fóra do ámbito e con outros efectos que os

apuntados. Ata o punto de que por un grande sector doutrinal –unanimemente polos tratadistas das nacionalidades– tal obriga de coñecemento do castelán excusaba de ser explicitada, pois só se explica ora como unha reticencia de imposición idiomática a prol do castelán ora, en todo caso, como algo superfluo ou pleonástico que en máis dun caso pode conducir a consecuencias rexeitables. Isto leva a dicir a Cobreros que “unha intelección desviada da obriga do coñecemento do castelán pode levar a que os poderes públicos non se adapten ás esixencias da dobre oficialidade, e continúen, –animados pola forza da inercia–, polos mesmos eidos e do mesmo xeito, coma se nada ocorrera trala promulgación dos Estatutos das respectivas autonomías... O derradeiro resultado pode ser –a vista está o perigo– unha oficialidade doutras linguas enormemente desvirtuada”.

Do parágrafo 2º: “As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus estatutos”, estanse a desprender as seguintes conclusións:

Segundo o precepto constitucional, no territorio onde se dá a dobre oficialidade, a situación das dúas

linguas oficiais (no noso caso, o castelán e o galego), a situación –repto– de ámbalas dúas é de fundamental equiparación; así resulta da expresión gramatical do texto constitucional, ao precisar o carácter de cooficialidade co adxectivo “tamén”. Xa que logo, esta afirmación **de igualdade** non é soamente unha nota conceptual, senón que é –ten que ser– unha nota e imperatividade práctica, que se deriva de dúas connotacións: a **de autonomía**, en canto que cada unha das dúas linguas é oficial **por ela mesma**, de xeito que, en principio, se rexeita a imposición de textos dobres, coas específicas salvidades ás que logo aludiremos, e a **de indivisibilidade**, en canto que cada unha das dúas linguas é oficial en todo o territorio da comunidade autónoma e en tódolos ámbitos de actuación posibles, sen exclusión. Isto quere dicir, obviamente, que a dobre oficialidade tamén se proxecta, –vinculándoa–, á Administración periférica do Estado. Con palabras similares, entende Cobreros que “esta oficialidade da lingua propia –unha vez recoñecida no respectivo Estatuto– éo na comunidade autónoma, é dicir, afecta e vincula a tódolos poderes públicos sitos nela”. Non é unha oficialidade da C.A. entendida como relativa aos órganos privativos ou

específicos de tal organización (distinta do Estado central) exclusivamente, senón que afecta, tamén, ás restantes Administracións Públicas, isto é: tradicionalmente chamada Administración periférica do Estado (cos seus organismos autónomos, e, así mesmo, á Administración local e á Administración corporativa en tanto en canto actúe en funcións públicas); afecta tamén aos órganos do Poder Xudicial residenciais no seu territorio, á Administración militar, e, mesmo, á Igrexa en canto a súa actuación revista eficacia xurídica, segundo o ordenamento vixente (pénsese no ámbito do Dereito matrimonial, tanto extraxudicial –celebración de matrimonio– coma contenciosos procesos de nulidade e separación).

Esta conclusión aparece refrendada polo T. C. (SS. Nº 82/1986 e nº 123/88, entre outras); afirmándose, por exemplo, na derradeira citada que “nada impide, en principio, según la doctrina general sentada por anteriores decisiones sobre la cooficialidad, que se extraigan las consecuencias de dicho principio con todas las Administraciones Públicas, sin que a ello sean una excepción las Fuerzas Armadas”. En termos concisos, cómpre insistir en que é unha dobre oficia-

lidade **na C.A.** , non **da C.A.**; reafírmase, así, o criterio de territorialidade do sistema lingüístico de dobre oficialidade, categoricamente sentado polo T. C.

Do inciso “de acordo cos seus Estatutos”, en relación coa fixación e caracterización da nota de oficialidade (de cooficialidade), derívanse as seguintes consecuencias:

1. Peculiar rango xurídico dos estatutos de autonomía como legalidade complementaria constitucional (na terminoloxía do T.C. como legalidade integrante do bloque de constitucionalidade).
2. Como consecuencia da anterior premisa, a atribución exclusiva ao poder político autónomo (neste caso, o galego) da determinación do réxime básico da cooficialidade do galego; en palabras máis explícitas: atribución ás institucións da C.A. da competencia para a regulación xurídica da dobre oficialidade no seu territorio. Esta premisa é de trascendental importancia –dada a postura hostil pero infundamentada que na materia adopta o Po-

der Central, xeradora dunha inxustificada conflictividade– e é categoricamente recoñecida polo T. C. (S. nº 82/86), segundo o que “el art. 3 n.º 2 de la Constitución remite la regulación de la oficialidade de las lenguas españolas distintas del castellano a los estatutos de autonomía de las respectivas CC.AA., y, sobre la base de estos, a sus correspondientes órganos competentes, con el límite que puede proceder de reservas constitucionales expresas”. E para seguir afirmando que “los estatutos contienen, de esta suerte, mandatos a las correspondientes instituciones autonómicas para regular la cooficialidad de las lenguas propias de las respectivas CC.AA.; puede la C.A. determinar el alcance de la cooficialidade... correspondiendo a la Administración estatal la ordenación concreta de la puesta en práctica de aquella regulación legal en cuanto afecte a órganos propios”; e insiste: “puede la C.A. enunciar el derecho de los ciudadanos de usar cualquiera de las dos lenguas ante cualquier Administración en la Comunidad respectiva con plena eficacia jurídica; y junto a este enunciado pue-

de la comunidad autónoma enunciar, asimismo, el consiguiente deber de todos los poderes públicos (estatales, autonómicos y locales), radicados en la Comunidad, de adaptarse a la situación de bilingüismo constitucionalmente prevista y estatutariamente establecida”.

Finalmente, o 3º parágrafo do art. 3 da Constitución consagra o respecto e protección das lingua minoritarias; debéndose salientar que este precepto non se limita a un mero compromiso moral do Estado, senón que implica –ex constitutione– unha dobre obriga de dispensar: RESPECTO (en canto eliminación de calquera actitude discriminatoria ou que implique, directa ou indirectamente, un obstáculo á dobre oficialidade real, non só formal) e, ademais, PROTECCIÓN, isto é, participar no impulso normalizador, asumindo a súa débeda histórica contraída na secular marxinación, e, ás veces, aldraxante actitude de hostilidade fronte ás culturas e linguas minoritarias. **Respecto e protección** que han ser predicadas e esixidas, sen dúbida, da propia Administración periférica no respectivo territorio. Asemade, cómpre sinalar –e denunciar neste momento– as reiteradas

reaccións da Administración do Estado que evidencian xa non reticencias senón aberta aversión ao proceso normalizador. Cando, pola contra, é obriga do Estado asumir unha acción de fomento, de **tutela positiva**, como diría Pizzo-Russo, a prol das linguas que teñen unha inicial condición desfavorecida fronte á privilexiada posición do castelán, como lingua de imposición política.

B. ESTATUTO DE GALICIA

Aprobado mediante referendo do corpo electoral das provincias galegas, celebrado o día 21 de decembro de 1990; convertido en Lei orgánica nº 1/1981, do 6 de abril.

Cómpre destacar, como preceptos substanciais que configuran o bloque constitucional do ordenamento idiomático, os número 1 e 2 do art. 1º do Título Preliminar, que dispón:

1. Galicia, nacionalidade histórica, constitúese en C.A. para acceder ao seu autogoberno, de conformidade coa Constitución española e co

presente Estatuto, que é a súa norma institucional básica.

2. A C.A., a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego.

Como consecuencia, dispón o art. 5º:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.

2. Os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

1. O carácter de lingua propia

Maniféstase como nota trascendente que o art. 5 –que deseña o modelo lingüístico en Galicia (en relación co art. 3.2 da Constitución)– fai figurar illadamente en un primeiro lugar (nº 1 de art. 5), o carácter do galego coma lingua propia de Galicia. Este concepto –segundo palabras de Puig Salellas– implica unha íntima conexión, unha identificación básica, entre lingua e sociedade.

Sociolóxica e xuridicamente, o carácter de lingua propia do galego proclamado no Estatuto constitúe unha asignación de valor –un elemento axiolóxico– de especial relevancia, xa que, ao afirmar esta identificación entre lingua e sociedade, transcende dunha dimensión persoal ou individualista para se converter nun elemento estrutural colectivo, no sentido de que unha sociedade concreta, ao dispor dun vehículo idiomático característico (propio dela), se individualiza a través do uso dunha lingua (da súa lingua), converténdose nunha realidade histórica actuante con categoría de Pobo, e coa forza inmanente dun poder aglutinador como identidade colectiva con vontade de diferenciación fronte a todo e a todos. Dedúce-

se así unha conclusión de trascendencia para a nosa identidade e, mesmo, para a nosa conciencia colectiva de Pobo: a lingua propia –a nosa lingua–, O GALEGO, é unha realización histórico-sociolóxica, cunha realidade metaxurídica; pola contra, o concepto de oficialidade é unha nota meramente formal, xurrida dunha vontade política de imposición; e, por iso mesmo, allea, –exherente– á realidade da sociedade na que se proxecta. Desta conclusión, inexorablemente, dérivase outra: a normalidade idiomática soamente se acada cando lingua propia e lingua oficial sexan as mesmas.

2. O galego como lingua oficial

O n.º 2 do art. 5 do Estatuto establece que “os idiomas galego e castelán son oficiais de Galicia”. Este precepto leva ás seguintes conclusións:

1. A declaración de cooficialidade determina unha plena e absoluta equiparación xurídica de ámbolos dous idiomas.
2. A oficialidade do galego delimítase con referencia ao ámbito territorial de Galicia (carác-

ter de lingua oficial en Galicia), sen exclusión ningunha, e, polo tanto, afecta a tódolos poderes públicos nela sitios, incluíndo á Administración periférica do Estado (así o recoñece o T.C. na S 84/1986, sobre a Lei de Normalización Lingüística do Galego).

3. O último inciso deste nº art. 5, “todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar”, consagra o dereito de coñecemento de ambas linguas en plano de igualdade (cuestión sobre a que incidiremos máis detidamente); e consagra, así mesmo, o dereito a tódalas iniciativas –públicas e privadas– destinadas a estender e favorecer o coñecemento do galego.

3. Progresiva normalización da lingua

O n.º 3 do art. 5º consagra, dunha parte, a obriga dos poderes públicos de garantiren o uso normal e oficial dos dous idiomas; asemade, e con relación ao galego, a obriga de o potenciar en tódolos planos culturais; finalmente engade a obriga de dispor os medios necesarios para facilitar o coñecemento do galego.

Nidamente se desprenden deste precepto as seguintes consecuencias de imperatividade xurídica:

a) Tódolos poderes públicos de Galicia (tanto as institucións autonómicas coma a Administración do Estado ubicada en Galicia) teñen a obriga de garantir o normal uso de ámbolos idiomas. Quere dicir isto que tamén o Estado debe afrontar o proceso normalizador do galego; de tal xeito, di o mesmo T.C. (S. nº 82/1986) que se a utilización dun idioma cooficial dunha Comunidade (o galego, no noso caso) pode ocasionar dificultades no seo da Administración –tanto estatal como autonómica–, tales dificultades son resultado dunha decisión constitucional e non poden ser motivo para converter a esta en irrelevante.

b) A cláusula da progresividade no proceso normalizador (segundo terminoloxía do T. Constitucional) non pode esgrimirse como “patente de corso” para que a Administración (autonómica e periférica) perpetúen o seu funcionamento monolingüe.

c) Fronte aos tres tipos de actitude oficial ante unha lingua, que segundo a formulación de Kloss se estereotipan en actitudes –de represión, de simple tolerancia e de fomento–, é esta última a que ha ser asumida polos poderes públicos en Galicia, por mandato constitucional e estatutario. Teremos ocasión, logo, de avaliar a real actitude da Administración neste aspecto.

4. Principio de non discriminación

No derradeiro n.º –o 4– di o art. 5 do Estatuto: ningún poderá. Centramos a nosa análise no aspecto da existencia de coñecemento das lingua oficiais para o acceso á función pública. Cuestión na que nos deteremos con certa énfase, por ser unha das que máis conflictividade xurídica está a presentar; e, ¿por qué non dicilo?, representa unha faciana do proceso normalizador onde a Administración do Estado, a nivel central e, mesmo, periférico, amosa uns criterios reticentes e entorpecedores, e, xa que logo, unha carencia absoluta de sensibilidade ante as linguas propias.

Aquela esixencia de coñecemento das dúas linguas oficiais (galego e castelán) poderase facer efectiva ben como un requisito de acceso á función pública no territorio da comunidade respectiva ben co carácter de mérito –concorrente ou preferente–. A razón desta aseveración fundaméntase nos preceptos legais (constitucionais e estatutarios) anteriormente citados, con sustentación, asemade, nas seguintes razóns xurídicas:

1. Nas oposicións e concursos que se celebren nos territorios con dobre oficialidade é absolutamente legal –e plenamente constitucional– que, coma un requisito máis, se lles esixa aos participantes o coñecemento da lingua propia, por ser isto unha consecuencia da dobre oficialidade; por isto mesmo, ningún alcance discriminatorio se pode predicar de tal esixencia. Tal requisito debe situarse na liña de servizo que é nota conformante de toda actuación administrativa; a cal non pode impedir nin, mesmo, dificultar o dereito de elección idiomática do cidadán; dereito do cidadán que xera o correspondente deber legal do funcionario,

xa que mal pode ser satisfeito aquel dereito –constitucional– se o funcionario descoñece a lingua que o cidadán está a usar.

2. O Tribunal Constitucional ten reiteradamente establecido (S.S. entre outras, 7/1982, 82, 83 e 84/1986) que, se ben o art. 14 da Constitución recoñece o dereito de igualdade xurídica e prohíbe a discriminación, tal precepto o que rexeita é que a desigualdade de tratamento legal sexa inxustificada por non ser razoable. De xeito que non é o mesmo igualdade ca uniformidade; e non é o mesmo desigualdade xustificada ca discriminación. Criterio que fora xa establecido polo Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que sinala que se produce unha discriminación cando unha situación de trato carece dunha xustificación obxectiva e razoable. Pódese concluír, pois, que o principio constitucional de igualdade xurídica obriga a non establecer diferenzas que non sexan xustificadas por elementos razoables; decatémonos de que na cuestión que estamos a analizar tales elementos razoables existen e, nada menos, que aparecen provistos dunha lexitimi-

madade que deriva da súa conexión inmediata cun plantexamento idiomático constitucionalmente consagrado (art. 3 da Constitución).

3. Noutras verbas: a introdución da probas baseadas no coñecemento do galego non implica ningunha actitude agresiva contra a lingua castelá ou contra aqueles que só falan esa lingua; o requisito (ou mérito, segundo caso) persegue simplemente a obtención dunha base funcional que lle permita ao cidadán (que é o protagonista activo da relación xurídica perante a Administración), que lle permita, repito, o real exercicio dos seus dereitos, e, en particular, o seu dereito de elección lingüística (pero coido que non hai dúbida de que isto constitúe un elemento razoable lexítimo diferenciador da uniformidade).

Así o reconece expresamente o Tribunal Constitucional cando afirma: "...de acuerdo con la obligación de garantizar el uso de las lenguas oficiales por los ciudadanos y con el deber de proteger y fomentar su conocimiento y utilización, nada se opone a que los poderes públicos prescriban, en el ámbito de sus

respectivas competencias, el conocimiento de ambas lenguas para acceder a determinadas plazas de funcionarios o que, en general, se considere como un mérito entre otros el nivel de conocimiento de las mismas". Esta específica capacitación lingüística non é –en palabras de Cobreros– unha arbitraria ocorrencia, senón que, ademais de estar plenamente xustificada, conecta directamente a súa esixencia cos principios de mérito e capacidade, que son os que, segundo o art. 103.3 da Constitución española, deben presidir o acceso á función pública, sen que exista contradición coas condicións de igualdade sinaladas no art. 23.3 do mesmo texto constitucional.

C. PROCESO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Lei de Normalización Lingüística de 1983

Na exposición que levamos feita propuxémonos perfilar o modelo lingüístico constitucional e estatutariamente consagrado; amósase así unha situación de dobre oficialidade formal que resulta daqueles textos básicos. Agora ben, aquela cooficialidade, partindo das premisas que quedan apuntadas, consiste en:

- Que o galego é a lingua propia de Galicia.
- Que a situación lingüística do galego é a dunha lingua minoritaria e, mesmo, minorizada, dada a marxinación da que foi obxecto.
- Que os poderes públicos de Galicia –en concreto as institucións de autogoberno galego– teñen a obriga de potenciar o seu uso normal.

Dos devanditos datos conclúese a necesidade dun proceso normalizador, tendente a conseguir a real normalización (o normal uso) da nosa lingua propia e cooficial. Esta é a razón de ser da Lei de Normalización Lingüística , do 15 de xuño de 1983).

Di a Lei no seu preámbulo que “un dos factores de recuperación da nosa personalidade colectiva é a lingua, por ser o núcleo vital da nosa identidade, a verdadeira forza espiritual que lle da unidade á nosa comunidade”.

Partindo desta afirmación, que como frontispicio proclama a Lei de Normalización, ratifícanse –no Título I art. 1, 2 e 3–, as disposicións do Estatuto: o

carácter do galego como lingua propia de Galicia; a cooficialidade do galego e do castelán na C.A., e o seu uso normal, que garantirán os poderes públicos de Galicia; así como a non discriminación por razón de lingua. Temas sobre os que non insistiremos por ter sido xa obxecto de análise.

Aborda a lei, a continuación, o uso oficial do galego –Título II–; o uso do galego no ensino –Título III–; o uso do galego nos medios de comunicación –Título IV–; o galego exterior –Título V–; e, no derradeiro Título –o VI– a función normalizadora pola Administración autonómica.

Ante a imposibilidade dunha exposición pormenorizada do texto legal, aludiremos a algúns aspectos que consideramos que merecen ser salientados:

1. O galego e a ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. Como precisión previa cómpre lembrar que o concepto Administración Pública abrangue a toda Administración sita no territorio da comunidade galega. Incluindo, por tanto, a Administración periférica do Estado, e, mesmo, as empresas públicas estatais; e, obviamente, a Administración local.

Neste ámbito establece a lei:

1. O dereito de opción lingüística: os cidadáns teñen dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma.

2. Tamén se regula o dereito de opción idiomática no ámbito da Administración de Xustiza: no ámbito territorial de Galicia –di a lei– os cidadáns poderán utilizar calquera das dúas linguas oficiais nas relacións coa Administración de Xustiza.

3. En canto ás actuacións administrativas e xudiciais así como aos documentos públicos e rexistrados, dispón: as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; idéntica redacción se establece respecto ás actuacións xudiciais, co único engadido de que a parte ou interesado terá dereito a que se lle enteiro ou notifique na lingua oficial que elixa.

4. Os documentos públicos –que abranguen toda a gama de documentos tanto administrativos como notariais– así, tódalas escrituras públicas, testamentos outorgados en Galicia, poderanse redactar en galego ou castelán. Nos rexistros públicos, sexan ou non dependentes da comunidade autónoma (entre os que deben destacarse os rexistros da propiedade e mercantís), tamén o galego é lingua cooficial e, por iso, os asentamentos poderanse facer en calquera dos dous idiomas: galego ou castelán.

5. Reiteradamente –eu diría que con insistencia abraiante–, establécese o obriga da Xunta de Galicia de promover a progresiva normalización do galego en tódolos ámbitos da Administración, en sentido amplo.

Desexo salientar un aspecto transcendente na Lei de Normalización: o coñecemento do galego polos funcionarios públicos; aspecto que, en sentido xeral, xa foi antes tratado, pero que agora cómpre destacar con criterios categóricos e firmes:

A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos anteriores (é de observar, pois, que o que vén deseguido constitúe para a Administración globalmente considerada unha obriga de cumprimento ad futurum, pero nun tempo prefixado xa que non é un prazo sine die), a fin de facer efectivos tales dereitos os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública (sen excepción) e ás empresas de carácter público en Galicia (subliñar a preposición *en*, determinante dunha delimitación territorial da comunidade galega). E, deseguido, con respecto á Administración autónoma e local, considérase (é unha forma imperativa, sen dúbida), entre outros méritos, o grao de coñecemento das linguas oficiais, que se considerará para os diferentes niveis profesionais.

Conferindo o mesmo carácter imperativo (cunha forza de esixencia que non teñen outros Estatutos), dispónse: “na resolución dos concursos e oposicións para prover os postos de

maxistrados, xuíces, secretarios xudiciais, fiscais e tódolos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza, así como notarios, rexistradores da propiedade e mercantís, será mérito preferente o coñecemento do idioma galego”.

2. *En canto ao ENSINO*, destacaremos como preceptos básicos normalizadores:

1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.
2. Os nenos teñen dereito a recibir o primeiro ensino na súa lingua materna.
3. Establécese o uso do galego no ensino non só como materia de estudo obrigatorio, senón tamén (aspecto transcendente no proceso normalizador) como lingua empregada no ensino, isto é, como lingua vehicular.
4. Garantírase polas autoridades educativas da CC.AA. que, ao remate dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos

coñezan o galego, nos niveis oral e escrito, en igualdade co castelán. En verdade, se esta esixencia de equiparación de coñecemento se fixese efectiva (e son as autoridades educativas as que teñen que garantilo), disporíamos dunha medida normalizadora de especial eficacia a curto prazo.

5. O estudo do galego por parte dos profesores será obrigatorio nas escolas universitarias e demais centros de formación de profesorado, para así facer efectivos os dereitos que se amparan na Lei de Normalización –é tan evidente este precepto que sobra calquera comentario.

3. No que atinxe aos MEDIOS DE COMUNICACIÓN, establécese que o galego será a lingua usual nas emisoras de radio e televisión e nos demais medios de comunicación social sometidos á xestión ou competencia das institucións da comunidade autónoma. Como consecuencia, cómpre puntualizar:

1. A existencia indiscutida –e non discutible– das emisoras de radio e televisión, dependentes exclusivamente do poder autonómico.

2. Axudas económicas e medidas de fomento e estímulo en prol da prensa que empregue o galego dun xeito habitual (ata acadar, canto antes, a publicación de xornais integramente en galego); axudas e fomento estensibles ás producións cinematográficas, teatrais e calquera outra manifestación cultural; e, dun xeito especial, ao libro en galego.

4. TOPONIMIA. Cómpre destacar especialmente a regulación da toponimia.

O réxime normalizador, en tanto á toponimia, é categórico: os topónimos de Galicia terán como única forma a galega. Esta norma é a máis radical, en comparación con tódalas demais leis normalizadoras. Só, pois, unha conclusión se pode deducir: no ámbito territorial de Galicia tódolos topónimos terán como única forma a galega. Precepto que vencella, de maneira absoluta, a tódolos poderes públicos de Galicia e en Galicia, incluíndo, xa que logo, a Administración periférica do Estado e a tódalas empresas públicas ou semipúblicas estatais que exerzan actividades na nosa Comunidade: Renfe/Compañía Telefónica, etc.

O núm. 3 do art. 10 engade: “Estas denominacións son as legais a tódolos efectos e a rotulación terá que concordar con elas”.

No núm. 2 establécese a competencia exclusiva da Xunta para a determinación dos nomes oficiais:

- dos municipios,
- dos territorios,
- das vías de comunicación,
- e, en xeral, dos topónimos de Galicia.

Temos que facer, no que á toponimia respecta, tres observacións:

- a) A competencia da Xunta de Galicia para a determinación dos topónimos non pode resultar modificada por leis do Estado, en concreto –como sostén algún administrativista– pola Lei de Réxime Local.
- b) Denunciar enerxicamente o incumprimento da Lei de Normalización por certas empresas estatais ou paraestatais.

c) Esixir da Administración do Estado o cumprimento da lei.

d) Encarecerlles aos notarios e rexistradores o seu acatamento, desgrazadamente tan vulnerado nos devanditos servizos públicos.

5. En canto ao que a lei chama GALEGO EXTERIOR, é evidente que, pola nosa diáspora emigratoria, destaca como obxectivo que demanda a nosa unidade e solidariedade de POBO, incrementar os servizos culturais e lingüísticos aos nosos emigrantes; e proclamar aquí –publicamente– a obriga de Galicia, e polo tanto das súas institucións, de pór os medios, de inmediato, para garantir, amparar e defender, por riba de calquera continxencia, aos irmáns dos territorios limítrofes de Galicia, que, cultural e lingüísticamente, connosco forman parte dunha realidade que está máis aló das vicisitudes políticas e da organización territorial.

6. Remata a Lei –no título VI– definindo a función normalizadora que asumen as institucións autonómicas (Parlamento e Goberno galego), encomendándolle a este: a dirección técnica e o seguimento do proceso normalizador.

- A elaboración técnica dun plan de potenciación da lingua e de definición de responsabilidades e deberes por parte de todos.

7. *Quero salientar pola actualidade que ten* –hai uns días que se inaugurou a súa sede– a previsión específica que neste mesmo título contén a lei sobre a Escola Galega de Administración Pública, que se encargará da formación (así se establece) dos funcionarios co fin de que poidan usar o galego nos termos establecidos. Grave sería a responsabilidade de tal centro de formación funcional se esgotase a súa actuación no mero aspecto técnico-funcional, esquecendo ou marxinando un obxectivo de tanta transcendencia como é dotar á Administración dun sentido de servizo aos cidadáns, aos cidadáns de Galicia que, por seren tales, teñen o dereito de comunicarse na súa lingua cunha Administración que, por galega, ten a obriga –non só legal senón moral– de coñecelo e empregalo.

III. Avaliación da asunción do proceso normalizador por parte das institucións galegas

Exposto o marco legal que configura o status xurídico do galego no ámbito territorial da comunidade autónoma, parece axeitado rematar cunha sucinta referencia de contraste entre a legalidade lingüística vixente e a real efectividade do proceso de normalización realizado ata o momento polas institucións sitas na Comunidade.

Dentro deste marco legal posibilista, e admitindo a existencia de prevencións centralistas que dificultan os procesos de normalización lingüística verbo dos diversos Pobos do Estado español, vémonos na tristura de constatar –e na obriga de denunciar– que na nosa propia Comunidade as institucións políticas e sociais non só non imprimen o ritmo acelerado desexable (“potenciarán o emprego do galego” –así se expresan a Constitución, o Estatuto e a Lei de Normalización–), senón que nin sequera esgotan as posibilidades que a legalidade lles outorga; aínda máis: quedan sectores, estraños reductos, que non só obstaculizan os esforzos de normalización senón que abertamente conculcan o ordenamento xurídi-

co en actitudes e, mesmo, en xestos, pública e notoriamente repetidos.

1) O GOBERNO GALEGO asume por imperativo constitucional e estatutario as competencias e o protagonismo no proceso normalizador; competencias que deben ser proxectadas en inequívocas actitudes políticas e en concretas accións, das que:

Primeiro. Como básica –polo que comporta de credibilidade social– a coherente conducta de encarnar e asumir decididamente nas súas propias esferas de poder –isto é: no seu propio seo e en toda a Administración autonómica– o proceso de normalización. Ten calificativos próximos á afronta e á aldraxe o non facelo.

Segundo. Estender a acción de normalización a tódolos ámbitos sociais e culturais, principalmente ao educativo.

Terceiro. Como medidas concretas que, neste momento, se amosan con carácter de urxencia:

a) Establecer unhas dotacións orzamentarias que, con carácter de mínimun, garantan e posibiliten acadar os

obxectivos definidos mediante unha planificación de prioridades con fixación temporal. Isto é: definir e trazar un plan de política lingüística. Neste eido cómpre reclamar do Estado central as importantes sumas que, como débeda histórica, xa foron satisfeitas a outras comunidades.

b) Conformar os servizos de Política Lingüística como un órgano con virtualidade de actuación, na súa específica competencia, sobre tódalas consellerías, de xeito que globalice, coordine e decida as accións de política lingüística; isto supón superar o actual organigrama, que implica a sectorizada incrustación da Dirección Xeral de Política Lingüística na Consellería de Educación.

c) Establecer perfís lingüísticos dos postos de traballo na función pública, encamiñados á determinación dos niveis de coñecemento da lingua, para efectos de cualificalo como requisito ou como mérito para o acceso á dita función.

d) Instar (e participar) do Consello Xeral do Poder Xudicial e do Ministerio de Xustiza a elaboración e réxime de baremos para facer efectiva, canto antes, a

categoría esixencia (Lei de Normalización) da inclusión de coñecemento do galego como mérito puntuable para o desempeño en Galicia das funcións de maxistrado, xuíz, fiscal, secretario xudicial, así como dos demais funcionarios da Administración de Xustiza; así como dos notarios e rexistradores.

e) A rigorosa esixencia do cumprimento da toponimia (nos termos antes expostos).

f) De acordo co art. 21 –n.º 2 da Lei de Normalización e o art. 35 do Estatuto Autonómico–, realizar as accións tendentes a amparar a cultura e a lingua galegas naqueles territorios limítrofes da Comunidade connosco tan vencellados por unha común historia.

g) No ámbito do ensino: a real cooficialidade do galego, coa súa implantación progresiva como lingua instrumental...

- Establecemento de centros de primeiro ensino, onde o idioma usual sexa o galego, por así demandalo o contexto familiar e social dos nenos.
- O funcionamento real e eficaz dos órganos de inspección, que dirixan pedagoxicamente e garantan

o escrupuloso cumprimento da normativa lingüística por parte do profesorado e dos centros.

- Rematar, dunha vez, o “simulacro vergonzante” das probas de coñecemento do galego polos aspirantes ao acceso á función docente.
- A esixencia polas autoridades educativas de que os alumnos, ao remate dos ciclos, coñezan o galego en igualdade co castelán.
- Unha política de coherencia e autenticidade no terreo das exencións do estudo obrigatorio da lingua galega; formulación que nos leva a denunciar o recente decreto de exención, que provocou nos sectores sensibilizados un rexeitamento xeral.

2) PARLAMENTO GALEGO: é a expresión da vontade do Pobo Galego; por esta razón, de natureza institucional, ten de asumir a responsabilidade da plena normalización no seu propio seo e en tódalas súas actividades, acatando e cumprindo, deste xeito, as leis que del mesmo emanan. Só así, coa autoridade moral desta coherencia política, é posible esixir, sen excepción nin localismos, o acatamento, polas au-

toridades, polos funcionarios e polos cidadáns, das leis que el dita, xerando a “autoconciencia” do noso poder político fronte ao fenómeno patolóxico que se está a observar “dunha endeble coercibilidade das nosas propias leis”.

3) ADMINISTRACIÓN PERIFÉRICA DO ESTADO: na medida en que, acatando e cumprindo a legalidade vixente (Constitución e Estatuto de Autonomía), non entorpeza e estea a erosionar, con actitudes de reticencia ou de insolencia, o proceso normalizador; e asuma, pola contra, a súa obriga constitucional de cooperar en tal proceso, respectando o dereito subxectivo de opción idiomática, por así impoñerllo a concepción democrática e de pluralismo social que consagra a Constitución e, mesmo, tamén pola natureza de servizo público que constitúe a función administrativa.

4) ADMINISTRACIÓN LOCAL: é tal vez un dos máis relevantes factores de normalización; a actuación dos concellos a carón do pobo, en inmediata e intensa relación coa cidadanía, proxectarase nunha triple dirección:

- Asumindo o proceso nas súas actividades corporativas, nos actos de comunicación e de publicidade e nos actos de documentación.
- Protexendo e depurando a toponimia.
- E fomentando a normalización nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas e deportivas.

Cómpre, neste momento, poñer de relevo que, segundo lei do Parlamento galego, fixouse un plan de dous anos (que xa rematou) para a normalización do galego por parte dos concellos de Galicia. As enquisas ao respecto son desoladoras; só un número de 30 concellos respostaron e cumpriron minimamente aquela lei.

5) OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN: radio, T.V., prensa. O seu influxo –positivo ou negativo– no ámbito da cultura popular, imponse –como correlación– a obriga de asumir, coa alta cota de responsabilidade que lle atinxe, o proceso normalizador, tanto no habitual emprego da lingua, como na pureza e corrección do seu uso. Non esquezan –os profesionais do xornalismo– que están a facer “idioma”.

6) AS UNIVERSIDADES GALEGAS: son, per se, focos de creación e de irradiación de cultura, ao servizo do país ao que pertencen.

7) Pesa, especialmente, a responsabilidade normalizadora na IGREXA; así llo demandan razóns de implicación histórica, estigmatizadas no decurso dos séculos. Polos fins que encarna, pola súa inmediatez ao pobo, configúrase como elemento importante no proceso normalizador; para ben, se é coherente coa débeda contraída; para mal, se a defrauda.

Aquel peso de responsabilidade histórica e o cotián dunha mensaxe de ESPERANZA basean o anhelado dunha resposta acorde coas verbas do poeta (segundo transcribe Ferro Ruibal): “Ser dun Tempo e dunha Terra; eis o segredo da universalidade viva e verdadeira”.

8) A derradeira referencia será á ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA, onde, precisamente pola miña directa relación profesional, máis criticamente incidirei.

Toda convivencia libre e democrática hase asentar sobre un Estado de Dereito, a este non é concibible

sen o recto funcionamento dunha Administración de Xustiza eficaz, independente e enraizada no pobo, pois da súa soberanía emana o Poder Xudicial (art. 117 da Constitución); constituíndo –eu, alomenos, así o penso– unha das funcións máis esenciais dos xuíces e tribunais: a de garantir e defender a liberdade e a dignidade da persoa en toda a extensión das relacións humanas, e, sobre todo, fronte aos abusos do poder. Disto despréndese que a Xustiza ten que estar entroncada no pobo, e que, pola súa propia natureza, ha estar ao servizo dese pobo e de tódolos cidadáns. Entre os dereitos do pobo e das persoas que a Xustiza ten que garantir e, por suposto, ela mesma respectar, está o dereito á identidade persoal e colectiva; sendo unha das súas manifestacións o dereito a usar a propia lingua; así o recoñece expresamente a Lei Orgánica do Poder Xudicial –artigo 231–, e, asemade, a Lei de Normalización –artigo 7– que, ademais engade, no n.º 3 de dito precepto: “A Xunta de Galicia promoverá, de acordo cos órganos correspondentes, a progresiva normalización do uso do galego na Administración de Xustiza”.

Neste marco legal: ¿cal é a realidade do proceso normalizador nas actuacións xudiciais?

Sendo certo que a meirande parte dos cidadáns galegos falan ou entenden o galego (constatouse xa o dato estatístico que fixa esta porcentaxe no 97%).

Sendo certo que o galego é –no noso territorio– lingua cooficial, en plena igualdade co castelán.

Sendo certo que o galego é a nosa lingua propia.

Sendo certo que nas relacións xurídicas o problema do idioma reviste, se cabe, maior importancia que nas relacións entre os cidadáns e os restantes poderes públicos; así se infire:

- do específico carácter dos dereitos en conflito;
- do escurantismo que, en demasía, rodea as actuacións xudiciais;
- da necesidade de procurar das testemuñas e xustizables a maior fiabilidade: fiabilidade que aparece vencellada á espontaneidade das súas manifestacións;
- da imposibilidade de afondar con humanidade nos procesos xudiciais (civís e criminais), se non hai fluidez comunicativa entre o xuíz e o cidadán;

- da salvagarda dos dereitos de defensa, sacramentalmente recoñecidos a todo xustizable;
- da parafernalia e a escenografía ritual das que aparecen revestidas moitas das actuacións da Xustiza; e que xeran noxentas situacións psicolóxicas nos cidadáns;
- e, xa que logo, da mesma natureza da xustiza como servizo público.

Pese á certeza das premisas enumeradas, a Administración de Xustiza amosa unha faciana de grave insensibilidade –por non dicir de hostil belixerancia– ante o proceso de normalización do noso idioma; só podemos excepciónar –e isto é moi pouco– a actuación do Tribunal Superior de Xustiza co emprego exclusivo de galego por parte da súa Sala do Civil e do Penal, e, de xeito importante, polas Salas do Contencioso e do Social; así como as encomiables actuacións dalgún xuíz, maxistrado, fiscal e algún que outro letrado, mais todos eles abocados a loitar –e sufrir– contra a incomprensión, a insensibilidade e, incluso, a mofa de compañeiros, funcionarios e profesionais do Dereito.

A Xustiza que, polas ditas razóns, deberá ser unha institución permeable á normalización, eis, por onde, continúa a arrastrar e a manter actitudes que caracterizaran por séculos unha concepción centralista do Estado, marxinando a nosa identidade histórica e descoñecendo o dereito fundamental da persoa, manifestándose así coma un poder alleo ao pobo.

Quero rematar expresando unha persoal convicción: a lingua –a nosa lingua– é algo que está por riba de todo formalismo legal, máis alá da frialdade dun ordenamento xurídico; afínase en algo transcendente: o SENTIMENTO. Lembro, neste intre, un debuxo que, en COUSAS DA VIDA, plasmou Daniel CASTELAO con sinxeleza de trazos e co seu peculiar transfondo ético. Un home traxeado dicíalle a un labrego: “Yo no siento la necesidad de hablar en gallego”; o labrego respostoulle: “esa necesidade non se sente no estómago”.

Este debuxo, duro e afiado na súa mensaxe, pero limpo de calquera ánimo magoante e férido, só zumega a dor ante unha –por desgraza– viva realidade. Non quero que estas derradeiras palabras se entendan como unha actitude de resignado desánimo. Pola

contra, estou seguro –absolutamente seguro– de que, malia as dificultades, coa autenticidade e coherencia de todos nós, estamos a albiscar un horizonte de esperanza, un futuro de positivos logros para a nosa LINGUA.

Daniel García

*Percorreu un longo camiño
da sala do civil e do penal
Xustiza de Galicia. Pero Daniel é un
encantador de palabra fáctico
compostelano nacido na década dos 60
profunda difícil de interpretar*

«Galic

SANTIAGO. ELBA VALLEJO

—¿A de xuíz é unha vocación irrenunciábel?

—A miña primeira intención era ser fiscal, pero os xuíces tiñan máis doado atopar praza en Galicia, así que optei pola xudicatura.

—¿Tan lonxe de Galicia se sentía en Bilbao ou en Avila como para equiparala súa situación coa do emigrante?

—Desde que cheguei a Bilbao para ocupar unha praza de magistrado nun xulgado de familia o meu sentido permanente foi retornar a Galicia.

PRENSA



Un momento do acto no que foi asinado o convenio

MALLOY/ ESPECIAL PARA D16G

E o primeiro concello de Galicia en levar adiante esta iniciativa

Asinado en Redondela un convenio para o emprego do galego na xusticia

A FIDELIDADE À LINGUA

AGUSTÍN SIXTO SECO

Presidente do Patronato Rosalía de Castro

“Cando o sentimento nacional foi despoñado de todos os seus refuxos, a linguaxe converteuse na fortaleza espiritual desde a que un día, cando os tempos sexan propios, saíra a reconquistar o seu posto”. (KARE VOSSLER, “The Spirit of Language in Civilization”, Pax. 123. LONDRES 1930.)

BEN sei eu que non precisa dos meus azos a “Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia”. Quen a integran puxéronlle un nome tan longo coma ampla era a illusión coa que se lanzaban a lutar no espíritoso camiño que escollian para axudar a soergue-lo País, e saben tripa-lo sos.

Mais aínda sabendo que eu non son outra cousa que un homeño namorado da gratificante actitude de axudar, e axudar sinceramente en certas tarefas se orientan a prol da nosa cultura, mesmo reconecendo a miña

poquitude, insisto, puga a pena que faga público o que privadamente diven os responsables de tan benemerita asociación. E que o faga, tentando salienta-lo seu labor, xusto no intreño que convocan un acto a celebrar en Vigo no que pretendem, teimando na súa razón de ser, espalla-la semente galegaradora no eido da Xustiza.

Eu tiñen a sorte de ser testemuña de expresión dun acto primixenio que esta mesma Asociación convocou en Santiago para presenta-lo programa das actividades coas que pretendían seguir concenando o mundo da Xustiza Galega para que a nosa lingua fose usual ferramenta de traballo nos togados. Os all presentes, ó contempla-los resultados das propostas que se fan facer ofertadas en folletos magnificamente deseñados e impregnados, tivemos a impresión de que os responsables íalles no asunto a vida e a facenda, tal era a pasión ilusionada que se apalpuaba.

Por iso non me extrañou escoitar de Ra-

món Piñero, que na súa condición de máximo responsable do Consello da Cultura Galega presidia o acto, estas premonitorias palabras: “**Xa pode morrer tranquilo, A Lingua, a nosa lingua, queda en boas mans. Porque boas teñen que ser as de quen fai o que vos facedes; propiciar que a Xustiza en Galicia se exerza en galego.**”

Era a atardecida dum xoves, 26 de xuño do ano en que andamos, Ramón xa daquela estaba mal enfermo. Tanto que morreu xusto dous meses despois.

Constame, porque me honrei colaborando con os montos anos, e deles sete no propio Consello da Cultura Galega que Piñero sentírase feliz cando, coa solemnidade que o caso requeria, o Xustizado **Daniel García Ramos**, abría, en galego, o famoso xuízo na causa seguida contra X. L. Barreiro. Daquela Ramón comentárame: “**Aí tes a un home que merece pasar á nosa historia. O García Ramos acaba de dar un paso que xa non ten volta atrás; prestíxila-a nosa lingua ó usala**

nesta soada ocasión do Tribunal Superior de Xustiza... Tamen ten gracia que se chame Daniel...” (era, obvio que me quería lembrar que a Castelo, familiarmente coñecíamolo polo seu segundo nome: Alfonso Daniel).


Eu non teño a menor dúbida de que Piñero, se poidera falar, alentaría, coa autoridade que eu non teño, a esta eficaz “**Asociación de Funcionarios**”. E felicitázaros por seguir espallando a semente galegaradora en actos coma este de Vigo, no que van poñer diante de todos nós o exemplo que da outro Xustizado, o Xuíz **Orencio Pérez González**, entregado de cheo á normalización lingüística do eido no que traballa.

O Maxistrado, ó que non teño a honra de o coñecer, sabe ben das fidelidades que non se poden traicionar. E unha delas, segundo di **Eugenio de Andrade** na súa “**Antoloxía Breve**”, é a “**fidelidade á palabra que no home é capaz da verdade última do sangue, que é tamén verdade da alma**”.

A normalización lingüística chega á administración do Estado

Novos autores e publicacións testemuñan o renacer do interese polo cómic galego

Santiago (por Damián Villalín). Inevitablemente, as últimas sete xornadas transcorreron marcadas pola celebración do Día das Letras Galegas que, por certo, vai medrando ano tras ano tanto na súa extensión temporal como na súa incidencia social, de modo que xa hai moitas persoas e entidades que experimentan e programan o «Día» como «Semana». Moi posiblemente, isto non sexa máis que un pequeno paliativo para ese «síndrome do fungo» do que fala o teimoso BNG en «Praza do Obradoiro», resucitado voceiro local da fronte na-



Daniel García Ramos, maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza

Percorreu un longo camiño ata chegar a maxistrado da sala do civil e do penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Pero Daniel García Ramos, home encantador de palabra fácil, nunca deixou de ser un compostelano nacido na Baña, nun lugar da Galicia profunda difícil de imaxinar durante toda a súa

xuventude sen luz ou sen estrada. Fillo de mestres de escola, hoxe ten o seu traballo na Coruña, pero el vive en Santiago, onde mesmo instalou á súa familia mentres estivo fora de Galicia. En Bilbao ou en Avila cultivou unha condición de emigrante que alimentou a súa necesidade de volver por encima de todo.

«Galicia é escola de xuristas»

SANTIAGO, ELBA VALLEJO

—¿A de xuíz é unha vocación irrenunciable?

—A miña primeira intención era ser fiscal, pero os xuíces tiñan máis doado atopar praza en Galicia, así que optei pola xudicatura.

—¿Tan lonxe de Galicia se sentía en Bilbao ou en Avila como para equiparala súa situación coa do emigrante?

—Desde que cheguei a Bilbao para ocupar unha praza de maxistrado nun xulgado de familia o meu sentido permanente foi retornar a Galicia.





Falan e enténdense

Cada vez son máis os maxistrados, xuíces, fiscais, notarios, avogados e procuradores que fan uso dela

Máis de 2.000 sentencias se levan dictado en lingua galega nos tribunais de Xustiza

A Coruña (Redacción, por Antón de Nogueira). A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia ven traballando dende hai tres anos no intento de normaliza-la lingua galega na Administración de Xustiza e no ámbito xurídico. «No decorrer destes anos — sinala un dos seus membros— tivemos varias reunións con colectivos de funcionarios xudiciais e de profesionais do Dereito. O labor foi lento e mesmo dificultoso porque os prexuízos lingüísticos están moi chantados nestes eidos. Sen embargo, unha vez que poidemos contactar con algúns profesionais, o proceso foise desenvolvendo con máis celeridade.

El Tribunal Superior la aplicó a pesar de estar recurrida ante el Constitucional

Dictada la primera sentencia al amparo de la ley procesal gallega

El Tribunal Superior de Xustiza ha dictado la primera sentencia al amparo de la Ley Procesal «sobre o recurso de casación en materia de dereito civil especial de Galicia», aprobada por el Parlamento gallego el 15 de julio de 1993. La ley entró en vigor el

27 de ese mismo mes, pero el 25 de octubre siguiente, el presidente del Gobierno, Felipe González, promovió un recurso de inconstitucionalidad contra la citada ley gallega, lo que originó la suspensión cautelar de su vigencia y aplicación.

LA CORUÑA. JOSÉ VÁZQUEZ
Redacción

El pasado 6 de abril, el Boletín Oficial del Estado publicó un auto del Tribunal Constitucional, dictado el 22 de marzo de 1994, en donde se acordaba levantar la suspensión de la ley. Esta circunstancia fue la que permitió que el Tribunal Superior de Galicia pudiese dictar una sentencia al amparo de la ley gallega. La resolución está firmada por los cinco miembros de la Sala Civil y Penal del Tribunal Superior, encabezada por su presidente, José Ramón Vázquez Sandes, y los magistrados José Antonio García Caridad, Daniel García Ramos, Pablo Saavedra Rodríguez y Pablo Sande García, que fue el ponente de la sentencia.



DANIEL García Ramos y José Juan Barreiro Prado. Dos magistrados gallegos que han hecho suya la lucha por el reconocimiento del derecho al uso del gallego en la Justicia y la necesidad de adaptar a todo el aparato progresivamente a ello. En una entrevista realizada en gallego, opinan sobre el tema.



Daniel García Ramos.



José Juan Barreiro Prado.

CAMISELL


Por la defensa del idioma

No existe suficiente acogida institucional respecto a la utilización del gallego en la Administración de Justicia

F. Franco

García Ramos defiende un mayor empleo del gallego

El magistrado del Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, Daniel García Ramos, hizo entrega a Celso Delgado, vicepresidente de la Cámara de Comercio de Orense, del premio Paspallás 92, en reconocimiento al esfuerzo de ese ente por la utilización del gallego. El magistrado abogó por el incremento del empleo del gallego e instó a los abogados a que «lle esixan ós xuíces o uso do noso idioma». El Paspallán 92 no pudo ser entregado al no comparecer en el acto el delegado de Cultura, Gabino García, a quien correspondió la distinción por su conducta de desprecio hacia el gallego.



ESCOA

García Ramos entregó el Paspallás

Daniel García Ramos: Lingua e Xustiza

Non serei eu quen me meta a analizar e reflexionar sobre dos aspectos legais do uso do galego na administración. Non por nada, todo o contrario, por moito, pois cada vez que necesito adentrarme en textos legais para algunha cousa da vida, unha especie de grossa mampara dalgun material invivible¹ fai que me estafare no meus primeiros e ben intencionados intentos e teña que botar man de alguen que, pacientemente e pola vía racional, me leve da man e me explique o enquadello.

O peor é que despois de saír do paso quedame a sensación de que aquela foi xa a derradeira ocasión na que a miña persoa se tería que ver en semellante trance e esquezo axina todo o aprendido. Inxenuo de min, nunca é a derradeira, sempre a última e cada vez teño que empezar de cero, con grao de risco de que a idiocia sexa o menos malo que se me aplique cando volvo a pedir a mesma consulta ou cando alguén, en trance semellante e pensando nas miñas experiencias anteriores, coida que a inopia que amoso diante da súa petición de asesoramento é finxida e que quero ocultarlle información ou que non quero axuda-

lo. É unha eiva da miña estrutura intelectual, se é que teño tal cousa.

O que si sei, porque me sube polas veias, e xa nin tan segura ten que me pasar pola criba da silveira cerebral, é que o dereito a utilizar a lingua que mellor exprese o meu mundo nas delicadas e vitais situacións a que a administración, en xeral, e a da Xustiza, en particular, me pode levar é algo que nin tan segura debería necesitar de artellamento legal ningún; abondaría cun parraíño que falase dos dereitos (e mesmo apetencias) do administrador e das obrigas e deberes que o administrador debe arbitrar para atendelos.

Son ben coñecidas as anécdotas e os "chistes" que nos falan dos malentendidos a que pode levar o uso de dúas linguas en conflito ("¿Cuántos años tienes, niño?"; "Años non lle teno ningún pero na casa temos catro cadeliños"). Aínda son máis coñecidas as humillacións a que se viron sometidas as xentes do noso rural e consiguiente complexo de inferioridade que foi minando a moral e a autoestima do país ata facer de nós galegos á forza e cadicenos de vocación. Toda unha esquizofrenia, como se

repite decote.

Eduardo Blanco Amor soubo ilustrar maxistralmente a traxedia da indensión que perante a administración sufriron secularmente as xentes de Galicia. Na súa novela titulada "A esmorga", o personaxe Cibrán non só debe defenderse senón tamén adivinar e encher as lagoas de sentido que o xuíz, inquisidor en castelán, ten ó longo da relación dos feitos.

Eis un bo exemplo da íntima escuradadura moral que pode unha persoa sufrir cando, ademais do esforzo que supón de seu artellar a lexítima defensa dos intereses ou a lexítima impugnación ou acusación dos atropelos, tropeza coa dobre dificultade de ter que trasladar todo a unha lingua que, se ben pode comprender para situacións normais, non é a que nos momentos críticos lle vai servir mellor.

Todo aquel que estea ó servizo da administración deste país debería ler esa novela, que, por outra parte, está entre as melloras da literatura universal de tódolos tempos e, xa que logo, supón un pouco de cultura, que nunca está de máis.

Fágao ou non, o que si lle recomendo é que tome como fo-

lletto de cabeceira o que vén de publicar o maxistrado do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Daniel García Ramos, pois nel atopará exposto dun xeito claro e rigoroso todo o que compre saber sobre "O réxime xurídico da lingua galega", que tal é o título da interesantísima publicación, na que, por magoa, e despois dunha exemplar exposición, temos que ler cousas como esta (p. 23): "Vémonos na tristura de constatar —e na obriga de denunciar— que na nosa propia comunidade as institucións políticas e sociais non só non imprimen o ritmo acelerado deseñable ("potenciarían o emprego do galego" así, se expresa a Constitución, o Estatuto e a Lei de Normalización), senon que nin sequera esgotan as posibilidades que a legalidade lles outorga; aínda máis: quedan sectores, extraños reducidos, que non só obstaculizan os esforzos de normalización senon que abertamente conculan o ordenamento xurídico en acción e, mesmo, en xestos, pública e notoriamente repetidos".

Terei a man este folleto para que non me volvan chamar idiota (cando menos por cousas de xustiza e de dereitos).

García Ramos ve insuficientes los avances en la normalización

La utilización del gallego en el ámbito de la Justicia es un imperativo legal

Santiago (Redacción). El Congreso Internacional da Cultura, en su área de Lingua Galega, recibió ayer la visita de un conferenciante, que al margen de los datos que pudiesen derivarse al oír su nombre, es ante todo magistrado de la sala de lo Civil y lo Penal del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. «Na xustiza, aínda que xa se deron pasos fundamentais, o proceso de normalización lingüística é dos máis trascendentes porque a xustiza ten que estar enraizada co pobo. Secularmente estivo vencellada ó centralismo español. Sen embargo, a Constitución dicta que a xustiza emana do pobo e do pobo galego emana a lingua galega», atestigua Daniel García Ramos a esta Redacción. El magistrado en La Coruña pronunció ayer una conferencia bajo el título «A situación legal do gallego».

Daniel García Ramos siempre se ha mostrado preocupado por los problemas de la sociolingüística en la Comunidad Gallega, sin embargo, su perspectiva específica se centra en las dificultades con las que se encuentra el gallego para su utilización en la administración gallega y periférica del estado español. «Facéndonos eco do principio polo cal a xustiza ten que chegar huma-

han conseguido. En cambio, sostente que no es suficiente ni reflexión de la normativa vigente. «Algunos xuíces, fiscais ou magistrados asumiron o proceso de normalización sen vacilacións, pero aínda existen quen entorpecen a evolución. E, o que é máis grave, están a entorpecelo sen base legal pois a Constitución, a Ley Orgánica del Poder Judicial e a Lei de Normaliza-

cional para utilizar su propia lengua. «A Lei —aseguro a esta Redacción el magistrado— ca pacta ó cidadán para que cando se achega ó Xuíz existir expresión en galego. A xustiza debe satisfacer o seu dereito de utilización idiomática e, para facilitar os canles comunicativos ha de facerse uso da lingua gallega».

El papel del funcionario



O momento era solemne e quedou rexistrado para a Historia. Era o primeiro caso penal que iba xulgar o Tribunal Superior de Xusticia de Galicia. O xuíz dirixiuse ó acusado e avisoulle de que podía declarar en lingua galega. Xosé Luis

Barreiro declinou a invitación alegando que os seus avogados non eran galegos e podían entender mal algunhas das súas palabras. O xuíz non se rendiu e lembroulle que dous tradutores se atopaban na sala. Barreiro seguiu nas súas. E o xuíz, tamén.

XENTE DE GALICIA

DANIEL GARCIA RAMOS

Un xuíz falcón con agarimo de pomba

CARMEN COTELO

□ ¿Cómo se sentiu vostede ó escoita-la resposta de Barreiro?

■ Pois digámos que dalgúnha maneira a súa viuse sorprendida porque non atopou a resposta que se agardaba. Nin de Barreiro nin de moitos dos que tiveron intervención no xuízo. Eu era o presidente en funcións e podo dicir que o emprego do galego foi compartido polos cinco membros do Tribunal. O «caso Barreiro» foi o primeiro caso penal que conecía o Tribunal Superior e por coherencia esixa a utilización da lingua propia. A declaración do señor Barreiro foi feita, efectivamente, en castelán pese a advertencia de que había tradutores na sala. El argumentou que atecía á súa propia defensa. De todos xeitos na súa intervención do último acto do proceso, Barreiro fivo as súas manifestacións en galego.

Daniel García Ramos (A



VIRGINIA BARROS

tou a repetir na modalidade de investigación. Participou tamén no recentemente celebrado Congreso da Cultura Galega cunha ponencia sobre a situación legal do galego e a semana pasada pronunciou unha conferencia sobre «O status xurídico do galego» convidado polo Centro Unesco-Galicia para unhas Xornadas de Lingua e Literatura.

□ ¿De que nace esa ansia pola defensa do idioma?

■ Eu asumo esta postura por coherencia persoal e polas minas propias conviccións como galego de que a Administración de Xusticia en canto ubicada en Galicia ten que achegarse á realidade da sociedade galega e á identidade do pobo.

□ ¿Vostede sintese nacionalista?

■ Si.

□ ¿Está resultando moi duro o camino que se está a facer en prol da normalización?



O maxistrado ourensano Daniel García Ramos foi designado mantedor do idioma e identidade galegos na Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, Xaquín Monteagudo



O galardoado co Padrón de Honra, Xosé L. Pensado, e mallo presidente da Fundación, Gustavo S. Valencia, pousan unha coroa de loureiro xunto ó monumento á Rosalía na Casa da pocieta en Padrón

Dous «pedróns» para os defensores da lingua

A entrega dos pedróns de Ouro e de Honra convertiuse nun acto de exaltación do idioma e identidade galegos con duras críticas ás administracións central e autonómica pola súa inhibición ante o proceso de normalización lingüística

SANTIAGO. Elena Goyanes A Casa de Rosalía foi, unha vez máis, esca de entrega dos premios que anual-

acto, ó que acudiron numerosas personalidades relacionadas co mundo cultural galego, caracterizouse polas duras críticas verquidas contra

Amais, segundo o maxistrado, tamén lle correspondían labores como o artella-

co acatamento "por tódolos seus membros das súas propias leis", e máis ás admini-

El mal funcionamiento de la Justicia no puede imputarse sólo al estamento judicial

El magistrado Daniel García Ramos, optimista ante la normalización lingüística en su ámbito profesional

Joven, directo, miembro de Jueces para la Democracia, Daniel García Ramos, magistrado de la Audiencia de Orense, habló ayer, en el Círculo Orensano-Vigüés, ante un público que abarrotaba la sala de la sociedad,

sobre "Régimen jurídico de la cooficialidad lingüística en Galicia". Yo no hurto ninguna respuesta, y no tengo reparo a aclarar cualquier concepto que creas que queda oscuro, dije, mientras encendía su primer pitillo.

P.

—Jueces para la Democracia es un colectivo de jueces y magistrados con el deseo de profundizar al máximo en el desarrollo de los principios de dignidad y libertad humanas que han de conformar una sociedad. Otros colectivos de jueces propenden a lo mismo, pero estos objetivos han destacado siempre de una manera primordial en nosotros.


—La justicia española es lenta, y por eso mismo, mala. ¿Lo acepta?

—Claro que lo acepto. Esa lentitud influye en su calidad, sin que esto sponga que la justicia que hacemos no es justicia. Así, cuando se aplica, a veces ha per-



—Pues yo creo que, siq olvidar esa lentitud que ya hemos abordado, ni la española es tan mala ni son tan buenas todas las extranjeras, incluso esas que citamos. Desde luego, no hemos experimentado los avances sociales y culturales de otros países de Europa, y eso se refleja en cualquier estamento de la vida española. Es preciso renovar nuestra justicia, incluso en las ideadas básicas que la conforman. Es un empeño, y para un periodo corto, la renovación de nuestro aparato judicial.

—¿Cree que a todo español, en la escuela o en el bachillerato, se le debería dar una formación jurídica para que conociera el funcionamiento de su propio país?




El galardón otorgado a Xosé Luis Pensado es el primero que recibe el profesor afincado en Salamanca

Actuó como mantenedor en la entrega del Pedrón de Ouro a Xosé Luis Pensado y a la Asociación para a Normalización Lingüística

El magistrado García Ramos lamenta el escaso uso del gallego en las instituciones

Santiago (Redacción). En un acto que tuvo lugar, como es tradicional, en la Casa Museo de Rosalía, en Padrón, fueron entregados ayer los galardones de oro y de honra que anualmente entre la fundación del patronato del Pedrón de Ouro. En esta edición, los premios correspondieron a la Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia y al lingüista Xosé Luis Pensado. Actuó como mantenedor Daniel García Ramos, magistrado de la Audiencia de Orense, en premio por su labor a favor de la defensa del idioma gallego en el lenguaje jurídico. En el acto estuvieron presentes personalidades de la vida cultural y política. Entre éstas, cabe destacar la presencia del director xeral de Cultura, Bonifacio Borreiros, o la de Camilo Nogueira, líder del PSG-EG. El proceso de normalización lingüística centró los discursos de la mayor parte de los oradores.

Tanto el ministerio fiscal cuanto el abogado defensor de Xosé Luis Barreiro Rivas, se ratificaron a última hora de ayer en sus conclusiones provisionales en el juicio sobre el denominado 'caso del juego'. Pasadas las nueve y media de la noche, al término de una segunda prolongadísima jornada del 'juicio del siglo', el fiscal-jefe del Tribunal Superior, Antonio Couceiro, exigió a la sala de lo Civil y Penal una pena de seis años y un día de inhabilitación especial para cargo público para el ex vicepresidente como supuesto culpable de un delito de prevaricación. Por su parte, el abogado de Barreiro Rivas, Horacio Oliva, solicitó la libre absolución de su defendido.



La Presidencia de la Sala del Tribunal Superior de Xusticia de Galicia.

FRAGA/CHAY

El fiscal ratifica la petición de seis años de inhabilitación para Xosé Luis Barreiro

solución por la sala de lo Civil y Penal del Tribunal Superior.

Defensa



Villanueva Cendon, Carretero y Rajoy, esperan para declarar

OSCAR PARIS DÍEG



El presidente de la sala

LALO R VIL

Rosón ratifica el ofrecimiento de 500 millones hecho desde la Xunta

Chantajes y sobornos, discurso de los testigos

Las acusaciones hechas entre varios de los testigos que en la tarde de ayer fueron llamados a testificar, restaron protagonismo al encausado, Xosé Luis Ba-

reiro, quien no fue prácticamente aludido por los siete declarantes. Mientrás Juan Carlos Ollano aseguró que dos asesores del exvicepresidente de la Xunta

le habían pedido 100 millones de pesetas para solucionar el asunto de la lotería instantánea; Javier Rosón afirmaba que desde Alianza Popular le habían ofer-

tado 500 millones a cambio de documentos, lo que según el testigo Rajoy fue totalmente contrario, siendo esta cifra ofrecida por Rosón.

La sentencia dictada sobre el juicio de A Veiga reconoce la ilicitud de los hechos

Sin embargo, el fallo fue absolutorio, ya que el delito electoral cometido no está recogido en ninguna figura delictiva de la Ley Electoral

Redacción

Ourase
La sentencia reconoce que los hechos ocurridos constituyen una manifiesta ilicitud y, por tanto, "de reprobarción en lo que atañe a la pureza del sufragio y a la voluntad democrática", si bien, al no estar registrados en ninguna figura delictiva la Audiencia tuvo que dictar la libre absolución.

Las presuntas irregularidades electorales se produjeron en las pasadas elecciones locales del 10 de junio de 1987, cuando Vicente García Carrasco, alcalde de A Veiga, cobró de su puño y letra 150 solicitudes de voto por correo de personas analfabetas y de infimo nivel cultural, "aprovechándose de dicha situación". Sin embargo, el Tribunal hace todo referencia a los denunciados de la presunta falsedad electoral, Belén García y Nemesio Carrasco, considera que desde una perspectiva de valoración penal, es necesario que se perfilen unos hechos probados que revisitan caracteres de antijuridicidad penal; pues, cualquier otro tipo de ilicitud no puede ser sancionada penalmente.

La sentencia considera como hechos probados que el alcalde formando parte de la candidatura que presentó Alianza Popular-Crististas de Galicia en di-



García Ramos leyó la sentencia en gallego.

ta. Según el Tribunal, el procesado visitó personalmente, o a través de personas de su confianza, a los electores, a los que proporcionó los impresos de solicitud de voto por correo cubiertos previamente de su puño y letra.

Preguntas sencillas

En el juicio, con testigos en su mayoría analfabetos, destaca la forma simplista en que se desarrolló la numerosa prueba testi-

Ley Orgánica del Régimen Electoral, por lo que se determina un pronunciamiento absolutorio". Así mismo, el Tribunal valoró que no aparecían probadas las conductas de falsedad documental imputadas por la acusación, así como tampoco resultó acreditada en términos de certeza suficiente desde el punto de vista penal, la conveniencia de los cargos procesados con el alcalde Vicente García.

42 años

La petición que hizo el ministro fiscal en el juicio contabilizaba un total de cuarenta y dos años de prisión para los siete encausados, así como una inhabilitación especial de seis años para cada uno de los procesados y una multa de 30.000 pesetas. La defensa mantuvo en todo momento que no existían pruebas concluyentes de la culpabilidad de sus defendidos, ya que "solamente con sospechas y comentarios escuchados no se puede condenar a nadie". Dicha referencia dirigida a Belén García y Nemesio Carrasco, quienes presentaron la denuncia sobre las irregularidades electorales sin una base probatoria sólida.

La sentencia considera como hechos probados que el alcalde formando parte de la candidatura que presentó Alianza Popular-Crististas de Galicia en di-

García Ramos

El magistrado de la Audiencia

que, también, se pretende establecer con una valoración por parte del Tribunal a cerca de ella.

García Ramos afirma que las acciones realizadas por el alcalde de A Veiga tienen la consideración de ilícito general y electoral, considerando que "la sentencia refleja un deseo que pudiera concretar de una manera más precisa y con mayores garantías la regulación del voto por correo. El Tribunal debe calibrar si esas conductas constituyen o no una tipicidad legal".

Indicios

El juez instructor estimó que esas conductas podían incurrir dentro de un hecho indicio del procesamiento, en el ámbito de los delitos establecidos en la Ley electoral, por ello, determinó la existencia de unos indicios aparentes y el Tribunal, a través de las pruebas realizadas en el acto del juicio, tuvo que efectuar una valoración final de los hechos.

Considera García Ramos que con los hechos probados deben deducirse más tarde, una aplicación de deducción y la conclusión última, que en este caso fue, precisamente, porque los hechos probados no revisitan caracteres de delito al criterio de la sala, un pronunciamiento absolutorio. No obstante, se pone de manifiesto el hecho de que la Ley no regula completamente determinadas acciones y procedimientos electorales, los cuales de existir una reglamentación más completa serían considerados como delitos. La sentencia fue absolutoria, pero no tuvo la difamación y conexión que debería. Existen muchos casos sueltos que la Ley Orgánica del 5/1985 del Régimen Electoral no contempla, y debi-

Desde su nuevo destino en el Tribunal Superior

Daniel García Ramos trabajará para alcanzar una Galicia justa

Orense. (LR).—Daniel García Ramos, actual magistrado en la Audiencia Provincial de Orense y que recientemente ha sido nombrado magistrado en el Tribunal Superior de Galicia, ubicado en A Coruña, afirma que su deseo profesional más profundo es alcanzar un esquema de convivencia social donde se pudiera desarrollar al máximo la libertad y se alcanzaran los fines de una justicia. Este coruñés, natural del municipio de A Baña, se siente profundamente unido a Galicia y, por tanto, destaca que trabajará desde su nuevo destino para conseguir que esas metas de justicia se alcancen desde un esquema que represente un auténtico acercamiento a la problemática e idiosincrasia del pueblo gallego.

Este magistrado abandona Orense con tristeza, porque deja en la Audiencia a unos buenos compañeros y a unos entrañables amigos; "jamás he sentido la proximidad de unos compañeros que tuviesen la capacidad profesional y humana para sentirnos tan soli-

un caso, y en este sentido, ante este asunto, de tenerlo que juzgar, creo que voy con una ecuanimidad absoluta. Entonces, con esa seriedad de espíritu y con el afán profundo de encontrar una solución justa, no me inquieta enfrentarme ante el caso "Barreiro",



Espera encontrar en el Tribunal Superior de Galicia
el ambiente profesional que tuvo en Orense

Daniel García Ramos, un juez preocupado por la independendia de la justicia

Orense (Redacción). «Un juez debe abordar los casos que se le presenten sin prejuicio del juicio crítico que se haga sobre la instrumentalización de la justicia para finalidades políticas, valoración que deben hacer los ciudadanos y los medios de comunicación» entiende Daniel García Ramos, magistrado de la Audiencia de Orense recientemente designado para el Tribunal Superior de Galicia. Miembro de Jueces para la Democracia y ponente en la primera sentencia que la Audiencia de Orense dictó en gallego, en relación con una denuncia contra cuatro sindicalistas de INTG, García Ramos tiene en la defensa del idioma y la normalización del gallego en los tribunales de justicia uno de sus caballos de batalla declarados. En relación con la «utilización política» que se pueda estar haciendo de los tribunales, entiende que «si lo que se denuncia ante los jueces reviste caracteres de delito, el juez debe conocerlo y ser consecuente con ello, lo que no quiere decir que lo deseable fuera que a la escena de la litigiosidad judicial no fuese nada más que lo estrictamente jurídico y en el terreno de lo político se debatiesen aquellas cuestiones que han de ser debatidos en el foro político», considerando además que siempre resulta distorsionante que se pretendan mixtificar actuaciones políticas con otras que pueden revestir caracteres de delito.

La reciente sentencia sobre aborto en el caso de Los Naranjos la sitúa en su justo sitio. «El Código Penal tiene esa figura delictiva y los tribunales tienen que aplicarla. Si el supuesto que se presenta ante los jueces se quedó obsoleto desde el punto de vista de la valoración colectiva, lo que tienen que hacer los órganos estatales con capacidad para hacerlo es llevar a cabo la adecuación de una norma que parece rebasada y que, según ciertos planteamientos, es insostenible. Lo que no me parece aceptable es que se destaque un protagonismo de la justicia, que únicamente ha aplicado una tipicidad penal».

El nuevo magistrado del Tribunal Superior de Galicia considera importante el paso y desea



Un busto lembra o labor do maxistrado García Ramos a prol do galego

A defensa constante do galego, a coherencia con tódalas cousas de Galicia e a honestidade, tolerancia e xenerosidade de Daniel García Ramos foron algunhas das cualidades destacadas na homenaxe que se lle rendeu na súa vila natal, A Baña.

A BAÑA. Juan Martínez

Un busto na praza principal da vila e unha placa na súa casa natal servirán para recordarlle ós seus veciños e a tódolos que pasen pola capital da Baña que alí naceu un home que sempre se caracterizou pola súa defensa de Galicia e que dende onte é fillo predilecto do seu concello. “Consciente de que somos galegos pola fala”, como sinalou onte Isaac Díaz Pardo, Daniel García Ramos, maxistrado

güística de Galicia (AFNL). Fontán aproveitou a ocasión para re-crimina-la actuación “dalgunhas institucións que aínda seguen a escabulli-a responsabilidade de asumiren aquilo que por Lei nos corresponde: a lingua galega”.

Fillo predilecto

Antes de començar a homenaxe organizada pola AFNL e a familia do maxistrado, o pleno extraordinario da Corporación aprobou por



COLABORACIONES

CÁNDIDO CONDE PUMPIDO FISCAL XERAL DO ESTADO

Hai vidas que nos rodean, que corren en paralelo e acompañan a nosa propia traxectoria sen outro sentido, aparente, polo menos, que o de servir de marco, de contexto, á nosa historia persoal. Pero hai outras vidas que se cruzan coa nosa, que converxen coa nosa ruta, que se mesturan cos nosos plans, e empurran os nosos pasos. Vidas que fan a nosa vida.

Ás veces, ese efecto esténdese no tempo de xeito constante, visible, a cotío consciente. Outras veces, en cambio, resólvese nun Guadiana que, a partir dun primeiro contacto, reaparece con cadencia máis ou menos esperable. É frecuente que, neste caso, só cando o percorrido é xa moi longo, ou na mesma desembocadura, nos decatemos de que a concatenación deses episodios nos que alguén fixo algo por nós, ou connosco, ou simplemente cerca de nós, marcou de tal xeito a nosa forma de ser e entender o mundo que, sen a suma desa presenza no noso pasado, non seríamos os que somos. A nosa vida non sería a nosa vida.

Este é exactamente o sentimento que me guía a man ao escribir estas poucas palabras, poucas, para expresar tantas cousas, sobre Daniel García Ramos.

Recórdoo con nitidez cando hai moito, moitísimo tempo xa, trataba de encamiñar a súa nova vocación de xurista cara á carreira xudicial. Quería ser xuíz. O meu propio pai, outra desas personalidades que van deixando suco, asumiu a tarefa de axudarlle a preparar as oposicións.

Pero non foi. Entón, non. O destino, ou mellor direi a fortuna, para non ocultar inutilmente a face egoísta da miña análise, que enseguida terei que desenmascarar, quixo que o seu xenio acabase xerminando no mundo universitario.

En efecto, alí, na Universidade de Santiago, onde exercía unha esplendorosa tarefa docente, volvíñ cruzarme con el.

Dicir aquí que foi o mellor profesor que tiveron talvez resulte inxusto para a súa memoria, porque no contexto dunha homenaxe adoitamos dar por boa, e, ata por suposta a esaxeración dos méritos de quen a recibe; e sucede, non obstante, que neste caso non fago uso de licenza laudatoria ningunha: a afirmación de que foi o mellor é, polo menos para min, netamente certa.

E é que quizais poderá resultar estraño, para os que non o gozaron, saber que nas leccións de Facenda Pública que impartía Daniel García Ramos aprendín en realidade os fundamentos esenciais do Dereito.

Cun discurso nítido, dotado da sinxeleza transparente coa que só os sabios conseguen explicar e facer entender o máis difícil, el sementou no máis profundo da mente dos seus discípulos o primeiro que debe saber un xurista. Alí empecei a aprender, en efecto, que o coñecemento é a base da nosa tarefa, pero que serve de pouco saber moito Dereito se non sabemos para que serve, ou mellor dito, para que ten que servir.

El respondeu co seu propio currículo a esa cuestión. Dedicou, de feito, a súa vida, a escenificar a resposta. Fíxoo, unha vez máis, coa lóxica contundente, coa seguridade envexable, de quen vive de conviccións. Un bo día, o profesor brillante, o avogado de prestixio labrado a forza de rigor, ao que o seu talle xurídico permitira unha posición acomodada, botouno todo pola borda da coherencia. E púxose outra vez, como cando eu o coñecera anos atrás, a preparar as oposicións de Xudicatura.

Con aquela decisión admirable escribiu o mellor capítulo da súa propia historia. Deulle vida na súa vida á gran resposta que resolvía a gran pregunta: é importante saber Dereito, pero o verdadeiramente importante é que o Dereito sirva para o que ten que servir: para facer xustiza, para aboar a paz social, para que os seres humanos rexan as súas relacións conforme á razón socialmente pactada, en resumo, para que, como reclamou Cicerón, as armas cedan ante as togas. E, agora si, Daniel vestiu a toga.

É dicir, fixo o contrario que a maioría de nós, que buscamos na toga o sentido profesional da nosa existencia, e arredor dela construimos a nosa personalidade de xurista. El, ao reactivar a súa vocación primeira, tras o seu periplo frutífero polo saber académico, conseguiu, con moito máis sentido, regalarlles á toga, á xudicatura, á xustiza, o sentido e o valor xa gañado da súa intensa e rica experiencia.

E xusto entón volveu a entrar na miña vida. Eu xa era xuíz, e tiven a gran honra, a satisfacción íntima e confesable de cederlle o paso ao xulgado de Verín, que eu servía en prórroga de xurisdición ata que el chegou. Outro aceno da fortuna: o discípulo facendo sitio ao mestre.

Paseou dende entón a súa figura eminente pola xustiza galega. Todo un punto de referencia para os que xunto a el aprendemos, ao paso desa democracia que por entón botaba a andar, o empeño do xuíz que cre na súa misión, e sabe cal é. A súa estampa cabal e venerable reflectía con exactitude a solidez desa convicción, e achegaba unha especie de auctoritas patriarcal ao noso impulso. En Xustiza Democrática, en Xuíces para a Democracia, el e outros como el prenderon a lapa daquel compromiso.

Seguín a miña ruta, pero gardei sempre a sensación da súa presenza. Non hai moito, novo aínda para o que hoxe nos toca vivir, deixounos para sempre o seu caudal de dignidade e de rigor xurídico. Hoxe volvo cruzarme con el. Que non sexa a última vez, mestre, compañeiro.

Hai trinta e moitos anos, un novo xuíz de Primeira Instancia e Instrución foi destinado a Bande. A vila ourensá está situada preto das extremas con Portugal onde as serras do Xurés e Santa Eufemia fan linde coas terras de Lindoso, transidas desde Galicia polo río Limia, a dicir da tradición, o río do esquecemento que desenfiteizou Décimo Junio Bruto.

Aquel xuíz gozou da modestia do seu destino e, desde o primeiro día, foi quen de mergullarse no ser da xente. Tal vez por iso sempre falou o idioma do común, o galego, e foi nesa lingua agarimosa na que recibiu a información de que naquel cacho de terra galega nacera Faustino Santalices, gaiteiro, rescador de zanfoña e de fermosos cantares como o “Romance de don Gaiferos”.

Il, que deseguida inzou coa forza do toxo na terra brava da súa xurisdición, tamén practicou, xunto ao seu ministerio, a defensa do cachón da cultura popular. Polas corredoiras da bisbarra conservábase fresca a memoria de tempos pasados. Non moi lonxe constituírase a principios do século XIX a Xunta de Lobeira, presidida polo bispo de Ourense, don Pedro de Quevedo e Quintano, que fora o alicerce da resis-

tencia e frustramento dos naturais do país contra os imperiais do exército do mariscal Sout. Esas mesmas terras, xa cara o val do río Salas, afluente do Limia, foron testemuñas do desterro do poeta Noriega Varela, e mesmo de Bande eran nados persoeiros de sona como o escritor Eugenio Montes.

Así coñeceu a un home bo e grandón. Contido e continente xuntos, constituían unha persoa especialmente servizal e honesta, que prestaba o seu oficio como porteiro do xulgado de Bande. Estou a falar dun vello garda civil xubilado, que polo cativo da pensión que lle quedara, seguía a traballar no que entón denominaban “destinos civiles”.

Nemesio, como así se chamaba aquel bo home, facía o seu traballo animoso e ledado, sempre disposto. A miúdo dirixía como auténtico axente de policía xudicial as pescudas que levaba o xulgado. Coido que o xuíz delegaba e confiaba nel mellor e máis que en calquera outro dos seus colaboradores. De autopsias semellaba saber tanto como os forenses; nos interrogatorios ninguén o superaba en habelencias, e se tiña que pór no seu sitio a calquera, facíao con autoridade, sen mancar nin ofender.

Tal vez por iso, Nemesio e o xuíz constituíron unha parella exemplar e eficaz, que sempre remataba o seu labor na taberna, fronte a unha cunca de viño do Ribeiro e, de cando en vez, dando cabo dun cocido épico. Logo, ían pasear polos infinitos camiños do lugar, pola Vía Nova, pisada secularmente desde os tempos da romanización. E visitaban a herdanza dos devanceiros visigodos, Santa Comba, testamento en pedra que os devolvía á realidade do país.

Falaban, falaban da vida e ás veces do viño, e o xuíz lembraba a derradeira estrofa dun soneto de Neruda:

*Tu cornada mortal nos da la vida
y nos deja tendidos en el suelo,
respirando y cantando por la herida.*

Nemesio respondía:

–Don Daniel: iste ano imos ter boa colleita.

O xuíz, un dos máis queridos de cantos pasaron polo xulgado de Bande, era Daniel García Ramos. Eu coñecino e trateino; mereceu a miña admiración. Tamén tratei moito a Nemesio. Os dous dormen fóra da casa hai tempo. Supoño que seguirán compartindo conversas no outro mundo.

RESPONSABILIDADE SOCIAL DA EMPRESA E GOBERNO DAS SOCIEDADES

– I –

As sinxelas liñas que seguen constitúen só unha pequena homenaxe na lembranza de Daniel García Ramos, maxistrado de excepcional valía, compañeiro de longas conversas que o tempo non poderá riscar da memoria. Ao seu fondo e irrevogábel compromiso con Galicia, unía un sentido da amizade tan fondo que non resultaba afectado por miudezas da vida. E o seu completo e sólido coñecemento do Dereito traduciuse nunha praxe, na que a carón do seu dominio da técnica xurídica brillaba a súa interpretación das normas xurídicas á luz dunha grande sensibilidade social. Por razóns profesionais, algunhas veces parolamos dabondo sobre as sociedades mercantís, a adquisición da personalidade xurídica, a sociedade en formación e o seu réxime xurídico e cousas semellantes. Por iso elixín un tema que ben seguro lle gus-

taría moito, porque presenta retesías de futuro que a ninguén poden deixar indiferente, e moito menos a un home de espírito aberto e pioneiro como Daniel.

– II –

Co nome de Responsabilidade Social da Empresa (RSE), refírome ao concepto da Corporate Social Responsibility (CSR), da que se ven falando hai xa bastantes anos, aínda que era unha elaboración un chisco etérea que non pasaba ás veces do campo da retórica e as boas intencións. Algúns autores españois e latinoamericanos, utilizando unha transcripción literal da coñecida expresión anglosaxona, falan da “Responsabilidade Social Corporativa” (RSC). Pero eu considero máis axeitado empregar a denominación “Responsabilidade Social da Empresa”, en primeiro lugar porque reflexa máis correctamente o equivalente no ordenamento xurídico español do concepto inglés; en segundo termo, porque se evita a equívoca polisemia dos termos “corporación” e “corporativo” na linguaxe xurídica española; e finalmente, *last but not least*, porque RSE é tamén a expresión que se utiliza

na versión en español e portugués e noutros idiomas latinos dos numerosos documentos comunitarios que se ocupan do tema.

A RSE esencialmente é un concepto que parte dunha acción voluntaria das empresas para contribuír á consecución dunha sociedade mellor en tódolos aspectos a carón do obxectivo esencial da súa existencia que consiste en obter un beneficio económico. Nun Libro Verde da Comisión da Unión Europea dedicado a este tema, no ano 2001 definiase a RSE como “a integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e ambientais nas súas operacións comerciais e nas súas relacións cos seus interlocutores”. A responsabilidade social non significa simplemente cumprir coas obrigas e deberes xurídicos, o que se ten que dar como suposto e implica un “prius” imprescindible. Polo contrario, a RSE implica ir alén do cumprimento da lexislación, e polo tanto non trata de substituír ou eliminar a lexislación sobre dereitos sociais, preceptos ambientais ou calquera outra norma necesaria.

Un exemplo nido de actuación en consonancia coa RSE é o que leva a cabo o Consello Empresarial Mundial

para o Desenvolvemento Sustentábel (World Business Council for Sustainable Development). Esta asociación, da que forman parte máis de 200 empresas de todo o mundo para compartir coñecementos e máis experiencias sobre o desenvolvemento sustentábel e a RSE, naceu por iniciativa dun empresario suízo ao calor da Conferencia de Biodiversidade de Río de Janeiro en 1992. Na actualidade pertencen ao Consello grandes empresas de 35 países con actividade en 20 dos principais sectores industriais. Entre elas hai que mencionar a maioría dos grandes xigantes mundiais como Vodafone, Nokia, Alstom, Shell, IBM, Hitachi, Honda ou Toyota, pero lamentablemente só dúas empresas españolas, en concreto Acciona e Repsol. Para conseguir os seus obxectivos o Consello céntrase en catro áreas fundamentais: enerxía e clima, desenvolvemento, papel da empresa e ecosistemas. En coherencia cos seus propósitos presentou diversos proxectos xerais como o relativo a eficiencia enerxética na construción, ou sectoriais como a sustentabilidade nas industrias forestais ou nas do cemento. Ademais, pulou por diversas iniciativas entre as que salienta a creación e funcionamento do Fondo Común de Patentes Ecolóxicas (*Eco-patents*

commons). Esta iniciativa , e por iso o seu nome, ten por finalidade crear un fondo común de patentes que directa ou indirectamente protexen o ambiente, e que son aportadas ao fondo polas empresas titulares das patentes para que poidan ser utilizadas por calquera a título gratuito. Preténdese que empresas fortes poidan desprenderse de patentes útiles para preservar o medio, que para elas aínda sendo importantes non son vitais, pero que poden ser de grande interese e utilidade para outras empresas sobre todo ao non teren que pagar regalías por elas.

Cada empresa membro do Consello que desexa pertencer ao fondo común de patentes ecolóxicas ten que ceder de balde ao fondo alomenos unha patente que beneficie ao medio de xeito directo (por exemplo unha patente para acelerar a purificación de augas residuais) ou indirecto (sería o caso dunha patente para a fabricación dun produto que xera menos lixo ou implica un aforro enerxético). Na primavera deste ano 2009 xa cederon patentes ao Fondo nove grandes empresas como IBM, Bosch, Nokia ou Sony, e a lista de patentes do Fondo está integrada por máis de cen patentes norteamericanas, xaponesas e europeas, en principio moi valiosas porque foron

concedidas tras un exame previo dos requisitos de patentabilidade.

ARSE é unha cuestión que debe preocupar a todo tipo de empresas, grandes, pequenas e medianas, aínda que con certeza é máis frecuente que se poña en práctica en grandes empresas, entre outras razóns porque nas PEMES ten menor transcendencia e “visibilidade”. As medidas conectadas coa RSE poden ter maior transcendencia nun momento de crise como o que vivimos. O vicepresidente da Comisión Europea e actual comisario de Empresas e Industria, Günter Verheugen, afirmaba en febreiro de 2009: “Europa só poderá florecer e conseguir os seus obxectivos de sustentabilidade nos seus tres piares fundamentais –competitividade, protección medio ambiental, e inclusión social– se confía nas empresas e estas son merecedoras de confianza e avaliadas positivamente polas súas contribucións á sociedade”.

– III –

Por todo o devandito, non pode estrañar que o concepto da RSE fora adquirindo crecente interese so-

bre todo no último decenio. Así se comproba dende logo no ámbito da Unión Europea. O Libro Verde de 2001 xa citado, foi seguido por unha comunicación do ano 2002 para a creación dun foro multilateral sobre a RSE, e mais recentemente por outra comunicación da Comisión do ano 2006 na que se propón que Europa constitúa un polo de excelencia para a responsabilidade social das empresas e se pula pola creación dunha Alianza Europea para a RSE. De calquera xeito, tamén hai que salientar que a RSE non só vai avanzando en Europa, senón que tamén progresa en todo o mundo. É significativo que a preocupación pola RSE chegase mesmo á reunión do G-20 celebrada o 2 de abril de 2009 en Londres, e na que se manifestou a preocupación polo futuro, a pesar de que algúns (en particular en España) xa ven medrar “gomos verdes” (*green shots*) que permiten albiscar a mellora da situación. Pois ben, no documento final, entre outras medidas que poden afectar ás institucións tradicionais do Dereito mercantil, expresamente acórdase “referendar os novos rigorosos principios en materia de pagamentos e retribución dos administradores formulados polo Fondo de Estabilización Financeira e apoiar esquemas

de remuneración societaria sustentábel así como a responsabilidade social corporativa de todo tipo de empresas”.

Neste contexto de preocupación pola crise e o avance vagaroso dos principios e ideas da RSE é fácil comprender o escándalo desatado en todo o mundo polas retribucións multimillonarias de dirixentes e administradores que conduciron ás súas empresas ao caos económico e financeiro e mesmo á quebra. Sen entrar noutros problemas xerais neste momento, só importa subliñar as medidas adoptadas en algúns países para intentar coutar estes abusos. Nos Estados Unidos o presidente Obama hai pouco acordou limitar a 500.000 dólares (arredor de 400.000 €) os soldos dos directivos dos bancos que reciban axudas do Estado no futuro. Pola súa parte, en Francia, un Decreto de 30 de marzo de 2009 acaba de establecer límites de retribución para os dirixentes de empresas que recibiron axudas do Estado como os seis grandes bancos franceses e as empresas de automóbiles Renault e Citroën. Non só non se poderán entregar aos administradores opcións sobre accións e accións gratuítas até finais de 2010 senón que a concesión

de eventuais “bonus” estará sometida a regras moi estritas. O mais rechamante quizais sexa que en España, aínda que a situación non sexa exactamente igual, cun goberno que se gaba de ser un dos mais progresistas de Europa e do mundo, nin se falara desta posibilidade.

– IV –

A empresa é obxecto e non suxeito do Dereito, e xa que logo, as decisións atinxentes á RSE serán adoptadas en termos xurídicos non pola empresa senón polas persoas físicas ou xurídicas titulares da empresa, que na esmagadora maioría dos casos son sociedades. Polo tanto, calquera medida que implique a posta en práctica de medidas de RSE debe ser adoptada polo órgano administrativo da sociedade, que en mais dun noventa e cinco por cen dos casos será unha SA ou unha SRL. Pero, evidentemente, para que se poida adoptar tal decisión os administradores deben estar lexitimados para proceder nese sentido. De non ser así poderían ser demandados pola propia sociedade ou polos socios por teren incorrido en

responsabilidade nos termos do artigo 133 da LSA, e esta posibilidade actuaría como freo para avanzar no camiño da RSE.

Pois ben, a actual lexislación español en materia societaria e moi en particular no caso da SA, claramente dificulta a adopción de medidas de RSE porque aínda sigue ancorada rixidamente arredor dunha visión contractualista da sociedade anónima, na que xuridicamente só teñen relevancia os intereses dos socios accionistas que realizaron unha achega para obter un beneficio económico. Os intereses doutros grupos, como asalariados da sociedade, clientes, consumidores, ou comunidades locais non son tomados en consideración para integrar globalmente o concepto de interese social. Como e ben sabido o concepto do “interese social” é un vello e clásico tema de discusión na doutrina. Pero nin este tema nin os deberes dos administradores tiñan reflexo axeitado no texto refundido da LSA aprobado no ano 1989, que no artigo 127.1 sinalaba, e por certo sigue sinalando que “os administradores desempeñarán o seu cargo coa dilixencia dun ordenado empresario e dun representante leal”. No contexto dunha ampla refor-

ma provocada pola chamada Lei de transparencia de 2003, introdúcese un novo artigo 127 bis, segundo o cal: “os administradores deberán cumprir os deberes impostos polas leis e os estatutos con fidelidade ao interese social, entendido como interese da sociedade”. Alén da tautoloxía que supón dicir que o interese social debe ser entendido como o interese da sociedade, que é como non dicir nada, parece evidente que se desaproveitou a oportunidade de lexitimar medidas de RSE adoptadas polos órganos da sociedade. Bastaría dicir que o interese social debe ser entendido esencialmente como o interese dos accionistas sen esquecer os de outros interesados na marcha da sociedade como traballadores, clientes, provedores etc.

Na ampla lista de deberes dos administradores que, por consecuencia da Lei de transparencia, incorporan os artigos 127 a 127 quáter da LSA, non hai ningún no que directa ou indirectamente se faga referencia a deberes en relación con intereses de grupos afectados pola RSE e distintos dos accionistas. Por outro lado, e como contrapartida, apenas experimentaron modificacións os supostos de nacemento

da responsabilidade dos administradores. O artigo 133.1 da LSA sigue dicindo que “os administradores responderán fronte á sociedade, fronte aos accionistas e fronte aos acredores polo dano que causan por actos contrarios á lei ou aos estatutos”; únicamente desaparece no inciso último a referencia á responsabilidade polos actos realizados “sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo” para ser substituída pola responsabilidade polos actos “realizados incumprindo os deberes inherentes ao desempeño do cargo”, en harmonía coa esmiuzada, aínda que criticábel regulación dos deberes dos administradores na vixente redacción da LSA. En definitiva, adoptar decisións que impliquen medidas de RSE, pénsese por exemplo na achega gratuíta dunha patente sobre un invención relativa ao ambiente ao fondo común descrito, pode xerar responsabilidade para os administradores. Cunha visión contractualista estrita, como a vixente na LSA española, os administradores incumprirían o deber de ser fieis ao interese social entendido como interese dos accionistas en que se incremente e multiplique o valor da súa cota de participación na sociedade, ou polo menos que tal valor se manteña.

Ante a situación descrita e as dúbidas que poden plantexarse, é razoábel pensar que os administradores recúen no momento de adoptar decisións sobre RSE. O lexislador español, pois, perdeu tamén a oportunidade de facilitar a posta en práctica de medidas de RSE inserindo entre os deberes dos administradores o de teren en conta intereses de outros grupos e non só dos accionistas.

Neste sentido paréceme moi suxestiva e progresiva a solución británica e portuguesa. No artigo 172 de Lei británica de sociedades de 6 de novembro de 2006, que certamente foi obxecto de viva polémica perante o debate parlamentar, regúlase o denominado deber de “procurar o éxito da sociedade”. E para o cumprimento deste deber o citado precepto, entre outras cousas, di que os administradores deberán ter en conta os intereses a longo prazo da sociedade, os intereses dos traballadores da empresa, as necesidades de incrementar as relacións comerciais con clientes, provedores e outros, a necesidade de prever o impacto das operacións da sociedades sobre a comunidade e o ambiente. Este interesante texto legal que non podemos analizar neste momento

polo miúdo, mesmo no número 3 sinala que os administradores deberán actuar en certos casos tendo en conta os intereses non dos accionistas, senón dos acredores. Na mesma liña se pronuncia, aínda que con menor amplitude que o texto británico, o código portugués de sociedades comerciais. O artigo 64, modificado polo Decreto Lei 76-A de 29 de marzo 2006, tamén inclúe entre os deberes dos administradores o de ponderar, ademais dos intereses de longo prazo dos socios, os de outros suxeitos relevantes para a sustentabilidade da sociedade, como os seus traballadores, clientes e acredores.

Na miña opinión o lexislador español debera seguir o exemplo de Portugal e do Reino Unido, e deste xeito a RSE pasaría de ser un concepto retórico e vapo-roso a ter unha posibilidade real de desenvolvemento con apoio en textos legais. Dito noutros termos, a RSE comezaría a pasar “de las musas al teatro”, como reclamaba o clásico. Por suposto esta actitude implicaría cambios na concepción da sociedade anónima que non podería estar dominada por unha visión puramente contractualista, na que se teñan presentes de xeito exclusivo os intereses dos accionistas por

obter o máximo beneficio económico da súa achega. Tampouco, ao meu ver, debería derivarse cara unha visión institucionalista pura na que a sociedade fora unha simple ferramenta económica ao servizo de políticas económicas e sociais públicas, porque iso suporía un atentado contra os dereitos dos accionistas que poñería en cuestión principios e dereitos constitucionais e desanimaría a calquera investidor no futuro. Probablemente habería que atopar un punto intermedio no que o interese social e os deberes dos administradores tiveran que ter en conta de xeito predominante pero non exclusivo os intereses dos accionistas. Partindo desta filosofía sería máis fácil a adopción de medidas de RSE que indirectamente tamén beneficiarían no longo prazo aos accionistas. En definitiva, habería que efectuar movementos, aínda que fora de vagar e con cautela, para evitar que a sociedade anónima ficara petrificada como xa teño advertido hai bastantes anos.

XOSÉ GONZÁLEZ MARTÍNEZ

FUNCIONARIO ADMINISTRACIÓN LOCAL

Téñenme preguntado moitos amigos como naceu ao galeguismo Daniel García Ramos. Conteillelo. Pero son moitos aínda os que descoñecen esa circunstancia. A súa conversión ao galeguismo cóntaa o teólogo Andrés Torres Queiruga na volta de 1996, cando a Fundación Premios da Crítica o distinguiura co nomeamento de “Galego Egrexio”: “Daniel, que desde a súa fundación pertence ó movemento de Xuíces para a Democracia, escoitou un día o desafío lanzado, en forma de acusación provocadora, pola Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística: demócratas, si, pero galegos de consecuencia e de verdade? Percibe a chamada e recolle o desafío. Rebélase dalgún xeito e así o fai sentir: el era ambas as cousas, con non menor intensidade nin máis feble paixón ca ninguén. Pero na entrevista comprende algo novo: chega o tempo de romper o illamento, de se encadrar cos demais nunha actuación pública, conxunta e programada”. Cómpre dicir que deica entón Daniel García Ramos non tiña notoriedade na sociedade galega, agás nos medios xudiciais.

Efectivamente, Daniel García Ramos, era un voceiro cualificado da Asociación de Xuíces para a Demo-

cracia, con ámbito de actuación en todo o territorio do Estado. Pero na Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística notabamos que aquela asociación, de clara tendencia progresista, non acababa de incorporarse decididamente ao proceso galeguizador da administración de Xustiza. Unicamente Claudio Movilla Álvarez, que entón era presidente da Sala do Contencioso da Audiencia Territorial da Coruña e tamén membro de Xuíces para a Democracia, accedera ao meu pedido de ditar unha sentenza en lingua galega, no mes de maio de 1985. Eu mesmo propuxéralle que escollese calquera dos contenciosos que tiñan por resolver do concello de Redondela, no que a administración municipal perdese o preito. E así foi. Despois de catro séculos escuros, a lingua galega volveu ser utilizada por unha instancia xudicial en Galicia.

Pero volvamos ao punto no que se produce a conversión de Daniel García Ramos ao galeguismo. Celebraba a asociación Xuíces para a Democracia un congreso na facultade de Dereito compostelán, e a min invitárame a TVG a participar nun debate-coloquio. Pareceume que a oportunidade viña que nin pinta-

da para poder centrar as miñas intervencións sobre a normalización lingüística. Pero antes comentei co meu amigo e presidente da Asociación de Funcionarios, Xoaquín Monteagudo, a oportunidade de aguilloar publicamente aos xuíces reunidos en cónclave. Quería afearllela conduta polo non cumprimento da Lei de Normalización Lingüística, e nomeadamente por aquilo que nos parecía máis escandaloso: a utilización deturpada da toponimia nas resolucións xudiciais. Monteagudo, coa súa peculiar retranca e coñecedor da mentalidade daqueles xuíces cos que se tiña que relacionar pola súa profesión de avogado, animoume a lanzarllelo aguillón, pero sabendo que son capaces de querelarse contra ti. Bueno –dixen eu–, pois reprochándollela súa conduta con boas palabras non terán motivos para a querela por difamación ou calquera outro tipo penal que me queiran imputar.

Debín ser duro de máis, porque nun descanso do programa para emitir publicidade o seu moderador mostroume a súa preocupación polos xuízos de valor emitidos, que poderían ocasionarlle algún problema á dirección de “A contrafío”, que así se chamaba o

programa. Tal era o medo reverencial que se lle tiña ao poder xudicial. Pero eu estaba decidido a aproveitar a ocasión e na segunda parte do debate volvíñ insistir, malia o desgusto do moderador.

Ao día seguinte, xa no meu despacho, tiven o presentimento de que as miñas opinións puideran ter creado malestar. Non andaba eu desencamiñado. A media mañá comunícanme que está ao teléfono un maxistrado que pregunta por min. A presentación foi esta (en castelán): “Le habla el magistrado de la Audiencia Provincial de Orense, Daniel García Ramos. Quiero saber si fue Vd. la persona que intervino en un programa debate de la Televisión de Galicia”. Pois, si, –respondíñlle en galego e con frialdade, sospeitando o comezo dun interrogatorio xudicial, previo á reprimenda–, vostede dirá –inquerín. O meu interlocutor calou uns segundos, mudou o ton de voz e díxome que ía falar galego, xesto que lle agradecín. Refoleguei e dispúxenme a escoitalo. Quedei pampo. A súa chamada era para felicitar-me e saber se nos podíamos coñecer. Citámonos en Compostela despois de acordarmos a maneira de facelo na clandestinidade: con cadansúa publicación debaixo do

brazo, que nos identificaría mellor. Así foi como nos recoñecemos. Botamos horas a falar. Despois dunha demorada conversa que durou oito horas, volvíñ para Vigo ben de mañanciña. Pagara a pena aquel encontro. No meu longo labor de apostolado galeguista, Daniel, foi un dos logros máis sonados.

Despois de expoñerlle os nosos proxectos, Daniel solicitou o seu ingreso na Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística. Así conta el esa reconversión ao galeguismo no discurso pronunciado na “Cea das Letras” en Vigo: “No máis profundo da miña conciencia de galego esperta unha forte arela de que a súa transcendencia acade do meu espírito a decisión inquebrantable de seguir, malia a distancia que as miñas limitacións me imponen, polos vieiros que eles trazaron –estase a referir aos que antes ca eles foran nomeados “Galegos Egrexios”– unha traxectoria, dificilmente igualable, de entrega a Galicia, ó seu engrandecemento, o seu esforzo permanentemente consagrado á dignificación da nosa identidade como Pobo e a exhaltación da nosa esencia nacional”. Eses degaros de dedicación á causa galeguista vainos concretar compartindo proxectos e

ilusións “cos compañeiros que proveñen de tódolos ámbitos da realidade galega: corpo de funcionarios, profesionais liberais, o mundo da empresa, dos medios de comunicación. É a todos estes compañeiros que están preto de min, en especial, ós entrañables amigos da Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística, a quen lles é atribuíble, en verdade e por xustiza, a condición de Galegos Egrexios; a todos eles o meu público recoñecemento”.

Durante os anos que permaneceu ao noso carón, Daniel García Ramos sentíuse cómodo nas tarefas e proxectos que animaban á Asociación. Foi Daniel un home dunha peza, dotado dunha sensibilidade pouco común para o trato cos demais, sempre disposto a participar sen protagonismos e vaidade en cantas actuacións programabamos. Durante ese tempo mantivemos xuntanzas con distintos colexios profesionais: de notarios, avogados, rexistradores... Importantes foran as declaracións conxuntas que realizáramos coas asociacións de avogados e centrais sindicais para animar ao proceso de normalización lingüística no ámbito do Dereito. Decisivo foi tamén o acordo tomado polo pleno do Consello Galego de Relacións

Laborais, baseado na nosa proposta para a galeguización das relacións laborais, nomeadamente na negociación colectiva con inclusión dun capítulo titulado “Dereitos lingüísticos dos traballadores”.

A súa alma estaba tinguida dun sentimento infindo de amor á Terra. Foi durante os anos que permaneceu en Bande onde se enchoupou dese sentimento. Dominaba como poucos a retranca, que lle servía como arma dialéctica, e os moitos recursos lingüísticos que aprendera dos paisanos da raia ourensá. Ese exercicio puidemos comprobalo cando lle encargamos unha colaboración para o libro “Contos da Xustiza”. A súa achega literaria estaba escrita con sensibilidade e bo coñecemento da idiosincrasia preiteante dos galegos.

A súa exquisita sensibilidade para a relación humana non foi correspondida por algúns compañeiros do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Foi aquí onde Daniel traballou arreo para que esta instancia xudicial estivese dotada, igual que as Audiencias Provinciais, cos correspondentes servizos de asesoramento lingüístico para garantir o principio da cooficialidade. Esta pretensión chocou frontalmente coa ideo-

loxía dun sector conservador da xudicatura contrario á normalización lingüística. Malia estas reaccións contrarias a dereito, Daniel non se arredou e seguíu teimando neste proxecto de noso, que a Xunta de Galicia non tivo máis remedio que apoiar. Teño a grata lembranza dos días que precederon a un coñecido xuízo que se celebrou contra un político galego acusado de prevaricación, que el presidíu. Debates no seo da asociación a oportunidade que se nos presentaba para proxectar publicamente o modelo de normalización lingüística que queríamos para a Administración de Xustiza. Había que garantir os dereitos lingüísticos dos xustizables, dos letrados e da Presidencia do Tribunal, que recaíra nel. Para non incorrer en indefensión xurídica solicitou que a Xunta de Galicia nomease un tradutor, que estivo presente en tódalas sesións da vista oral. E hai que dicir que esta garantía procesual apenas foi utilizada porque ningunha das partes a solicitou, dando por ben feito que Daniel, como presidente do Tribunal, interrogase ás partes en lingua galega. Mesmo un dos avogados defensores, que era extremeño, fixo unha acendida louva da lingua galega.

Aquel xuízo, exemplo de garantías procesuais, que recibíu os parabéns da prensa madrileña, botou por terra o catastrofismo agoirado polos sectores conservadores da xudicatura. Quedaba claro que o alcance da cooficialidade lingüística establecida polo ordenamento xurídico podía exercitar nun clima baseado no respecto ás leis e aos dereitos dos xustizables.

Estaba ilusionado Daniel con ter accedido ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia porque parecíalle que iso lle brindaba un abano de maiores posibilidades de vencellar a súa función xurisdiccional ao servizo dos cidadáns, de conxuntar os seus ideais coa realidade social galega, de procurar o achegamento da Xustiza ao Pobo, cronicamente del afastada e a el allea. Estas eran as súas inquedanzas: que Galicia dispuxese dun Dereito Civil propio, e a outra, para el irrenunciable, era a loita por acadar a plena normalización do noso idioma, non só no contexto máis inmediato (o da Administración de Xustiza), senón en tódolos ámbitos; consciente de que este propósito a prol do proceso normalizador da nosa lingua se confunde coa loita a prol da nosa cultura, da nosa identidade como Pobo.

Nos derradeiros anos da súa vida o maxisterio de Daniel García Ramos foi intenso: conferenciante, articulista... participando en mesas redondas, congresos... sempre disposto a espallar as bondades do uso da lingua galega en tódolos ámbitos da vida social, cultural económica e institucional. A lingua galega non só é un dereito individual, senón que tamén é –sobre todo é– a máis profunda expresión da realización histórica do Pobo galego, ao constituír a cerna da súa personalidade, da súa irrenunciable razón de ser como tal Pobo –dicía– ante o seu propio destino, que, con frecuencia, se amosa na nosa historia como fado –non doado– de manter a nosa identidade cultural, social e mesmo territorial.

Adoita repetir Daniel con socrática intención que os camiños da nosa dignificación idiomática e nacional aséntanse agora nas posibilidades que nos confire o marco legal vixente. Esta era a mensaxe que como un retrouso literario repetía teimosamente.

Daniel García Ramos é, xunto con outros próceres do galeguismo, un referente na historia de Galicia, na loita pola dignificación da nosa lingua, facendo fincapé na idea de que “a imposición idiomática do

castelán ten un significado dogmático, de intranxencia, que degrada o galego ao nivel de lingua minorizada, recluíndoa a un inferior rango de fala residual, desprestixiándoa nos ámbitos culto e oficial”.

No ano 1999 a lingua galega perdeu tres valedores cualificados, tódolos tres pertencentes á xudicatura: Daniel García Ramos, Claudio Movilla Álvarez e Orencio Pérez González. A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, que tivo a honra de telos entre os seus membros, non deixou de turrar por un proceso que vai gañando en número espazos xudiciais para a lingua galega. A constitución da Irmandade Xurídica Galega (IXUGA) é o resultado da ilusión daqueles maxistrados que soñaban cunha xustiza vencellada ao pobo que ten como lingua maioritaria a galega.

Quero rematar cunha suxestión de Daniel, como colofón final: “Eu propugno unha actitude de comprensión, na que os avances normalizadores que aquela realidade determina, non como desiderátum retórico e ilusorio, senón como imperativa adecuación á nosa realidade lingüística, eu propugno que tales avances se vaian conseguindo, sen demora –certo é–

pero sen traumatismos, procurando un reencontro: a nosa galegitude; agora ben, tal sentimento de solidario reencontro non exime nin xustifica a reticencia, a pasividade, o incumprimento dunha legalidade que é froito da decisión democrática plasmada pola Constitución no ámbito do Estado e, en Galicia, por un Estatuto de Autonomía que foi refrendado pola meirande parte dos galegos”.

Estes presupostos de García Ramos esixen nobreza na actitude, como preconizaba Daniel, afastando as pantasma que cren –ou queren– ver algúns sectores con deformada visión da realidade. Dicimos non ós sectarismos, á intolerancia, á intransixencia; non desexamos un proceso normalizador traumatizante; respectamos a liberdade individual na opción do dereito lingüístico, pero ao que non se pode renunciar –porque é algo transaccional– é á firme esixencia de que a legalidade se cumpra. Isto supón –sen excepcións e noxentas compracencias– que todos e cada un de nós asumamos a nosa propia responsabilidade; asunción de responsabilidade que incumbe, en primeiro lugar, aos poderes públicos.

Cando Montesquieu establece as bases do que será o tradicional sistema de división de poderes, o que trata de establecer é unha especie de desconfianza mutua entre os mesmos, de tal maneira que ó final se consiga un equilibrio, non exento de conflitos, que impida a absoluta preeminencia dalgún deles sobre os demais. É nesa dinámica, común a todos os Estados –incluídos os democráticos–, na que se detecta un certo receo dos responsables policiais (Executivo) a ser permanentemente controlados polos encargados de velar pola legalidade de todas as súas actuacións (Xudicial). A diferenza entre un Estado policial –no que as forzas de seguridade actúan á marxe do poder xudicial ou en connivencia co mesmo– e un Estado de Dereito consiste precisamente en recoñecer a xustiza como único punto de referencia da actuación policial, en especial cando o fai na investigación e represión do delito, toda vez que normalmente supón a afectación de dereitos e liberdades.

Se nos réximes autoritarios o Dereito acostuma ser percibido pola policía como unha molestia –de aí a propensión permanente a bordealo–, nos democráticos trataríase de simultanear a eficacia policial co

disfrute das liberdades dos cidadáns, de tal xeito que a conciliación entre orde e liberdade non se convirta nun mero exercicio retórico sen transcendencia para a comunidade á que se serve senón que constitúa o permanente obxectivo a conseguir. Nese marco de actuación, o Dereito non tería que ser máis co límite asumido do que debe ser o comportamento da policía respecto o papel que a sociedade lle asina dentro do sistema político no que se encadra a súa función. O tema do control da policía é un feito recorrente en todos os estudos que, a nivel mundial, realízanse en torno a este tipo de cuestións, sobre todo á hora de analizar aspectos como o denominado ‘poder de apreciación’ –é dicir, discrecionalidade nas súas actuacións– ou a tendencia á autonomía da mesma. Sumamente reveladora é a cita rescatada por Loubet del Bayle dunha Comisión Real de enquisa sobre a situación da policía inglesa: “O ben público quere que a policía sexa forte e eficaz no mantemento da orde social e na prevención do crime, e, de igual xeito, esixe que o poder dos policías sexa controlado e limitado de maneira que non amole arbitrariamente a liberdade individual. A solución é o compromiso. A policía ten que ser poderosa, mais non tiránica;

debe ser eficaz mais non demasiado dilixente; debe constituir unha forza imparcial na sociedade e estar ó mesmo tempo sometida a certa forma de control". Aceptando como boa a división das funcións policiais en dous grandes ámbitos –administrativo e xudicial–, o problema preséntase cando se trata de enmarcar dita actuación nunha estrutura orgánica. Dado que no dereito comparado non se coñecen experiencias de dependencia funcional e orgánica exclusivas da maxistratura, sería conveniente centrar a análise na vertente particular da Policía Xudicial (PX), sen que iso supoña esquecer os múltiples conflitos institucionais que se poden xerar entre xuíces e policía cando estes exercen misións de orde administrativa, sobre todo as relacionadas coa recollida de información e súa vinculación coas autoridades policiais.

No ámbito da PX, o papel dos corpos de seguridade non pode ser outro que o de auxiliar e seguir as directrices dos xuíces de instrución ou do ministerio fiscal. Agora ben, aínda cando existe un acordo case xeralizado á hora de admitir que xuíces e policía teñen que actuar sometidos ao principio de legalidade, ten ocorrido que, en aras dunha presunta efectividade

e con intencións diversas, en ocasións os segundos, pero tamén os primeiros, pretenden bordear unha normativa que entenden como un obstáculo á consecución dos seus obxectivos, de tal maneira que os xuíces convertíranse en simples sancionadores das actuacións policiais, sen cuestionar a súa legalidade nin controlar a súa execución.

Resulta xa habitual comprobar como, dende o Executivo –presionado por demandas dos aparatos de seguridade e da opinión pública–, chégase a acusar os xuíces e ao funcionamento da xusticia de non apoiar debidamente o traballo da policía, o que xustificaría o celo co que moitos responsables policiais tratan de preservar, en aras desa pretendida eficacia, o seu campo de actuación fronte ao control xurisdiccional exercido polos representantes do poder xudicial, así como impedir por todos os medios posibles que os axentes acudan os requirimentos daqueles, so pretexto das sempre recorrentes necesidades do servizo.

Unha vez feitas as anteriores consideracións de tipo xeral, convendría centrar a análise da cuestión aquí

proposta no caso español ao campo da PX. No momento de aprobarse a Constitución, en 1978, podíase manter a afirmación que, a principios de século, formulaba Fdez. de Velasco –“Policía xudicial realmente non existe entre nos”–, dado que seguía vixente a Lei de Axuizamento Criminal de 1882 que outorgaba a consideración de PX a todas as autoridades, funcionarios e persoas en xeral que levasen a cabo actuacións relacionadas coa seguridade.

Aínda que un decreto, de xuño de 1978, dispoñía a creación de unidades especializadas de PX nos corpos policiais do Estado para investigar determinados delitos, e que na lei de policía, de decembro dese ano, prevíase a creación de “unidades específicas” de PX no Corpo Superior de Policía, é de xustiza recoñecer o avance que supuxo outorgar recoñecemento constitucional á PX no artigo 126 da norma fundamental, ben é verdade que de forma bastante imprecisa e cunha remisión ao que dispuxese a correspondente lei de desenvolvemento. Sen determinar quen compoñía ou formaba parte da PX, se se establecía unha dependencia de xuíces, tribunais e ministerio fiscal, pero só para as funcións de “averiguación do delito

e descubrimento e aseguramento do delinciente”. Tendo en conta que o citado artigo remite ao criterio do lexislador, para Moreno Catena, aínda cando se trata dun instrumento necesario para o desenvolvemento da actividade policial intimamente ligado coa Administración de Xustiza, non é imprescindible que, como sosteñen algúns, teñan que formar parte dun novo corpo de funcionarios. A dependencia que alí se establece só é na medida e parte en que os policías realizan as funcións que no mesmo se recollen e, ademais, nos termos que a lei estableza, algo certamente difícil de conseguir, polo que sería máis razoable distinguir entre os funcionarios policiais que só ocasionalmente realizan funcións de PX e aqueles outros que integran as unidades de PX.

O interrogante que a dependencia de xuíces, tribunais e fiscais formula o artigo pode regularse de dúas maneiras distintas: dependencia absoluta –orgánica e funcional–, constituíndose aqueles en mandos dos policías, o que faría preciso desenvolver e regular tal posibilidade, ou dobre dependencia, dos anteriores órganos e do poder executivo, o que non só é habitual no Dereito comparado senón que, a xuízo do

citado autor, “xustificase con poderosas razóns”. Esa dualidade de dependencias suscita evidentemente problemas de confrontación, de “obediencia” aos dous superiores: orgánico, cando se fala de mandos policiais naturais, e funcional, cando é dos representantes da maxistratura.

Ferrajoli consideraba que a instauración dun novo ordeamento xurídico debería prever a creación dun Corpo de PX dependente dos maxistrados do Ministerio Público, adscrito exclusivamente a funcións de PX –non poderían ser nin sequera excepcionalmente delegadas nos actuais corpos de policía– e libre de calquera vinculación co poder executivo. Ademais, debería asegurarse non só a independencia externa da PX fronte o poder, mediante a súa organización baixo a dependencia do Consello Superior da Maxistratura, senón tamén a súa independencia interna, o que quere dicir que os seus compoñentes haberían de gozar das mesmas garantías de independencia que os maxistrados –autonomía, inamovibilidade, etc.–, pois soamente deste xeito poderían desenvolver unhas funcións que a miúdo colócanos en conflito co poder con efectiva seguridade persoal e autonomía política.

Fronte aos partidarios da existencia dunha PX dependente só do poder xudicial, Moreno Catena entende que “resulta un imposible” tanto por razóns de índole práctica xa apuntadas como por motivos estritamente xurídicos. Os labores de investigación criminal que levan a cabo as actuais unidades de policía científica esixen a utilización de técnicas e medios moi custosos, imposibles de adquirir en gran número, así como dunha centralización de recursos e información para obter os mellores resultados, polo que sería dificilmente xustificable unha hipotética dependencia do Consello Xeral do Poder Xudicial, por canto suporía unha substracción da PX á supremacía orgánica do superior xerárquico constitucional: xuíz, tribunal ou ministerio fiscal.

Esa posición tampouco é defendible dende o punto de vista xurídico-político, xa que, como afirma P.A. Ibañez, “nin a Maxistratura nin o seu órgano de goberno reúnen as condicións necesarias para dirixir a política criminal nin tampouco poderían responder politicamente por iso”, nin dende o da loita contra a delincuencia, pois esta ha vir marcada por criterios de política criminal que deben ser definidos

polo Goberno como parte da política interior da que ha de responder. Velaí que resulte dubidosa a lexitimación dos membros do ministerio fiscal para impartir “instrucións xerais” ás unidades de PX sobre “criterios de preferente investigación, modos de actuación, coordinación de investigadores e outros extremos análogos durante a fase procesual”, como se pretendía na circular 1/1989 da Fiscalía Xeral do Estado, invocando o artigo 20 do Real Decreto de PX de maneira inadecuada, toda vez que se refire a outro tipo de dilixencias. Tampouco poden asumir os xuíces ou tribunais, a nivel individual, a definición da política criminal, porque, na medida que non existen mecanismos para esixirilles responsabilidade política, nin lles compete nin se lles pode facer responsables dela. Dado que cada vez é máis frecuente observar como a maxistratura impregna as súas decisións de valoracións claramente políticas, non é aventurado descubrir como, a través desa vía –de formular valoracións políticas autónomas–, poderíase ir configurando un poder xudicial que se erixe como contrapeso, freo ou barreira dos outros dous, pero sen responsabilidades ante o corpo electoral.

Máis contundentes á hora de rexeitar esa dependencia amosáanse algúns asistentes a subcomisión do Congreso dos Diputados relativa ao estudo dun novo modelo policial en España (1999), como foi o caso do entón fiscal xefe da Audiencia de Madrid, Fernández Bermejo, para quen o problema da dependencia orgánica era de que xuíces?, de todos?, cada un dependente do resto?, como se poñen de acordo entre eles?, de quen dependería entón a política de seguridade e a criminal? Sen esquecer que a relación directa entre xuíces e policía pode ser causa de invalidación de actuacións, aseguraba que moitos xuíces, reclamando a dependencia orgánica da PX, abdicaran das súas responsabilidades á hora de facer efectiva a dependencia funcional. Ademais afirmaba de forma categórica que “o poder xudicial ten unha conceptual incapacidade para poñerse de acordo”.

Pola súa banda, o catedrático de Dereito Administrativo Santamaría Pastor opinaba que crear un corpo de PX ás ordes directas do poder xudicial significaría poñer en mans deste unha parte importante do poder executivo, o que, se se toma como referencia a

división de poderes de Montesquieu, “é o peor atentado a liberdade que existe”, pois convertería aos xuíces en comisarios de policía pero coa diferenza que, mentres estes deben responder dos seus actos, aqueles son independentes. Ademais de considerar que non están preparados para esa función de dirección de policía, opinaba que dito sistema propiciaría, aínda máis, os conflitos entre policías, sobre todo á hora de compartir información. Dentro dese mesmo debate da dependencia da PX, pero concretado na oportunidade de que fose de xuíces ou fiscais, duns ou de ámbolos dous solidariamente, fronte a pretensión dalgún sector da maxistratura de que a mesma se establecese exclusivamente de xuíces e tribunais –entenden que a vinculación dereita do ministerio fiscal co poder executivo impide a imparcialidade da súa actuación no proceso–, representantes da acusación pública defenden a posición contraria, como era o caso do entón fiscal xefe da Audiencia de Girona, C. Ganzenmüller, quen consideraba absolutamente necesario crear unidades de PX dependentes orgánica e funcionalmente do ministerio fiscal, en tanto o xuíz instructor encargaríase unicamente de adoptar medidas restritivas de dereitos e liberdades.

En consecuencia, non era partidario de crear a Dirección Xeral de PX dependente do Consello nin de adscribir unidades á Audiencia, ao non ter capacidade para investigar, senón que as unidades orgánicas de PX dependesen do fiscal xefe provincial. Como primeiro paso desa relación entre PX e o ministerio fiscal, experiencia que poido servir de exemplo á hora de ampliar o seu ámbito competencial, pode resultar alleccionador o exemplo citado por Fernández Bermejo respecto á atribución que o Código Penal da época asinaba ós fiscais respecto a investigación de delitos cometidos por menores de 18 anos.

Coa aprobación da lei orgánica do poder xudicial (LOPJ), de 1-VII-1985, tratábase por vez primeira de regular o tan controvertido tema da PX, o que se dedicaba o Título III. Mentres o artigo 443, despois de recoller a función como establecía a Constitución, atribúe a competencia “a todos membros das Forzas e Corpos de Seguridade, tanto se dependen do Goberno Central como das Comunidades Autónomas ou dos Entes Locais”, no seguinte falábase de que “Estableceranse unidades de Policía Xudicial” que dependerán “funcionalmente” das autoridades

xudiciais e do Ministerio Fiscal “no desempeño de todas as actuacións que aquelas lles encomenden”, unidades das que a organización, medios e selección, e réximen xurídico dos seus membros haberían de fixarse “por lei”. Mentres algúns consideraban moi tímida a modificación de status da PX, outros, como Barcelona, estimaban que coa diferenciación entre función “xenérica” (todos) e “específica” (unidades de PX) conseguíase “un avance incuestionable, tan sequera dende a perspectiva orgánica”.

No artigo 445 detállanse as funcións que corresponden “específicamente” a esas unidades, advertindo que, en ningún caso, poderán encomendarse aos membros das mesmas a práctica de “actuacións que non sexan as propias da Policía Xudicial ou as derivadas das mesmas”. Finalmente, o artigo 446.2 establece que os funcionarios de PX a quen se encomendara unha actuación ou investigación concreta “non poderán ser removidos ou apartados ata que finalice a mesma..., se non é por decisión ou coa autorización do xuíz ou fiscal competente”. Non obstante, se alguén podía pensar que coa promulgación da devandita lei xa estaban postas as bases para resolver un

problema de tanta trascendencia, acontecementos legislativos de esa mesma época ían poñer de manifesto o arraigadas que estaban posicións de enfrontamento dentro do Executivo respecto ao tema.

En efecto, a aprobación da Lei Orgánica de Forzas e Corpos de Seguridade (LOFCS), o 13-III-1986, supoñía implantar un modelo de PX que non se axustaba, como cabería esperar, ás liñas trazadas na lei anterior. Así, no seu preámbulo, afirmábase que con esta lei sentábanse as bases para a organización de unidades encargadas de exercer a función de PX, a que se levaría a cabo con “membros dos dous Corpos de Seguridade do Estado”, pois “só dende a perspectiva do Estado pode facerse fronte con éxito ao reto da citada criminalidade” (transfronteiriza). De acordo co “mandato constitucional” procedíase a regular a “adscrición funcional”, o que permitiría á policía manter “súa estrutura unitaria e súa organización vencelladas a mandos únicos” e aplicar ao persoal desas unidades o réximen xeral dos corpos do Estado.

Precisamente, a organización das unidades de PX dedicárase o Capítulo V (arts. 29 y ss.) do Título II da

Lei, referido ás forzas e corpos de seguridade do Estado, ás que se atribuíu o exercicio das funcións mencionadas no artigo 126 da Constitución, atribuíndo “carácter colaborador” destas ao persoal das policía autonómicas e locais, o que supoñía deixar fóra da regulación ao resto de corpos policiais, posición que en parte contradecía á regulación de 1985 e que sería rexeitado frontalmente sobre todo polos nacionalistas vascos, os que ao final conseguirían substraerse a tal pretensión por medio da disposición final primeira que lles excluía da mesma. A Generalitat catalana habería de esperar a 1994 para conseguir unha regulación similar á existente na Ertzaintza.

Dado que existía algunha contradición de fondo entre as dúas leis orgánicas analizadas, sobre todo á hora de outorgar consideración de PX a outros corpos que non fosen os do Estado –algo que só se podía explicar dende as posicións de claro enfrontamento que, como xa se viu, mantiñan os ministerios de Xustiza e Interior–, parecía claro que o real decreto que ía desenvolver esas normas tería que optar por unha ou outra postura. O RD 769/1987, de 19-VI, inclinaríase finalmente por unha posición que, se en

principio pódese considerar ecléctica, ao distinguir entre o que se coñece como función “xenérica” de PX –o seu artigo 1 atribúe as “funcións xerais” de PX a “tódolos” membros das forzas e corpos de seguridade, “calquera que sexa a súa natureza e dependencia”– e PX “en sentido estricto”, a desenvolver só polos membros das unidades orgánicas a que se refería a LOFCS, formadas exclusivamente por membros dos corpos estatais, parece estar máis próxima ao espírito da segunda das leis analizadas. En calquera caso, a dúbida presentada xa no título deste traballo segue sen ser aínda resolta de maneira definitiva.

Os artigos 3º da Constitución Española e 5º do Estatuto de Autonomía de Galicia, e a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (en diante, LNL), constitúen os alicerces sobre os que se asenta o réxime xurídico do galego e do castelán como linguas oficias de Galicia.

A citada LNL, ao par que as súas homónimas das outras comunidades autónomas con linguas propias, recoñeceu que para garantir a implantación efectiva do galego como idioma oficial do país era necesario programar e executar un proceso de normalización no que, xunto coa prohibición de calquera discriminación aos cidadáns por razón da lingua oficial que usen –por mor do dereito fundamental á igualdade das persoas perante a lei–, impera o principio de que os poderes públicos –especialmente a Xunta de Galicia e as corporacións locais– están obrigados a promoveren o uso do galego como lingua historicamente desfavorecida, para incorporala de contado e canto primeiro aos ámbitos dos que se viu arredada ao longo do tempo (usos administrativos e xurídicos, usos relixiosos, ensino, demais servizos públicos, relacións económicas e medios de comunicación social).

En concreto, para o ámbito do ensino, o artigo 14 da LNL precisa como obxectivo do sistema educativo galego garantir que ao final dos ciclos do ensino obrigatorio os alumnos teñan igualdade de competencia lingüística no uso, a nivel oral e escrito, dos dous idiomas oficiais.

Esa disposición da LNL fora desenvolvida por un Decreto da Xunta de Galicia, o 247/1995 do 14 de setembro (DOG nº 178, do 19.09.05), lixeiramente modificado en 1997, que –en resumo– se baseaba nos seguintes piares básicos:

- O fomento do uso progresivo do galego como lingua vehicular na idea de que a adquisición dunha competencia comunicativa en galego por parte do alumnado só se pode conseguir a través da utilización desta lingua nunha parte significativa do currículo.
- Acadar o equilibrio no uso das dúas linguas oficiais pola comunidade educativa no ámbito do centro e na administración dos centros.
- E a rigorosa prohibición de separar o alumnado en centros ou aulas distintas por razón da lingua.

Case dez anos despois de que entrase en vixencia o antedito Decreto, en setembro do 2004, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (PNLG) que porfía naqueles obxectivos, analiza os seus presupostos e condicionantes e propón medidas concretas para a súa consecución. En concreto, o PNLG propónse conseguir que en todos os centros educativos de Galicia exista unha planificación lingüística adaptada ás súas especificidades e orientada cara ao obxectivo legal de que o alumnado acade unha boa competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.

Este PNLG foi aprobado por unanimidade –ao igual que a LNL de 1983– non por casualidade, senón porque ao longo do proceso de implantación da autonomía política de Galicia as entidades públicas e privadas e os axentes sociais defensores do uso do galego, así como a clase política do país foron conscientes de que o tema lingüístico é moi importante e extraordinariamente sensible: a idea era e segue a ser a de que podemos polemizar sobre todo pero á hora de adoptar medidas sobre regulación ou planificación do uso das linguas cómpre que primeiro nos

informemos adecuadamente e de segundo procuremos actuar con consenso. Velái o pacto non escrito do que xurdiron a LNL de 1983 e o PNLG do 2004.

Os resultados desa metodoloxía para a sorte da lingua galega pódense xulgar como máis ou menos afortunados segundo a libre perspectiva de cadaquén pero o que ninguén negará é que, como subliña o PNLG, o uso das linguas oficiais en Galicia e nomeadamente o do galego non orixinou ningún conflito significativo, á parte as incidencias e anécdotas que naturalmente a todos nos veñen ás mentes. Tampouco xurdiu ata o de agora oposición social ningunha á progresiva implantación do proceso de normalización.

Os redactores do PNLG foron conscientes diso e recomendaron porfiar nese método cando sinalan como elementos básicos da súa “estratexia” para o clima das relacións lingüísticas en Galicia os da modernidade e da cortesía, que concretan en determinadas fórmulas de estilo: oferta positiva do galego, oferta informativa do galego e uso da cortesía.

Neste contexto, a Xunta de Galicia aprobou o Decreto 124/2007, do 28 de xuño (DOG nº 125, do 28.06.07),

que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo e vén substituír o anterior Decreto 247/1995.

O contido da nova norma é en boa parte idéntico ao do anterior e as súas singularidades máis significativas son:

- A referencia aos obxectivos sinalados para cada etapa educativa polo propio PNLG.
- A esixencia de que no Bacharalato o alumnado reciba alomenos a metade da súa docencia en galego.
- E a regulación detallada do “proxecto lingüístico do centro” e do seu procedemento de aprobación para adaptarse ás características específicas de cada sitio.

O Decreto 124/20007 non significaba unha alteración substancial da política lingüística que se viña aplicando no ámbito educativo. Prevé unha avaliación anual dos resultados da súa aplicación e as medidas que contén constitúen básicamente unha actualización do anterior Decreto de 1995 para harmonizalo

co PNLG, documento este que, como sabemos, foi promovido e auspiciado polo último goberno do presidente Fraga e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia.

A pesar de todo iso, non se puido evitar que algún sector minoritario falase de que co novo decreto tratábase de “imponer el gallego en la escuela” e de que esa norma “puede causar perjuicios psicológicos a los escolares al enseñarles los niños un idioma que no es el suyo” (sic).

O anterior non pasaría do nivel anecdótico senón fose porque tivo eco na campaña do Partido Popular nas eleccións ao Parlamento de Galicia de marzo de 2009 e continúa a ecoar en frecuentes declaracións de dirixentes do citado partido e de altos cargos do goberno galego que chegan a cuestionar a validez do propio PNLG.

O negativo destas declaracións, ao meu xuízo, é que rachan co mellor da filosofía que, para ben, presidía a política lingüística deste país: se temos que facer algo, primeiro ímolo estudar a modo coa xente experta na materia; en segundo lugar, ímolo debater de vagar nos foros apropiados co ánimo de acordar

e consensuar; e, finalmente, que decida o órgano político ao que por representación democrática lle corresponda. Pero todo iso cómpre facelo á marxe de crispacións, argumentos demagóxicos ou afirmacións simplistas que soamente serven para alimentar conflitos artificiosos son potencialmente moi prexudiciais e poden levar á sociedade galega a desandar o que, traballosa e proveitosamente, adiantou desde o establecemento da autonomía política. Noutras palabras, as actuacións nesta materia requiren actitudes positivas, cortesía persoal, tolerancia e capacidade de comprensión nos interlocutores.

Creo que as institucións e as asociacións cívicas nas que trasegamos, que teñen a promoción da lingua e da cultura galegas como obxectivos sociais –a de Funcionarios para a Normalización Lingüística, a Irmandade Xurídica Galega, o Foro Enrique Peinador, a Asociación Álvaro das Casas, a Fundación Lois Peña Novo..., e outras moitas semellantes a elas– estamos obrigados nestes momentos a desenvolver un papel moi importante: o de evitar que se imponha a dinámica de crispación e de conflito ao tratarmos os temas lingüísticos.

Cómpre apouvir, porque se os sensibles equilibrios que se van tecendo comezan a desenfriarse polo terreo do sistema educativo, a seguir cuestionaranse co mesmo método outros obxectivos nos eidos administrativos, xurídicos, económicos, dos servizos públicos ou relixiosos. E os avances máis ou menos modestos que nesas áreas se van construíndo acabarán vindo abaixo e con eles a arquitectura que sostén o uso da lingua galega nestes principios do século XXI.

As autoridades autonómicas teñen unha especial responsabilidade nesta situación: para o clima de entendemento que propugnamos non é adecuado andar anunciando un día e mailo outro que van derrogar ás carreiras o Decreto 124/2007, que non se desbota separar os alumnos nas aulas por razóns da lingua, ou cualificar –supoño que despectivamente– o PNLG como un remuíño de ideas. O presidente da Xunta de Galicia, como máis alto responsable institucional de todos os galegos, debería impoñer sentidíño, alentar o espírito de diálogo, alonxar a crispación do debate sobre o uso do galego...

Nós –coido que recollo o sentir de moita xente que andamos no labor da lingua e da cultura galegas– estamos polo diálogo e a negociación e agardamos que o goberno galego escoite as voces como a nosa antes de tomar decisións que signifiquen unha volta atrás na historia do noso país.

E cando digo nós, tamén me refiro a moitos galegos insignes que nos precederon ou acompañaron nestas tarefas e, entre eles, o noso entrañable amigo D. Daniel García Ramos, que neste mes de San Xoán do 2009 aínda levamos máis fondo no noso peito.

Hai moitos anos que Daniel García Ramos chamou á miña porta para dicirme que o galego era noso signo de identidade e que tiñamos, os que estabamos na xustiza, que defendelo por oral e por escrito. Mans a obra inmediatamente. Só dous xuíces e dous fiscais desenvolvíamos a noso traballo en galego. Hoxe son moitos mais e segue crescendo o número de funcionarios da xustiza que defendemos o noso idioma no noso traballo. Querido Daniel, seguimos adiante. Hoxe quero darche as gracias por aquel encontro, ofrecerche este pequeno traballo e darche unha espiritual pero forte aperta.

O meu amigo e compañeiro Orencio, defensor como o que máis do noso idioma e da súa utilización na xustiza, comentoume nunha ocasión das preocupantes noticias que, con máis frecuencia do que sería normal nun estado democrático, autoridades ou axentes da autoridade impedían ou obstaculizaban o uso do galego aos cidadáns. Esta preocupación levoume a escribir este pequeno estudo sobre a protección penal do dereito ao uso do galego na nosa comunidade autónoma.

É característico dun Estado de Dereito que os dereitos cívicos non só se recoñezan teoricamente senón que existan garantías para o seu exercicio. O recoñecemento de ditos dereitos quedaría baleiro de contido se non se establecese, de maneira expresa, a sanción aos funcionarios e autoridades que, abusando da súa función, impidisen exercitalos. Así como os cidadáns gozan de liberdade para todo aquilo que a lei non prohíbe, os funcionarios e autoridades, cando na súa actuación afectan ou limitan os dereitos dos cidadáns, soamente poden actuar no marco das facultades que a lei expresamente lles concede. Se abusan do seu poder, impedindo o exercicio de tales dereitos, a súa actuación lesiona dobremente os dereitos dos cidadáns e o deber do funcionario de fidelidade ao Estado, pois este delegou en el determinadas facultades coa finalidade de salvagardar ditos dereitos e liberdades, pero non de conculcalos. Precisamente pola relevancia que nun Estado de Dereito ten a necesidade de garantir o libre exercicio dos dereitos cívicos e non sinxelamente o seu recoñecemento formal e polo feito de que o cidadán está mais indefenso ante os ataques ou obstáculos dos seus dereitos provenientes de quen están investidos

dunha potestade administrativa, é polo que o sistema de garantías require a utilización fronte a ditas condutas obstaculizadoras ou impeditivas, do instrumento de coerción mais poderoso de que dispón o ordenamento xurídico: a sanción penal.

Do dito pode comprenderse a enorme importancia do artigo 542 do actual Código Penal que actúa como peza de peche no sistema da tutela penal do exercicio dos dereitos cívicos. Nel se sanciona coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público por tempo de un a catro anos, á autoridade ou funcionario que, a sabendas, impida a unha persoa o exercicio doutros dereitos cívicos recoñecidos pola Constitución ou as leis.

Este precepto ten un carácter residual ou subsidiario que tipifica aquelas condutas que impidan o exercicio dos dereitos que non estean expresamente penalizados en outros preceptos da mesma sección do Código Penal.

O primeiro problema que presenta este artigo é saber que debe entenderse por dereitos cívicos e se o dereito á utilización dunha das linguas cooficiais

que hai en España entra dentro da protección penal deste artigo.

Como norma penal en branco, a doutrina intentou acoutar o concepto dos dereitos cívicos. A maioría dos tratadistas como Carbonell Mateu, Vives Antón e outros identifican tales dereitos e liberdades cos que están comprendidos no Capítulo II do Título I da Constitución, ou sexa os dereitos de natureza política, e así a sentenza do TS de 23 de marzo de 1983 afirmaba que este tipo delituoso protexía aqueles dereitos que representaban o exercicio de determinadas actividades raianas nos dereitos políticos e liberdades fundamentais das persoas máis ben que os propiamente cívís. Nos comentarios ao novo CP, José Moyna e outros sosteñen a mesma doutrina dicindo que no noso meridiano xurídico, a sinonimia entre dereitos cívicos e dereitos políticos obtense consultando os antecedentes lexislativos do vixente código e que, en razón a iso, estarían protexidos os dereitos de sufraxio activo e pasivo, dereito de acceso as funcións e cargos públicos, dereitos de petición e as liberdades públicas de asociación, reunión e manifestacións políticas e a liberdade de expresión.

Segundo estas opinións o dereito á libre utilización dunha das linguas cooficiais recoñecidas non entraría dentro de tal protección por non estar recollido no capítulo II do título I da Constitución Española.

Non é esta a nosa opinión, pois quedaría sen protección penal a conduta do funcionario ou autoridade que impedise o exercicio do dereito que comentamos, a pesares de estar recollido no art. 3 da CE e nos respectivos estatutos de autonomía, na Lei de Procedemento Administrativo, na Lei do Contencioso Administrativo, na Lei Orgánica do Poder Xudicial e nas respectivas leis de normalización lingüística.

Por outra parte, consideramos que este dereito está tamén recollido no capítulo II do Título I da Constitución polas seguintes razóns:

O art. 10.1 da nosa Constitución recorda que o libre desenvolvemento da personalidade e o respecto aos dereitos dos demais, son fundamento da orde política e da paz social. Esta liberdade de desenvolvemento persoal, considerada na Constitución como valor superior do ordenamento xurídico, como principio e como dereito, ten neste último aspecto múltiples

manifestacións entre as que ocupa un lugar preferente a liberdade de expresión (Art. 21.1 CE).

Tal liberdade fundamental garante a todos o dereito a “expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e pareceres mediante a palabra, o escrito ou calquera outro medio de reprodución” e comprende, por tanto, non só os contidos senón tamén os códigos de exteriorización de ditos contidos. Sen a conxunción dos dous non pode haber auténtica liberdade de expresión, porque neste caso o vehículo utilizado para comunicar importa tanto como a mensaxe que se desexa comunicar. Existe unha inescindible relación entre o pensamento, a exteriorización dese pensamento e o código lingüístico utilizado para exteriorizalo. Se un dese elemento resulta atacado, o que se estará atacando é a propia capacidade do ser humano para comunicarse en liberdade. Isto é, a LIBERDADE DE EXPRESIÓN. En definitiva, no marco xeral de liberdade que ten que presidir a vida cidadán, o cidadán encontra recoñecido o dereito ó libre uso da lingua da súa preferencia na liberdade de expresión que a Constitución proclama e garante. A liberdade a usar a lingua cooficial propia hai que

consideralo un suposto subsumible dentro da liberdade de expresión recollida no art. 20 da Constitución Española.

A sentenza da Sala 2ª do TS de 17 de outubro de 1995 protexe un dereito dos que, para a doutrina citada anteriormente, quedaría fóra dos protexidos por este artigo, cal é o dereito de asilo recollido no art. 13 da CE e na lei reguladora do dereito de asilo e da condición de refuxiado así como no regulamento que desenvolve dita lei, pero non no Capítulo II do Título I da CE. Sen embargo, esta sentenza condena polo delito do art. 142 ao funcionario que impediu que a solicitude puidera chegar a ser considerada polo organismo competente, mediante o procedemento de negarse a recibila, constituíndo unha actuación que impide o exercicio dun dereito cívico recoñecido polas nosas leis.

A sentenza do TC 82/86 afirma con toda claridade e rotundidade: “Nos territorios dotados dun estatuto de cooficialidade lingüística, o uso polos particulares de calquera das linguas oficiais ten, efectivamente, plena validez xurídica nas relacións que manteñan con calquera poder público radicado en dito territo-

rio, sendo o dereito das persoas ao uso dunha lingua oficial un dereito fundado na Constitución e no respectivo Estatuto de Autonomía”. Tamén a sentenza do TC de 26 de xuño de 1986 “sendo un dereito das persoas o uso da lingua oficial un dereito fundado na Constitución” e no mesmo sentido a importante de 28 de febreiro de 1991.

Tendo en conta que os dereitos cívicos protexidos polo art. 542 non hai que reducilos aos estritamente políticos, senón a todos aqueles que non teñan unha expresa protección en outros artigos do CP, por ter este artigo un carácter residual e que o dereito a usar calquera dos idiomas cooficiais é un dereito constitucional, necesariamente ten que estar entre os dereitos a que se refire dito artigo como dereitos cívicos; polo tanto cometerá este delito a autoridade ou funcionario que impida o seu exercicio, isto é, expresarse tanto oralmente como por escrito nun dos idiomas cooficiais naquelas comunidades autónomas que teñan idioma propio.

A STS de 24 de febreiro de 1998 entende que “A lei penal debe de complementarse, pois, en exclusividade, co listado dos dereitos alumeados no texto

constitucional. A mención de “leis” mantida na norma do artigo 542 debe entenderse como referida a disposicións legais ditadas en desenvolvemento dos dereitos fundamentais”.

Outra cuestión que suscita este tipo penal é o que debemos entender polo termo “impedir”, isto é, que tipo de acción se precisa para cometer iste delito, pois a primeira vista podería pensarse que o verbo impedir supón unha acción obstaculizadora que supoña un total e radical impedimento de usar tal dereito. Considero, sen embargo, que hai que entender toda acción que estorbe, prohiba, comine ou de calquera outra maneira de índole física ou moral impida ou obstaculice o exercicio do dereito.

A STS antes citada neste sentido “A conduta típica debe consistir nunha acción de impedimento no exercicio dun dereito, ben por medio de coaccións, ameazas, engano ou simple negativa; é indiferente o medio con tal que se evidencie a súa idoneidade a tal fin, obstaculizando ou impedindo a pretendida actuación do dereito. Atopámonos ante un delito de resultado ao esixirse para a súa consumación que chegara a producirse a realidade do impedimento”.

O actual CP esixe un dolo específico para cometer este delito ao requirir como elemento do tipo que a acción se cometa “a sabendas”, expresión que non estaba recollida no anterior código. Por tanto, só se concibe a modalidade dolosa, dolo directo de resultado que atinxa a todos os elementos obxectivos do tipo.

No que atinxe á culpabilidade, neste dereito a utilizar a lingua que se prefira, hai que desbotar, en principio, calquera clase de erro, pois é imposible pensar que algunha autoridade ou funcionario descoñeza tal dereito lingüístico. Esta conduta está, por outra parte, expresamente sancionada no regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado, no seu art. 6 b), que considera falta moi grave: “Toda actuación que supoña discriminación por razón da lingua”. E no ámbito da xustiza está garantido o dereito a usar a lingua cooficial, nas comunidades autónomas que a teñan recoñecida, na Lei Orgánica do Poder Xudicial. No artigo 231 “As partes, seus representantes e quen os dirixan, así como as testemuñas e peritos, poderán utilizar a lingua que sexa tamén oficial na comunidade autóno-

ma en cuxo territorio teñan lugar as actuacións xudiciais, tanto en manifestacións orais como escritas”.

No actual código penal tamén se contempla outro delito no que se protexe o dereito ao uso dunha lingua cooficial. Por primeira vez na nosa lexislación penal se recolle como conduta criminal a discriminación por motivo da utilización dunha lingua oficial dentro do Estado Español.

O art. 314 tipifica a seguinte conduta: “Os que produzan unha grave discriminación no emprego, público ou privado, contra algunha persoa por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, súa pertenza a unha etnia, raza ou nación, seu sexo, orientación sexual, situación familiar, enfermidade ou minusvalía, por ostentar representación legal ou sindical dos traballadores, por parentesco con outros traballadores da empresa ou polo uso de algunha das linguas oficiais dentro do Estado español, e non restableza a situación de igualdade ante a lei tras requirimento ou sanción administrativa, reparando os danos económicos que se derivaran, serán castigados coa pena de prisión de seis meses a dous anos e multa de seis a doce meses.”

Inevitablemente tiña que recollerse esta causa de discriminación, ao abeiro do art. 14 da CE que proclama a igualdade de todos os españois ante a lei. E nesta igualdade ten que estar recollido o dereito ao uso de calquera dos idiomas oficiais, pois este delito vén dar cumprimento, entre outros, aos seguintes compromisos internacionais contraídos polo Estado español: Convención Internacional de Nova York 7 de marzo de 1966, Pacto Internacional de Dereitos Cívicos e Políticos no seu art.26 e Convenio Europeo para a protección dos Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, ambos ratificados por España e, polo tanto, cun valor supralegal e constitucional no noso ordenamento xurídico. En ambos recóllese o uso da lingua como causa de discriminación.

Na sección 1ª do capítulo IV do título XXI do libro II tipifícanse os delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e liberdades públicas garantidas pola Constitución. Nesta sección castíganse toda conduta discriminatoria tanto por particulares como por funcionarios, e así nos arts. 510 e 511 tipifícanse condutas xenófobas ou discriminatorias, proscribindo calquera tipo de discriminación. Estas

condutas que en parte foron introducidas no Código de 1983 por unha sentida necesidade de reflectir penalmente o amparo á igualdade de trato proclamada polo art. 14 da CE, que dá cumprimento a varios tratados internacionais xa referidos anteriormente, que entre as causas de discriminación recóllese o uso das linguas minoritarias. Así no Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos, ratificado polo Estado español o 30 de abril de 1977, establecece: “nos Estados nos que existan minorías lingüísticas, non se lle negará ás persoas o dereito que lles corresponde de empregar o seu propio idioma”. E neste mesmo sentido o Convenio Europeo de Dereitos Humanos e Liberdades Fundamentais, ratificado tamén no ano 1979. No seu art. 26: “O goce dos dereitos e liberdades recoñecidos no presente convenio terá que ser asegurado sen ningunha distinción por razón de sexo, raza, color, lingua, relixión etc.” A pesar deste marco legal internacional que forma parte do noso ordenamento en virtude dos arts. 10 e 96-1 da CE, nos arts. 510 e 511 do CP non se recolle como causa de discriminación o uso ou utilización dunha da linguas oficiais en cada comunidade autónoma do Estado Español.

É incomprendible esta omisión cando se recolle no art. 314, que obedece á mesma razón: evitar toda clase de discriminación. Pódese pensar, ou ben que foi un esquecemento do lexislador ou ben que tal causa de discriminación está subsumida nos conceptos de orixe, etnia ou nación. Esta segunda solución parécenos que podería quebrar o principio de legalidade, a non recollese expresamente esta causa discriminatoria como se fai no art. 314.

Resumindo, consideramos que o uso dunha das linguas oficiais, que o sexan en cadansúa comunidade autónoma, é un dereito constitucional que ten a máxima protección xurídica no art. 542, penando aos que impidan o exercicio dun dereito cívico, e no 314 castigando a quen discrimine por esta causa no emprego a algún traballador. Nunha posterior reforma lexislativa terá que recollese nos arts. 510 e 511 como causa de discriminación, amais das xa recollidas, a LINGUA.

Aos versos do poeta Celso Emilio Ferreiro, escritos na ditadura...

*Lingua proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque si, porque me gusta,
porque me peta e quero e dáme a gana.*

...hoxe había que engadir: e tamén porque é un dereito recoñecido constitucionalmente e protexido no Código Penal.

O DEREITO CIVIL DE GALICIA, PASADO, PRESENTE E FUTURO

O dereito civil, xunto coa lingua e a cultura, constitúe un dos elementos diferenciais que conforman a personalidade de Galicia como pobo. É certo que no momento de promulgarse o Código Civil de 1989 –frente ao que acontecía en Cataluña, Aragón, Navarra, Biscaia ou Baleares, que contaban con dereito civil propio consagrado nos “fueros” como manifestación ou resultado da súa resistencia a uniformidade que imponía o dereito castelán–, o territorio galego, en cambio, non contou cunha manifestación especial de institucións xurídicas que tivesen a mesma orixe dos demais dereitos forais xa mencionados. Polo contrario, o dereito civil de Galicia resulta ser froito, ao menos en boa parte, da súa peculiar estrutura territorial e socioeconómica, e de aí o seu marcado carácter rural aínda hoxe. Podemos afirmar que é o ancestral apego do galego á terra e aos seus usos e

costumes o que posibilitou que se mantiveran vixentes e se transmitisen os usos e costumes locais que tiveron vida á marxe da lexislación común ou estatal e que, en consecuencia, conformaron as nosas institucións xurídico civís máis características.

En consecuencia, cando comeza o proceso de formación do Código Civil, Galicia non é territorio foral, pero conta con institucións civís propias que o proceso codificador remata recoñecendo.

Sen ningunha dúbida son o impulso de Manuel Murguía e a determinación do ministro de Graza e Xustiza, o galego Álvarez Bugallal, os que posibilitan o Real Decreto de 2 de febreiro de 1880 polo que se modifica a Comisión Xeral de Codificación para incluír nela un representante por Galicia. A intercesión de Manuel Murguía ante Álvarez Bugallal e a boa acoillida do ministro póñense de manifesto claramente na garimosa dedicatoria que Murguía fai o ministro no seu libro sobre dereito galego titulado “El Foro, sus orígenes, su historia, sus condiciones”.

Consecuencia do que queda exposto, a Lei de Bases do Código Civil de 11 de maio de 1888, establece

que “Las provincias y territorios en que subsista derecho foral, lo conservarán por ahora en toda su integridad, sin que sufra alteración su actual régimen jurídico por la promulgación del Código Civil, que regirá tan solo como derecho supletorio en defecto del que lo sea en cada una de aquellas por sus leyes especiales”. Na súa base 13ª inclúe a Galicia entre os territorios con dereito propio xunto a Navarra, Aragón, Cataluña, Biscaia e Baleares.

Pódese considerar como o primeiro antecedente escrito das institucións xurídico civís galegas, previo a codificación, aínda que moi incompleto, a memoria elaborada por López Lago no ano 1980. Desde que o Decreto de 24 de abril de 1889 determinaba a creación de comisións especiais encargadas de redactar os proxectos de lei comprensivos das institucións de dereito foral ou dereito civil propio, entre elas unha para Galicia, en 1915 nace o “Proxecto e a Memoria” de apéndice ao Código Civil de Pérez Porto, que non frutificou. En consecuencia, o proceso de elaboración da compilación do dereito civil especial de Galicia foi un proceso lento e longo. Desde a promulgación do Código Civil ata a aparición da Compilación pasaron máis de 60 anos.

A primeira lei, desde o punto de vista formal, que recolle o dereito civil propio de Galicia, aínda que tamén de xeito incompleto, é a Lei estatal 147/1963 de 2 de decembro, *Compilación de Dereito Civil Especial de Galicia*, que recolle como institucións propias do dereito civil galego, os foros, a compañía familiar galega, a parcería nas súas distintas modalidades, formas especiais de comunidade (comunidade de montes, agro, agra ou vilar, comunidade en materia de augas e muíños de herdeiros). Nada se regula en materia de familia e en materia de sucesións unicamente se regulan o dereito de “labrar e posuír”, incorporado en leis posteriores como pacto sucesorio; esquecendo institucións como o “testamento mancomunado”, utilizado en Galicia profusamente ata a súa prohibición polo Código Civil.

Ata aquí, de xeito moi resumido, os antecedentes do dereito civil propio de Galicia. A súa manifestación actual arranca da promulgación da Constitución de 1978. A Constitución vixente, no seu artigo 149.1.8º, non só reconece a existencia de dereitos civís forais ou especiais en distintos territorios senón que, ademais, atribúe ás comunidades autónomas onde exis-

ta este dereito, a competencia para a “conservación, modificación e desenvolvemento do mesmo”.

Facendo uso desta competencia, Galicia despois de integrar no ordenamento propio a Compilación de 1963 por Lei do seu Parlamento 7/1987, de 10 de novembro; en 1995 promulga a súa primeira lei de dereito civil, Lei 4/1995 de 24 de maio da que é preciso destacar que despois de longa discusión introduce un sistema de fontes propio e distinto do establecido no dereito común, de xeito que o costume se converte na primeira fonte do dereito civil de Galicia. A xustificación atópase no feito de que, sendo o dereito civil galego un dereito de base consuetudinaria, non escrito, moitas das súas institucións, froito do uso e do costume, podían quedar fóra da nova lei por descoñecemento do lexislador e, de acontecer isto, tales institucións deberían ter vixencia prevalecendo fronte a lei escrita. Por outra banda, nesta lei amplíase considerablemente o contido da Compilación do ano 1963, ampliación que afecta ao apartado de contratos, no que se inclúe o “vitalicio”, e moi especialmente no que se refire ao dereito de familia e sucesións. No apartado de dereito de fami-

lia, inclúese un título dedicado ao réxime económico matrimonial e no de sucesións regúlanse os pactos sucesorios, a sucesión testada coa inclusión do “testamento mancomunado” e do “testamento por comisario”, ademais das melloras e legados, das lexítimas, a sucesión intestada e as partillas.

Actualmente, o dereito civil de Galicia está regulado pola Lei 2/2006 de 14 de xuño, modificada pola Lei 10/2007 de 28 de xuño, que reforma a súa disposición adicional terceira. Tendo en conta os dez anos de vixencia da lei anterior, a actual racha co sistema de fontes adoptado por aquela de xeito que, como acontece no Código Civil, a lei galega ocupa o primeiro lugar na prelación desprazando o costume. Amplía considerablemente o contido da anterior, sendo especialmente destacable a incorporación dunha regulación de novo cuño en materia de protección de menores, adopción e autotutela e a modificación da institución sucesoria da lexítima, apartándose neste punto da regulación do dereito común o reducir a lexítima de descendentes de dous tercios a un cuarto e desaparecer a lexítima de ascendentes, entre outras modificacións. Por outra

banda, na súa disposición adicional segunda, esta lei contiña a regulación máis polémica, é dicir, a equiparación ao matrimonio das relacións maritais mantidas con intención ou vocación de permanencia, pola convivencia durante un ano, sen ningunha limitación nin esixencia de capacidade nin idade e sen necesidade de inscrición en ningún rexistro público. Esta disposición orixinou problemas na súa aplicación, o que obrigou a súa modificación mediante a promulgación da xa mencionada Lei 10/2007, que ademais de esixir maioría de idade, capacidade e convivencia con intención e vocación de permanencia nunha relación de efectividade análoga a conxugal, e establecer unha serie de prohibicións en razón de parentesco ou de vínculo anterior, esixe tamén a inscrición no rexistro de parellas de feito de Galicia, que con posterioridade se creou.

O FUTURO DO DEREITO CIVIL DE GALICIA

Tras a promulgación da Constitución que, como xa se dixo, atribúe as comunidades autónomas as competencias para a conservación, modificación e desenvolvemento do seu dereito civil propio, aparecen

no panorama xurídico dúas tendencias contrapostas extremas; unha conservadora que considera que o dereito civil propio dos distintos territorios está integrado polas institucións vixentes no momento da entrada en vigor da Constitución, sen posibilidade de ampliación, dando polo tanto ás palabras conservar, modificar e desenvolver un sentido estritamente limitativo; e outra tendencia expansiva que entende que a expresión “desenvolver” permite as comunidades autónomas legislar sobre institucións non presentes na súa lexislación civil propia, sen apenas máis limitacións que as reservas establecidas no propio artigo 149.1-8º da Constitución.

Fronte a estas dúas posicións extremas, é o Tribunal Constitucional o que na súa xurisprudencia, vén poñer as cousas no seu sitio. As sentenzas do devandito Tribunal, 88/1993 e 182/1992, veñen sentar doutrina no sentido de que as comunidades autónomas ao amparo do artigo 149.1-8º, e pola vía do desenvolvemento establecido no mesmo, poden legislar non só sobre as institucións presentes nas compilacións anteriores a Constitución, senón tamén sobre institucións conexas con estas, dando así ao termino

“desenvolvemento” un sentido distinto e máis amplo que a simple modificación que tamén recolle o devandito artigo.

En consecuencia, queda acoutada á competencia das comunidades autónomas a regulación das institucións presentes nas compilacións preconstitucionais e as institucións conexas con estas, sen máis limitacións que as reservas que o propio artigo 149.1-8º fai ao Estado.

De acordo con esta interpretación, cal é o futuro do dereito civil de Galicia?

É evidente que a interpretación xurisprudencial do Tribunal Constitucional permite que as sucesivas actualizacións quinquenais da Lei do Dereito Civil de Galicia, previstas na súa disposición adicional primeira, permite a nosa comunidade autónoma, non só actualizar ou modificar as institucións contidas na lei vixente, senón tamén a súa ampliación pola vía da regulación e por tanto, incorporación de institucións conexas coas xa presentes na lexislación civil vixente.

Esta posibilidade foi xa utilizada polo lexislador galego nas Leis 4/1995 e 2/2006, as que fixemos referencia, sendo especialmente patente no dereito de familia e sucesións que, como xa expuxemos, apenas tiña presenza na Compilación do ano 1963. En todo caso, para darnos conta da ampliación do contido do dereito civil de Galicia, basta comparar os 93 artigos que tiña a compilación de 1963, e os 308 cos que conta a lei vixente.

En consecuencia, as futuras reformas do noso dereito civil deberán establecer como cuestión prioritaria a súa adaptación as especificidades e a realidade social de Galicia, non só a través da súa modificación, senón tamén a través da regulación de institucións conexas que faciliten esa adaptación. Parece oportuno tamén que neste mesmo proceso se depuren determinadas institucións que hoxe son pura arqueoloxía xurídica sen ningunha virtualidade práctica nin interese social.

POR UN NOVO MODELO DE ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DA XUSTIZA

Contribución ao debate: os tribunais e o territorio.
Unha nova xeografía da xustiza en Galicia

I. PRESUPOSTOS

O actual modelo da administración de xustiza precisa dunha urxente reforma para acomodalo ás necesidades do século XXI e superar con isto as críticas derivadas dos actuais niveis de pendencia e morosidade procesual manifestados na resolución dos litixios.

Na nosa comunidade autónoma esta reforma pasa pola necesidade de abrir un debate en canto a estrutura organizativa do sistema de xustiza que permita adaptar a eficiencia xudicial ao aumento dos procesos entrados e pendentes, reducindo considerablemente os tempos de resposta.

Esta efectividade está condicionada por diversos factores, entre eles a modernización administrativa e de xestión da oficina xudicial.

É consensual entre os analistas a afirmación de que un dos grandes problemas dos tribunais españois está relacionado coas deficiencias organizativas internas e a súa desfasada adecuación á realidade social e económica, así como a súa incapacidade para absorber o volume de asuntos que, como consecuencia da demanda social, diríxense a ditos órganos xudiciais.

Este déficit de organización e de xestión do noso sistema de xustiza é, polo tanto, responsable en gran medida da pouca eficiencia e eficacia do seu desempeño funcional.

É necesario, polo tanto, a introdución de medidas que teñan por obxecto a alteración de métodos de traballo, combinada cunha mellor e máis eficaz xestión de recursos humanos e materiais con inclusión tamén de procedementos de xestión dos propios procesos de acordo coa natureza, a complexidade e a especificidade dos litixios.

Sen dúbida as novas tecnoloxías da comunicación e información presentan un enorme potencial de transformación do sistema da administración de xustiza, tanto na administración e xestión da xustiza (maior produtividade, eficiencia e redución de tempos de resposta) e na transformación do modo de exercicio das profesións xurídicas que con ela se relacionan.

As novas tecnoloxías posibilitan maior circulación de información no interior do sistema xudicial e posibilitan tamén un acceso máis próximo e transparente a el. Hoxe recoñéceselle a esta nova tecnoloxía un papel fundamental na interface dos tribunais co público.

As carencias organizativas maniféstanse tamén nunha deficiente organización territorial do mapa da demarcación xudicial, pouco adaptado á nova vertebración territorial, o que indica a necesidade de achegar solucións en relación coa problemática referida aos tribunais e o territorio.

Preténdese, así, construír unha nova xeografía da xustiza en Galicia que supoña unha proposta clarificadora sobre a relación entre a xustiza e o territorio

e enunciar unha axenda de investigación socio-xudicial, que axude a afondar no coñecemento sobre este tema.

Con este modo de proceder cualificaríase o nivel de argumentación permitindo aos operadores xudiciais e ao poder político clarificar as súas posicións na toma de decisións con máis fundamento e mellor participadas polos actores profesionais e polos investigadores das diversas áreas das ciencias sociais, en concreto polos especialistas en ordenación do territorio.

Sen perder de vista que a construción dun novo mapa xudicial é un tarefa complexa, ao noso entender, o reforzo da independencia, da eficacia e da eficiencia do sistema xudicial pasaría necesariamente pola creación dun Observatorio Permanente da Xustiza en Galicia, definido como órgano colexiado de participación, investigación, asesoramento, análise, estudo, diagnóstico e de propostas de reforma que serían dirixidas ao departamento da Administración autonómica con competencia en materia de xustiza, có obxectivo de facilitar a toma de decisións con criterios de coñecemento e rigorosidade.

É unha afirmación coñecida a de que o sistema xudicial co seu peso institucional, normativo e burocrático, tivo sempre dificultades para adaptarse ás novas situacións que integran a nova demanda social.

Realizáronse tentativas de aplicar os métodos de racionalización económica propios das sociedades industriais á área da xustiza, que posibilitaran unha urxente descarga cuantitativa dos tribunais a partir de cambios nas normas procesuais e de persoal.

Os tribunais serían así considerados como unha “empresa” de servizos que terían que ser capaces de orientarse cara as necesidades e a satisfacción dos usuarios, así como incrementar o rendemento e a calidade do seu traballo. Con mellor organización, unha administración de xustiza moderna ten que ser máis produtiva.

Este principio está baseado en que as melloras na tecnoloxía, formación e xestión organizativa permiten aumentar sempre a produtividade individual e global da organización. Con razón sinalouse, por diferentes analistas, que a organización xudicial no

seu conxunto é máis ben dispersa, está atomizada e lle falta coordinación.

Non obstante, para producir o dobre non fai falla duplicar tódolos medios. Na medida en que o embotellamento da actividade dos órganos xudiciais se sitúa na fase de ditado de sentenzas ou na súa execución, a política de recursos debería consistir en reforzar os órganos con novos xuíces e non crear órganos enteiros ou novas oficinas xudiciais, cuxa reprodución sen criterio demostrouse ineficaz para resolver os atascos.

Este obxectivo racionalizado traduciríase igualmente na supresión, na atribución de novas competencias ou no reagrupamento de xurisdicións, coa finalidade de optimizar a operatividade delas e reducir o chamado, pola doutrina francesa, *désert judiciaire* ou “deserto xudicial,” aplicable a existencia de xurisdicións con reducido número de procesos, como ocorre con determinados órganos ou coas actuais Salas do Civil e Penal dos Tribunais Superiores de Xustiza, e de axustar a organización xudicial do territorio ás transformacións económicas, demográficas e das

novas redes viarias e de transporte existentes entre os distintos núcleos de poboación de Galicia.

Neste sentido, resulta dificilmente explicable a existencia de seccións dunha mesma Audiencia Provincial que soportan unha carga máis que razoable de traballo en tanto que outras, situadas en distinta poboación pero ben comunicada a escasa distancia de tempo da capital provincial, atópanse saturadas.

Un sistema organizacional eficaz establecería que, existindo unha boa rede de comunicacións entre cidades da mesma provincia, nada impediría un reparto da carga procesual entre a totalidade de ditas seccións, en vez de facelo en función da demarcación actual por partidos xudiciais.

Neste punto débese partir da idea de territorio policéntrico, que a estratexia europea de desenvolvemento territorial aplica ás áreas metropolitanas, en substitución do vello modelo centro-periferia.

Poderíanse tamén reforzar as estruturas xudiciais a través de unidades concentradas que, dotadas de recursos (como por exemplo a mediación) serían im-

plantadas para atender áreas de agrupación económica e demográfica (xulgados de familia, de violencia de xénero, xulgados especializados en delitos ambientais, urbanismo e delitos económicos) coa finalidade de proporcionar aos cidadáns unha xustiza de igual calidade en todo o territorio que evite unha resposta xudicial deficiente e tardía nos litixios máis complexos ou de especial especificidade, sen prexuízo de facer compatible este alongamento territorial coa necesidade de manter estas estruturas próximas e ben comunicadas cos xustizables.

II. ASPECTOS ORGANICOS

Do partido xudicial ás áreas metropolitanas

Os partidos xudiciais tiveron gran transcendencia na organización territorial da xustiza. Entre os municipios e as capitais de provincia, a cabeza do partido xudicial é un centro intermedio que actúa de referente polo feito de ser o centro da administración xudicial de varios termos municipais.

A administración de xustiza polos órganos do partido xudicial fai de sede destes un centro comarcal,

o cal deben acudir de maneira inevitable todos os habitantes de dita comarca.

Como ademais resulta que normalmente a cabeza do partido é o núcleo de máis poboación e de máis vitalidade de entre os diversos municipios que o compoñen, trae como consecuencia que a sede destes órganos xudiciais sexa tamén unha pequena capital comarcal.

Parece pois, en principio, que a elección da cabeza de partido xudicial e a reforma das demarcacións constitúen decisións de suma transcendencia que se deberían ter tomado tendo en conta fundamentalmente a rede urbana da comunidade autónoma, é dicir, a xerarquía existente entre as cidades e as áreas de influencia reais de cada unha delas.

Cabe preguntarse se ante unha decisión do tipo da que comentamos no sería máis axeitado ter en conta criterios e fins distintos que os puramente xudiciais. Se non fose preferible abordar o problema dunha maneira ampla, tendo en conta que a decisión tomada ten consecuencias importantes sobre a estrutura da rede urbana da comunidade autónoma e

que por isto podía ser considerada como un instrumento de ordenación rexional.

Dous son os principios básicos que deben inspirar unha reforma da actual demarcación xudicial:

a) Que a adscripción de partidos xudiciais debe facerse tendo en conta as áreas de influencia urbanas existentes na nosa comunidade autónoma.

b) Que na elección da cidade cabeza de partido, e do partido xudicial correspondente, deberá terse en conta a necesidade de estruturar convenientemente a rede urbana e de reforzar a autoridade de certos núcleos co fin de convertelos en capitais supracomarcais, organizadoras dos servizos xudiciais que han de prestarse na súa área circundante.

En Galicia existe un mapa comarcal que distribuíu o territorio en 53 comarcas resultantes (Decreto da Xunta de Galicia 65/1995), que teñen evidentes similitudes, aínda que sen coincidir, cos 47 partidos xudiciais creados no seu momento. Existe acordo ao sinalar a demarcación xudicial coma a orixe histórica da comarcalización galega.

Sobre estas premisas as reformas de organización e xestión da administración de xustiza pasan a constituír unha das principais apostas das axendas de reforma no noso país.

No ámbito desas medidas de carácter organizacional, a redefinición dos territorios da xustiza e da estrutura da organización xudicial son cuestións centrais do debate sobre o sistema de administración da xustiza, inducidos por varios factores, en especial, pola non coincidencia cos procesos de desenvolvemento socio-económico e mutación do territorio o que provoca asimetrías na prestación xudicial.

O desenvolvemento das novas tecnoloxías da información e da comunicación, así como das redes viarias, promovendo a accesibilidade entre distintos territorios, contribúe a promoción do debate sobre unha nova organización territorial da xustiza, permitindo superar as asimetrías existentes na prestación xurisdiccional.

Na análise da experiencia comparada (Francia, Holanda, Austria, Noruega, Suecia e Alemaña), a tendencia xeral diríxese no sentido dunha maior concentración da oferta xudicial.

Por razóns de eficacia, pero tamén de calidade da xustiza, considérase que os modelos organizativos territorialmente dispersos que contribúen nunha excesiva atomización deben ser abandonados. Isto implicaría, no noso caso, a creación dunha nova matriz territorial, máis alongada en relación o actual modelo, que permitira obter os beneficios nunha escala maior proporcionando maior flexibilidade na xestión dos recursos humanos e materiais e na xestión do fluxo procesual. Este modelo de concentración debe ser compatible cunha xustiza de proximidade, o que se consegue coa vertebración do territorio mediante as correspondentes redes viarias, xa que no caso contrario agravaríanse os “custos” da cualificación de comarca interior.

Tamén sería importante adoptar o principio de coincidencia entre a división xudicial e a división administrativa do territorio, o que facilitaría a articulación entre o sistema de xustiza e os servizos da Administración que proporcionan os medios auxiliares á xustiza e teñen mapas territoriais propios.

Nas últimas décadas Galicia experimentou, como consecuencia da expansión do proceso de urbani-

zación, unha forte secuencia de transformación das estruturas socioeconómicas e territoriais preexistentes. Estas dan como resultado a formación dun modelo de organización espacial dual entre un eixo litoral, o eixo atlántico, densamente urbanizado, onde se concentra a poboación e a puxanza económica, e un interior de carácter rural compartimentado en comarcas. O desenvolvemento urbano e funcional das áreas rurais dá como resultado a formación de áreas de influencia de carácter supramunicipal que se corresponden con comarcas funcionais. Estas superpóñense as tradicionais comarcas coma pezas básicas da articulación do territorio de Galicia.

Esta realidade dual provoca asimetrías na prestación xurisdiccional e debe ser tida en conta para fixar a nova demarcación territorial. En concreto, o eixo urbano-litoral é un espazo de elevadas densidades demográficas onde se establecen procesos de metropolitanización e suburbanización en torno as cidades de Vigo, Pontevedra, Santiago, A Coruña e Ferrol. Sobre esta franxa espacial concéntrase a maior actividade empresarial e económica da comunidade autónoma. Fora deste eixo, as provincias de Lugo e

Ourense estrutúranse territorialmente a partir das respectivas capitais provinciais e polos diversos subsistemas comarcais organizados en torno a unha vila cabeceira.

Pola súa banda, as comarcas funcionais son un subsistema de asentamentos que depende funcionalmente dun núcleo central cabeceira no que se localizan actividades comerciais e de servizos con capacidade para cubrir as necesidades principais da poboación da súa contorna.

Esta circunstancia, propiciada polo proceso de urbanización, orixina que a concepción da comarca natural como espazo homoxéneo dende o punto de vista dos compoñentes visibles da paisaxe perda vixencia a favor das comarcas funcionais, medidas a partir da influencia dos núcleos urbanos que podan, ou non, coincidir cos límites dunha comarca natural. Na atracción exercida por estas cabeceiras pesa de maneira decisiva factores como a accesibilidade de cada núcleo, o nivel de servizos que subministra, o seu papel como centro comercial e económico da zona e a concentración de actividades terciarias (xustiza, ensinanza, sanidade, ocio, banca, comercio).

A creación de órganos xudiciais nestas áreas metropolitanas, aglomerados urbanos de media e pequena dimensión e nas comarcas funcionais debera ter en conta un conxunto de criterios.

Estes parámetros serían a poboación, atendendo o número de habitantes, a perspectiva do seu crecemento e a distancia en tempo desta poboación respecto dos centros cabeceira de prestación de servizos; o volume de asuntos que soporta o órgano xudicial; a complexidade destes; as redes de comunicación existentes; a situación xeográfica e económico-empresarial da circunscrición e os edificios dispoñibles ou de nova creación para a instalación dos órganos xudiciais xunto coa posibilidade de acceder o sistema de xustiza a través das novas tecnoloxías.

Unha realidade de este tipo cuestionaría incluso a actual división provincial, pois é sabido que como consecuencia das novas redes de comunicación determinados núcleos de poboación atópanse agora mellor comunicados con Santiago de Compostela que coa súa capital de provincia (por exemplo, Lalín ou A Estrada). Isto significa que a poboación destes núcleos urbanos reside a menos de media hora dos

centros de prestación de servizos públicos da capital de Galicia.

A planificación estratéxica e a ordenación urbana precisan dun novo modelo territorial máis moderno que non siga a desenvolverse atendendo aos vellos límites administrativos dos municipios e das provincias, amplamente superados.

Para este cambio contribuíron decisivamente as profundas alteracións do territorio no que respecta a rede viaria, con enormes logros de accesibilidade interrexional e interurbana.

Baste dicir, a título de exemplo, que a actual posta o día ferroviaria que impulsa o PEIT (Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte) no conxunto de España para o horizonte de 2020 configuraríase como un excelente marco no que colocar unha estratexia centrípeta, urbana e supramunicipal do mapa xudicial, que permitiría definir un anel de cidades e áreas funcionais metropolitanas perfectamente conectadas para o tráfico de persoas, permitindo a delimitación de ámbitos de planificación e xestión xudicial que recoñezan tanto as novas dinámicas xa existen-

tes como as estratexias de desenvolvemento social e territorial que se queren impulsar.

Así, para unha velocidade media ferroviaria de 200 km./h, tódalas áreas urbanas (A Coruña-Compostela, Compostela-Vigo, Vilagarcía-Tui, Pontevedra-Ourense, Ourense-Lugo, Lugo-A Coruña, etc.) quedarían situadas unhas das outras a tempos medios inferiores os 30 minutos.

De cumprirse estas previsións posibilitaríase a configuración, en Galicia, dun mapa xudicial de servizos modernizado e posto ao día para as necesidades territoriais do século XXI.

III. CONCLUSIÓN

As asimetrías socioeconómicas, demográficas e de redes de comunicación obrigan a repensar profundamente o actual modelo de organización territorial da xustiza para dotalo dunha oferta institucional diferenciada que teña en conta non só o volume e a natureza dos litixios, senón tamén as características sociais e económicas dos lugares aos que afecta.

A reorganización territorial do noso sistema de xustiza non pode facerse de forma illada, debendo quedar integrada nunha axenda máis ampla de reforma que debe ter como obxectivo mellorar a eficiencia e a calidade da administración de xustiza.

Neste senso, a reforma do mapa xudicial debe articularse con outras reformas do sistema xudicial, concretamente con reformas procesuais, reformas no sentido da modernización tecnolóxica e organización dos tribunais e coa introdución de métodos alternativos para a resolución dos litixios.

Este é pois o reto, superar o actual modelo decimonónico atomizado, asimétrico e descoordinado de demarcación xudicial e substituílo por un modelo territorial definido a partir da nova matriz territorial resultante da división da comunidade autónoma en áreas metropolitanas, áreas urbanas e comarcas funcionais que constitúan unha referencia operativa e sociolóxica non só para a Administración de Xustiza, senón tamén para todas as administracións públicas, incluídos os servizos auxiliares dos tribunais (forenses, Imelga...).

Neste senso, unha reforma moderna, con potencialidade para servir a nosa comunidade autónoma, aos cidadáns e a realidade económico-empresarial debe ter como horizonte unha perspectiva temporal suficientemente ampla que non poida quedar reducida a unha simple media decena de anos.

Dun tempo a esta parte algún sector social minoritario, que logo foi secundado por unha parte da clase política, vén de presentar un discurso público con relación á lingua galega cuestionable dende o punto de vista xurídico á luz dos principios e valores que informan a Constitución (CE) e o Estatuto de Autonomía de Galicia (EAG).

Sostén alguén que a liberdade individual que nos asiste a cada persoa é atributo que ten que nos permitir escoller o idioma en que queiramos falar e actuar, sen que –singularmente o poder público– nos poda impoñer naquel no que debemos facelo. Esta liberdade, que denominan de opción lingüística, proxéctana especialmente no eido do ensino, aínda que nos últimos tempos están ensaiando a súa aplicación no eido da función pública. Varias cousas débense comentar a esta cadea de siloxismos, pois baixo o aparentemente impoluto razoamento omítense circunstancias que impiden chegar ás conclusións que pretenden os promotores desta nova filosofía lingüística.

A liberdade individual como maior atributo do ser humano logo da vida abre nesta materia un discurso

que seduce a todo o mundo, porque todos estarán de acordo en que nada debe haber que coarte a capacidade de autodeterminación das persoas. Neste sentido, o sistema constitucional asenta un dos seus piares na garantía dun réxime de liberdades, o que arraiga aínda máis o discurso dos que empregan esta bandeira. Ocorre sen embargo que o mundo onde se toman as decisións, onde se fan as escollas entre opcións, non é unha formulación teórica na que a decisión estea desprovista de factores condicionantes, distorsionantes ou mesmo impeditivos do que en cada momento sexa obxecto da elección. Velaquí o enfrontamento entre dous mundos, o do ser e o do deber ser. No segundo hai unha descrición idílica das cousas, mentres que no primeiro se toma en consideración como son realmente. Por iso, a formulación da hipótese dunha liberdade de elección de lingua, a toma de decisión e posición sobre que lingua empregar, se ben en termos abstractos pódese enunciar sen ter en conta a realidade, para o seu ensaio social ten que ser vista non dende unha perspectiva de laboratorio, senón tendo en conta o mundo, a sociedade en que esa liberdade se presenta. Sexamos honestos e contextualicemos os siloxismos

sobre a liberdade individual, neste caso aplicados a postulados lingüísticos en determinados sectores da vida pública.

Para que un suxeito poida tomar unha decisión entre varias opcións que se lle presenten, ten que ser libre para facelo. É dicir, non pode ter máis razóns nin máis presións para decidir que as que en cada momento lle dite a súa propia conciencia. Para que se dean as condicións de liberdade para escoller a lingua que se quere falar, cómpren dous requisitos, un de carácter obxectivo e outro subxectivo.

O obxectivo consiste en que se dean os elementos fácticos que permitan ao suxeito optar por unha ou outra lingua, e que están constituídos polo coñecemento suficiente destas, como para desenvolverse nelas, o que se denomina competencia lingüística. É obvio: só pode escoller falar un dos dous idiomas quen coñece os dous. Se só coñecemos un non somos libres, porque non podemos escoller entre cousas distintas. Só teríamos unha opción: a única lingua que coñecemos. Polo tanto, non se pode falar aquí verdadeiramente de liberdade para escoller. Non somos libres porque non podemos escoller.

O requisito subxectivo só se pode analizar cando concorre o obxectivo. Partindo desta base, a segunda condición implica que para a toma da decisión non pode haber factores ambientais que distorsionen ou condicionen o proceso ben de formación da vontade, ben da súa execución. Ambos os dous son vicios no exercicio do dereito, que se producen en momentos diferentes, pero que nacen no interior do suxeito. O vicio na formación da vontade é aquel no que as premisas que escollemos para decidir fundámentanse a partir de conceptos aprendidos que se asocian a experiencias individuais ou sociais negativas –incluso carentes de xustificación e aínda que non sucedesen na realidade–: os prexuízos. Pode aínda suceder que o suxeito decidise optar nun determinado sentido, pero exteriorice a súa vontade en sentido distinto (oposto) polo temor ao rexeitamento social da exteriorización da súa conduta. En ambos casos o resultado é o mesmo: desaparece a posibilidade de elección, porque entran variables externas que vician con carácter esencial a escolla. Polo tanto non se pode falar de liberdade ao caremos de parámetros que nos permitan escoller en igualdade de condicións. Se trasladamos a análise ao

campo da elección lingüística, ambos defectos –na formación ou exteriorización da vontade– responden ao concepto de diglosia. Nótese que para existir esta situación ten que concorrer previamente o elemento obxectivo: coñecemento suficiente de dúas linguas que permita iniciar un proceso de reflexión interno que desemboque na opción por unha delas.

En definitiva, para escoller libremente que lingua empregar temos que:

- a) posuír competencia lingüística en ambas linguas, e
- b) carecer de prexuízos persoais e presións sociais que condicionen a liberdade da nosa elección.

O enxergado ata este momento é predicable de calquera sociedade onde estean presentes dúas ou máis linguas, calquera que sexa a causa anterior da situación actual. Cómpre agora preguntarse se na sociedade galega se dan as condicións para unha escolla libre de lingua: é dicir, se os individuos que a forman teñen competencia lingüística en ambas linguas coexistentes e se forman a súa vontade de falar unha ou outra sen prexuízos e sen presións ambien-

tais. A tarefa que temos por diante é pois descritiva, do que se encarga a sociolingüística.

Como sería un atrevemento e un intrusismo pola miña parte tirar as miñas propias conclusións sobre a situación das linguas en Galicia, acudirei aos organismos encargados do seu estudo. Todos eles constatan varias situacións: a xente máis maior carece na súa meirande parte de competencia lingüística para ler ou escribir correctamente en galego (cosa que non sucede co castelán), incluso entre os que son galegofalantes e entre os segmentos máis novos da poboación, se ben a competencia para ler e escribir en galego é maioritaria, existe unha crecente deficiencia na competencia para a expresión oral dos que non son falantes habituais de galego, moi numerosos sobre todo nas contornas urbanas. Quebra con esta diagnose a concorrencia da primeira das premisas para a elección libre: o coñecemento axeitado de determinados grupos de poboación de ambas as linguas (en concreto do galego), polo que realmente non van poder exercer o seu dereito a escoller en que lingua falar ou escribir sinxelamente porque non o saben facer correctamente.

Pero é que ademais todos os estudos revelan unha tendencia constante á baixa no número habitual de persoas que empregan unha das linguas, o galego, e como en determinadas situacións sociais incluso sendo habituais galegofalantes cambian de lingua, o que obxectiviza unha anomalía, consistente no des-terro do emprego do galego nese contexto social, ao tratar con determinadas persoas en determinados lugares. Isto evidencia un temor ou un prexuízo na toma de decisión sobre o emprego da lingua neses contextos, o que vicia o exercicio do dereito, fai que a decisión que se toma sobre o emprego dunha ou outra lingua non sexa libre, estea presidido por prexuízos internos ou presións ambientais, ambas manifestacións de diglosia. Estes factores explican tamén a progresiva perda de transmisión xeracional da lingua, pois fálaselles aos nenos na que os pais consideran que van ter menos problemas para se desenvolver socialmente. A constatación desta situación fixérona organismos independentes, procedentes de distintas institucións e a súa diagnose foi asumida por todo o espectro político galego, logo dun amplo traballo de consulta, de xeito que ningún colectivo civil ou político con relevancia social ficou

excluído da análise e foi vontade política unánime dar forma de norma xurídica ao Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega, tanto á diagnose coma ao tratamento, evidenciado nunha serie de medidas tendentes a inverter a situación, para acadar que os cidadáns/as que compoñen a sociedade galega podan escoller con liberdade a lingua na que desexen falar.

Así pois no mundo real non se dan as condicións nin obxectivas nin subxectivas para que os individuos podan optar con liberdade que lingua queren empregar, en concreto non se dan para que podan escoller libremente o galego. E daquela, que? A CE di que vivimos nun Estado social e democrático de Dereito, o que implica que nos dotamos dun sistema de dereitos e liberdades que nos permite ser un pouco máis felices. Pero as declaracións de dereitos, se non se traducen en feitos, non valen de nada. De que serve a proclamación do dereito á saúde se non hai hospitais? E a educación sen escolas? O poder público non se pode limitar a enunciar dereitos, ten que crear as condicións para que estes se podan facer efectivos.

Doutra banda, non esquezamos que nunha sociedade como a galega, que vén caracterizada pola existencia de dúas linguas oficiais (art. 5 EAG), o dereito que asiste aos cidadáns a se desenvolver en calquera delas non queda garantido se estes non poden escoller con liberdade falar unha ou outra, o que os fai desiguais, e cautivos dunha desigualdade non xustificada e polo tanto arbitraria, que non debe ser consentida polo poder público, posto que a nosa CE proclama o principio de igualdade de todos os cidadáns ante a Lei (art. 14 CE), e se temos unha parte da sociedade que non pode optar polo seu dereito a optar por unha das linguas oficiais, o galego, ben por descoñecelo, ben por medo ás consecuencias ambientais do seu uso, quebra o principio de igualdade ante esa lei, que recoñece un dereito que non todos están en condicións de exercitar.

Vemos pois que o exercicio do tan predicado ultimamente dereito de opción lingüística tropeza na realidade coa dificultade de escoller con liberdade a lingua e a desigualdade que fronte ao exercicio dese dereito se evidencia entre aquela parte da cidadanía que si pode optar e a que non pode.

Como se dixo, que España sexa un Estado social e democrático implica que non pode quedar indifereante ante estas situacións de desigualdade e falta de liberdade, manifestadas na imposibilidade de elección libre de lingua. Por isto mesmo o art. 9.2. CE establece que “Corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas; remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”. Esta cláusula, fundamental para o Estado social, situada no Título Preliminar da CE, obriga aos poderes públicos a actuar cando os cidadáns, individual e colectivamente, non poden acadar as condicións que lles permita ser realmente libres e chámaos para arrombar coas desigualdades persoais e sociais. E todo isto, como principio fundamental de lexitimación da acción do poder público, que existe precisamente para acadar mediante o goberno e os medios de todos que ningún quede excluído da efectividade dos dereitos que se lle recoñecen, tamén os lingüísticos.

Dado que o exercicio dos dereitos lingüísticos non está no mundo da realidade garantido polas razóns expostas para o galego (falta de competencia e prexuízos ou presións sociais) cae sobre o poder público o deber de remover as condicións para que a liberdade e igualdade dos cidadáns para falalo sexa equiparable á do castelán. E isto significa necesariamente unha política de fomento cara a lingua galega, de discriminación positiva, favorecedora, premiadora e acolledora deste idioma en ámbitos denantes non vehiculizados en galego, o que se denomina tecnicamente normalización lingüística. Supón isto unha quebra do principio de igualdade en relación ao castelán? En ningún modo, porque o que prohibe a CE é a discriminación arbitraria, que se realizasen políticas públicas que levasen a unha inxustificada desigualdade de trato: pola contra avala a interpretación de que hai que tratar igual o que é igual e desigual o que é desigual. Por esta razón se explica a constitucionalidade de normas que protexen e priman aos máis débiles, dende o punto de vista individual e colectivo: porque non están en igualdade de condicións que os demais, e cómpre favorecelos. Coas medidas de fomento da lingua galega sucede

igual: están xustificadas porque tratan de superar a situación de desigualdade dos cidadáns á hora de escoller en cal das linguas oficiais desenvolverse. Por iso as leis de normalización lingüística, as subvencións ou os tratados internacionais que ratificou o Estado son conformes coa CE: porque esta recoñece non só que se pode, senón que se debe apoiar e discriminar positivamente ao galego. E cal é o límite: que ambas as linguas oficiais estean en igualdade de condicións. No caso galego, á vista dos datos de sociolingüística, remataría o día en que toda a poboación teña plena competencia lingüística tanto lectoescrita como oral en ambas as linguas, e cando estean desterrados dos individuos os prexuízos de selección de idioma en función do contexto social no que se desenvolvan.

Por estas razóns aquelas persoas, colectivos e partidos políticos partidarios da liberdade de opción lingüística deben apoiar vehementemente as medidas de fomento do galego e, tendo en conta a evolución sociolingüística de Galicia, deben poñerse á fronte da reivindicación perante os gobernantes de maiores medidas de promoción, para acadar que todo o

mundo, e non só os que queren falar castelán, teñan liberdade para facelo. Ese día toda a cidadanía poderá proclamar que ten liberdade, tamén lingüística.

Índice

| | |
|-----|---------------------------|
| 7 | Prólogo |
| 13 | Datos biográficos |
| 29 | Estudo |
| 83 | Prensa |
| 103 | Colaboracións |
| 105 | Cándido Conde Pumpido |
| 111 | Luís García Mañá |
| 115 | Xosé Antón Gómez Segade |
| 131 | Xosé González Martínez |
| 143 | Gonzalo Jar Couselo |
| 159 | Xoaquín Monteagudo Romero |
| 169 | Benito Montero Prego |
| 185 | Xesús Palmou Lorenzo |
| 195 | Carlos Varela García |
| 215 | Luís Villares Naveira |

Este libro rematouse de imprimir no mes de xuño de 2009,
décimo cabodano do pasamento de
Daniel García Ramos,
e presentouse no acto promovido pola
Irmandade Xurídica Galega,
celebrado no Salón Nobre de Fonseca
da Universidade de Santiago de Compostela,
o día 20 do mesmo mes.